




Guía coeducativa para os centros escolares de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Presentación

Coeducar significa educar ás persoas á marxe de todos os roles e estereotipos de xénero que a sociedade nos impón. Coeducar implica facilitar as mesmas oportunidades para todas as persoas e evitar que se inculquen ideas que impidan a igualdade entre mulleres e homes. O principio da coeducación debe de estar presente en todos os elementos do sistema educativo e da sociedade. A través da coeducación recoñecemos as diferenzas entre homes e mulleres e impedimos que estas diferenzas sexan a orixe de relacións desiguais e de dominación dun sexo cara ao outro (case sempre dos homes cara as mulleres).

Coeducar consiste en educar en igualdade dende a diferenza, tendo en conta todos os aspectos que se consideran positivos e necesarios para a formación dunha persoa á marxe do seu sexo.

Da responsabilidade de educar sen prexuízos a nenas e nenos somos responsables todos, as nais e os pais, a sociedade e a administración.

O Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido en materia de igualdade indica no artigo 17: *“A xunta de Galicia adoptará dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres como aos homes, unha educación para a igualdade”*

O VII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2017-2020, no capítulo 2 “Áreas estratéxicas para a igualdade”, establece cinco áreas de actuación importantes. A primeira é “Igualdade na educación nos valores” cun obxectivo claro: impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións.

A Secretaría Xeral da Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicaron o I Plan de Actuación para a Igualdade nos Centros Educativos 2016-2020. Este plan pon á coeducación na axenda da Administración educativa para a erradicación dos estereotipos que perpetúan as desigualdades entre mulleres e homes.

O plan galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 define como obxectivo estratéxico avanzar na coeducación para eliminar roles e estereotipos de xénero que repercuten na histórica división sexual do traballo e perpetúan a desigualdade na asunción das responsabilidades domésticas e familiares por parte de mulleres e homes.

É necesario que a coeducación se converta na columna vertebral da educación das nenas e dos nenos en todas as etapas educativas. É necesario cambiar cara unha ensinanza coeducativa, onde os roles e os estereotipos de xénero queden á marxe e consigamos que o noso alumnado poida educarse libre de ataduras dos mandatos de xénero.

O Consello Galego das Mulleres, como órgano de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade considerou necesario seguir traballando neste camiño. Esta Guía Coeducativa, que naceu do consenso no consello, pretende dar pautas e servir de referente ao profesorado de Galicia nesta escola coeducativa. Achega numerosos exemplos, conceptos e actividades para educar en igualdade ao alumnado de todas as etapas educativas: infantil, primaria e secundaria.

Cómpre seguir traballando e apostando pola coeducación como o camiño que nos conduce cara unha sociedade libre de estereotipos de xénero, sen discriminacións, non sexista e na que consigamos erradicar a violencia cara ás mulleres. Unha sociedade onde a igualdade de oportunidades para mulleres e homes sexa real e efectiva. Espero que esta guía vos axude e vos dea pautas neste camiño coeducativo e así poidamos conseguir entre todas e todos unha sociedade mais xusta, libre e igualitaria.

Susana López Abella
A Secretaria Xeral da Igualdade

Introdución

A escola, desde a etapa de educación infantil, constitúe o xerme da aprendizaxe, da interiorización de valores e de condutas relacionadas co respecto á diversidade. Este é sen dúbida o lugar idóneo para promover a igualdade entre mulleres e homes, posto que, se educamos en igualdade unha xeración de galegas e galegos, conseguiremos transmitirle estes valores á seguinte xeración. A educación é a semente da igualdade. As persoas que no futuro se dediquen á educación, á publicidade ou á lexislación, entre outros ámbitos, non só traballarán en igualdade, senón que tamén a promoverán, o que garante a súa transmisión á sociedade.

O camiño para acadar unha sociedade máis igualitaria entre mulleres e homes pasa por incluír a educación en igualdade en todas as etapas educativas. Apostar pola coeducación é apostar por unha sociedade máis igualitaria entre mulleres e homes. En definitiva, unha sociedade mellor para toda a cidadanía.

A presente guía é o primeiro paso para acadar esta igualdade entre mulleres e homes na sociedade galega. Mediante a súa posta en práctica, o profesorado de Galicia poderá educar en igualdade o alumnado de infantil, primaria e secundaria. Dividida en tres capítulos centrais, o primeiro ten como obxectivo sensibilizar ante o sexismo presente na sociedade e na escola; o segundo trata de responder a pregunta que se fan as persoas que queren educar en igualdade: como levo a igualdade á miña aula?; e o terceiro céntrase na educación emocional e a coeducación afectiva como ferramenta para erradicar e previr a violencia de xénero na nosa sociedade.

Cada capítulo acompáñase de pautas de tratamento para levar a educación en igualdade ás aulas; de actividades con solucións para que o profesorado asimile os coñecementos expostos; e de tarefas de reflexión para que profunden na análise sobre o que acontece nas súas aulas. A guía tamén contén actividades para erradicar os prexuízos sexistas e educar en igualdade o alumnado de educación infantil, primaria e secundaria de Galicia.

Por último, co fin de que o profesorado poida programar novas tarefas para traballar a educación en igualdade co seu alumnado, engádesse unha ficha de deseño de actividades, así como unhas rúbricas de avaliación para o profesorado e o alumnado que permiten valorar tanto o deseño como a aplicación das tarefas coeducativas.

Índice

Presentación	3
Introdución	7
I. Sexismo na sociedade e na escola	11
Conceptos clave	12
As nenas e os nenos non nacen, fanse	27
Transmisión de estereotipos nos centros educativos	29
Escola segregada, mixta e coeducativa	32
Actividades para o profesorado	39
para o alumnado	41
Bibliografía.....	52
II. Educar en igualdade na aula	55
Currículo formal, oculto e omitido.....	55
Materiais didácticos coeducativos.....	58
Linguaxe inclusiva.....	65
Contos coeducativos.....	67
Xogos e xoguetes coeducativos.....	73
Pacios coeducativos.....	77
Educación Física coeducativa	79
Orientación coeducativa.....	83
Actividades para o profesorado	91
para o alumnado.....	93
Bibliografía.....	130
III. Coeducación afectiva desde o ámbito educativo	133
Dos conflitos ás violencias.....	134
A violencia de xénero no ámbito escolar	135
Prevención da violencia de xénero no ámbito escolar.....	138
Violencia de xénero a través das TRIC´s e as redes sociais	140
Prevención da violencia de xénero a través das TRIC´s e as redes sociais	143
Educación afectiva na práctica docente	148
Da masculinidade tradicional ás novas masculinidades igualitarias	149
Autoestima nas rapazas.....	150
Socialización diferencial do amor	152
Violencia de xénero na parella adolescente	156
Prevención da violencia de xénero na parella adolescente desde o ámbito educativo	161
Actividades para o profesorado	165
para o alumnado	169
Bibliografía.....	188
Recursos.....	190
Anexos	193

I. Sexismo na sociedade e na escola

Dado que a sociedade actual é sexista, tamén o é a escola. Os centros escolares son reflexo dunha sociedade en que se promoven diferentes roles para mulleres e homes. A escola está composta polo alumnado e o profesorado, pero tamén polo ámbito social das nenas e dos nenos, principalmente a familia: isto implica que o alumnado trasladará á escola os estereotipos sexistas que perciben no seu contorno.

O sexismo defende que os homes son superiores ás mulleres e por iso teñen uns dereitos, prerrogativas ou privilexios meirandes. O sexismo determina a discriminación en todas as áreas da vida e actúa como un factor que limita o desenvolvemento educativo, profesional e psicolóxico da persoa.

Hoxe en día, as mulleres ocupan unha inferior posición social na distribución xerárquica nos espazos públicos e privados da sociedade. Ao comparar o número de homes e mulleres en representatividade de cargos de autoridade, salario ou pensións, apréciase que elas ocupan menos cargos directivos en proporción, gañan menos diñeiro e cobran pensións máis baixas ca eles.

Ao longo do tempo, moitas foron as explicacións e xustificacións que se deron acerca das tarefas que deben ou non realizar as mulleres; do seu sometemento á autoridade dos cónxuxes; do seu limitado poder de decisión en diferentes ámbitos; da falta de control sobre o propio corpo; ou do seu acceso á educación. Todas elas trataban de xustificar as diversas manifestacións da violencia sexista.

O sexismo é o conxunto de discriminacións exercidas sobre as mulleres en función do seu sexo. Supoñamos que nunha empresa hai unha vacante nun posto de xerencia. O responsable do proceso de selección, fronte a un home e unha muller que dispoñen das mesmas aptitudes, decántase polo home ao considerar que as mulleres non teñen capacidade de liderado porque son débiles e demasiado sensibles. A empresa, desta maneira, demostra o seu sexismo, posto que exerce unha discriminación contra a muller polo feito de selo.

Na actualidade sabemos que o sexismo non só se basea na anatomía do corpo humano, senón tamén en cuestións de simbolismo social, como é o xénero. Debido a este proceso de socialización, as persoas contan con ideas preconcebidas sobre os roles que as mulleres e os homes deben realizar; así, xéranse estereotipos do que se supón que cada persoa debe facer de acordo co seu sexo.

As persoas que conforman a sociedade teñen que ter en conta que non todas as mulleres desexan ser nais nin todos os homes queren ser provedores, que non todas as mulleres relegan a súa vida profesional nin todos os homes antepoñen esta á súa vida persoal. A gran maioría das persoas son educadas de maneira sexista, ata o punto de que chegan a comportarse de xeito sexista sen incomodarse ou co convencemento de que é adecuado facelo, ou que simplemente sempre foi así, coma se o sexismo fose innato ou inevitable.

En realidade, o sexismo non é innato e, por suposto, é evitable, sempre e cando se eduque en igualdade a toda a sociedade. Este capítulo trata de sensibilizar o profesorado e a comunidade educativa sobre o sexismo presente na sociedade e na escola, así como sobre a importancia de erradicalo, posto que constitúe a base da desigualdade entre mulleres e homes. Para comprender este fenómeno social, é preciso dotarse dunha serie de conceptos clave relacionados co proceso de socialización diferencial que experimentan mulleres e homes e a consecuente transmisión de estereotipos de xénero na sociedade e na escola.

Conceptos clave

Antes de comezar esta viaxe pola posta en práctica da educación en igualdade, é preciso coñecer unha serie de conceptos teóricos previos que axuden a comprender o fenómeno da igualdade e sensibilizar o profesorado sobre a necesidade de levala ás aulas. A seguir, presentamos un percorrido cunha serie de termos que abranguen o androcen-trismo; o patriarcado; a dicotomía sexo-xénero; a identidade sexual; a identidade de xénero e a orientación sexual; os estereotipos e os roles de xénero; a violencia de xénero; o machismo e o feminismo; a igualdade; a conciliación da vida persoal, familiar e laboral; a corresponsabilidade; a ética do coidado; a empatía; o apoderamento; a sororidade; e a coeducación.

Que é o androcen-trismo?

O androcen-trismo é a práctica, consciente ou non, de outorgarlle ao home e ao seu punto de vista unha posición central no mundo, na sociedade, na cultura e na historia.

É unha visión do mundo que sitúa o home como o centro do Universo, como a medida de todas as cousas, como o único observador válido de canto sucede no noso mundo, como o único capaz de ditar leis, o único capaz de impoñer a xustiza, o único capaz de gobernar. Esta concepción da realidade parte da idea de que a mirada masculina é a única posible e universal, polo que se xeneraliza para toda a humanidade, sexan homes ou mulleres.

Desde unha perspectiva androcéntrica, os homes constitúen o suxeito de referencia e as mulleres quedan excluídas. Un exemplo pódemolo observar na maioría das escolas, que transmiten a historia da humanidade e os seus logros como asuntos dos «homes». As materias de Historia, Matemáticas ou Lingua e literatura parten dunha visión androcéntrica, posto que transmiten a idea dun mundo feito por e para os homes e non para o resto da humanidade. As pegadas de identidade e cultura están representadas por categorías masculinas, coma se as mulleres non fixesen contribución ningunha á historia da humanidade. Esta invisibilidade da muller discrimínala e deixa as nenas sen referentes femininos en que reflectirse.

Que é o patriarcado?

O patriarcado é un sistema de organización social rexido por unhas relacións xerárquicas segundo as cales os homes teñen unha posición de superioridade con respecto das mulleres en relación ao acceso e ao uso dos recursos existentes.

O patriarcado é unha característica común a todas as sociedades que implica situacións de dominación e incluso de explotación, ao tempo que supón un repartimento desigual nos eidos político, económico, relixioso e militar, nos que os cargos relevantes se atopan na súa maioría en mans dos homes.

Non importa se te encontras en México, España ou Finlandia; o patriarcado non entende de fronteiras e todas as mulleres sofren desigualdades polo mero feito de ser mulleres. Violencia sexual ou física, feminicidios, fenda salarial, baixa representación en postos directivos, maior taxa de desemprego, acoso laboral por razón de sexo ou cousificación da muller son algunhas das desigualdades que as mulleres sofren como consecuencia do sistema patriarcal en todo o planeta.

Que diferenza hai entre sexo e xénero?

O **sexo** é o conxunto de diferenzas sexuais entre mulleres e homes, como poden ser as anatómicas e fisiolóxicas; é dicir, as que se basean nas características biolóxicas.

O sexo é unha categoría que non cambia ao longo da historia nin se diferencia dun lugar xeográfico a outro. Algúns exemplos son: ter ovarios ou testículos, ter ou non ter barba, ter ou non ter mamas ou posuír diferentes sistemas hormonais.

O **xénero** é o conxunto de diferenzas culturais, sociais, de valores e, en xeral, aquilo que determina que existan diferentes roles atribuídos a unhas e a outros.

Estas diferenzas cambian ao longo da historia da humanidade e tamén difiren dunhas culturas a outras, como, por exemplo, o feito de levar unhas determinadas prendas de vestir ou de estudar certas disciplinas. En Arabia Saudí, por exemplo, ata xuño de 2018 as mulleres non podían conducir e este era un dereito de que só gozaban os homes. En España, a primeira muller mineira foi a asturiana Concepción Rodríguez Valencia, e este logro non se conquistou ata o ano 1996.

Así, a capacidade de dar o peito é unha diferenza sexual, pero a idea preestablecida de que lle corresponde á muller, e non ao home, darlle o biberón a un pequeno é unha diferenza de xénero.

Teoría sexo-xénero

Sexo	Xénero	
Biolóxico	Cultural	
Diferenzas biolóxicas	Diferenzas culturais	
Estable	Cambiante	Épocas
		Culturas

Fonte: Instituto de la Mujer (2018).

Que diferenza hai entre identidade sexual, identidade de xénero e orientación sexual?

A identidade sexual, a identidade de xénero e a orientación sexual son partes fundamentais na constitución das persoas. Aínda que estes tres conceptos se atopan asociados entre si, son diferentes.

A **identidade sexual** é o sexo biolóxico que se nos outorga ao nacermos, normalmente cando se interpretan os xenitais como masculinos ou femininos. Con todo, ás veces non resulta tan doado determinar se se trata dun neno ou dunha nena. A ambigüidade dos xenitais pode ser debida a varias causas (hormonais, alteracións durante o proceso do embarazo...), e nestes casos falamos de persoas intersexuais. Ademais dos órganos sexuais, tanto internos como externos, o sexo biolóxico tamén vén determinado polos cromosomas (XY para os homes e XX para as mulleres) e mais polas hormonas.

A **identidade de xénero** é o sentimento propio sobre o xénero; é dicir, as persoas poden recoñecerse nunha identidade feminina, masculina ou andróxina (con trazos tanto masculinos como femininos, sen que prevalezan uns sobre outros). Exprésase a través da aparencia, a forma de actuar, de relacionarse ou de sentirse.

Se a identidade de xénero e a sexual coinciden, denomínase persoa cixxénero. En cambio, se a identidade sexual e a identidade de xénero difiren —por exemplo, se unha persoa se sente home malia asignarlle ao nacer a categoría muller—, identificarase como persoa transxénero.

A orientación sexual é a tendencia cara a onde se dirixen o desexo e a atracción sexual: ten que ver con cara a quen sentimos atracción e con quen queremos ter unha relación afectivo-sexual. Entre as diversas orientacións sexuais, atopamos as seguintes:

- **Heterosexual:** persoa que sente atracción sexual por persoas do outro sexo.
- **Homosexual:** persoa que sente atracción sexual por persoas do seu mesmo sexo.
- **Bisexual:** persoa que pode sentir atracción e desexo por calquera sexo, indistintamente.
- **Asexual:** persoa que non sente atracción sexual.

Na combinación dos conceptos de identidade sexual, identidade de xénero e orientación sexual aparecen múltiples opcións, algunhas máis ou menos predominantes. Coñecelas permite ampliar a mirada e romper cos estereotipos de normalidade dun simplificador modelo binario tradicional que restrinxe moitas formas de sentir e estar no mundo. O coñecemento das diferentes realidades e o respecto polas distintas experiencias permiten construír unha sociedade máis acolledora, libre e feliz para todas as persoas.

Que son os estereotipos de xénero?

Os estereotipos de xénero son unha serie de ideas simplificadas e fortemente asumidas sobre as características e aptitudes que se lles atribúen ás mulleres e aos homes. Un exemplo de estereotipo de xénero é pensar que os homes, polo feito de selo, son máis racionais, decididos e competitivos, e que as mulleres son máis irracionais, indecisas e menos competitivas. Outro estereotipo é pensar que as nenas son máis boas e os rapaces máis trasnos. Entre os estereotipos máis comúns entre nenas e nenos está, por exemplo, cualificar unha nena activa como nerviosa e como inquieto un neno coas mesmas características; é dicir, no caso do neno, considérase como un trazo natural, pero no caso da nena, o atributo adquire un matiz negativo. Esta premisa repítese constantemente en multitude de exemplos que demostran como se cualifican de maneira negativa as rapazas por amosaren características que se consideran do outro sexo, é dicir, calidades «pouco femininas».

Comportamento	Se é nena	Se é neno
Activa	Nerviosa	Inquieto
Insistente	Testuda	Tenaz
Sensible	Delicada	Efeminado
Desenvolta	Groseira	Seguro de si
Desinhibida	Pícaro	Simpático
Obediente	Dócil	Débil
Temperamental	Histérica	Apaixonado
Audaz	Impulsiva	Valente
Introvertida	Tímida	Reflexivo
Curiosa	Preguntona	Laretas
Prudente	Axuizada	Covarde
Se non comparte	Egoísta	Protector do seu
Se non se somete	Agresiva	Forte
Se cambia de opinión	Caprichosa, voluble	Razoable

Fonte: Varela (2005).

Os estereotipos de xénero marcan a existencia das mulleres e dos homes e condicionan os seus gustos en xogos e deportes, as súas ex-

pectativas profesionais, as súas ocupacións e empregos...; de aí que existan profesións feminizadas ou masculinizadas, diferentes salarios e, en xeral, diferenzas no que respecta á súa maneira de vivir.

Reflexiona: e na túa aula? Observa os materiais producidos polo alumnado da túa aula e cuantifica as actitudes nas que aparecen mulleres e homes que responden a estereotipos convencionais.

Ver anexo 1: Ficha de actitudes masculinas e femininas estereotipadas.

A través da **socialización diferenciada**, as mulleres e os homes aprenden a incorporar valores e comportamentos da sociedade na que nacen. Este proceso de socialización é denominado «socialización de xénero» e ten dúas vertentes: unha colectiva, na cal as persoas, mulleres e homes, se adaptan ás expectativas que sobre elas e eles ten o resto da sociedade; e unha vertente individual, na que cada persoa perpetúa os roles e os estereotipos ao interiorizalos na súa vida e transmitírllelos ás seguintes xeracións.

Que son os roles de xénero?

Os roles de xénero son funcións sociais diferentes que se lles atribúen ás persoas segundo sexan muller ou home. Ás mulleres asígnanselles roles relacionados coas tarefas domésticas e o coidado das persoas. Pola contra, aos homes asígnanselles roles relacionados co ámbito público, como son o emprego remunerado e a participación en órganos de toma de decisións que afectan á sociedade.

O espazo público identifícase co ámbito produtivo, co espazo da actividade, onde ten lugar a vida laboral, social, política e económica. Ese é o lugar da participación na sociedade e tamén do recoñecemento. Trátase dun espazo asignado tradicionalmente aos homes. No lado oposto, atópase o espazo doméstico, o ámbito da inactividade laboral ou da actividade non remunerada, onde teñen lugar o coidado do fogar, a crianza, os afectos e a atención ás persoas dependentes. Trátase dun espazo asignado tradicionalmente ás mulleres.

Por último, está o espazo privado, que se relaciona co tempo propio, coa individualidade e o tempo que dedica cada persoa para si. Esta

parcela gózana sobre todo os homes, mentres que as mulleres tenden a dedicarlle máis tempo ao ámbito doméstico e a relegar ese espazo propio para elas mesmas. É preciso que as mulleres gocen na mesma medida que os homes dun espazo privado, pero para isto os homes deben asumir por igual as tarefas do ámbito doméstico, e as mulleres deben dedicar un espazo ás necesidades propias e persoais.

Reflexiona: e na túa aula? Observa os materiais producidos polo alumnado da túa aula e anota os roles e actividades nos que se representa os homes e nenos e os roles e actividades nos que se representa as mulleres e nenas.

Ver anexo 2: Ficha de roles masculinos e femininos estereotipados.

Que entendemos por violencia de xénero?

A violencia de xénero é todo acto de violencia baseado no xénero que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria da liberdade, e pode ocorrer tanto na vida pública como na privada.

O uso do concepto «violencia de xénero» é tan recente como o propio recoñecemento da realidade de maltrato das mulleres. O termo designa un tipo de violencia que sofren as mulleres polo feito de selo e que é exercida polos homes. Entre os factores máis determinantes para a aparición da violencia de xénero atópanse a desigualdade que afecta á posición das mulleres tanto nas relacións persoais como sociais e mais a existencia dunha cultura da violencia, que implica a aceptación da violencia na resolución de conflitos.

As ameazas, a coacción ou a privación da liberdade son manifestacións da violencia de xénero, así como calquera acto sen consentimento que atente contra a dignidade da muller. É dicir, as humillacións, as persecucións, a prohibición do exercicio dos seus dereitos (como, por exemplo, o acceso ao emprego, a facultade de tomar decisións sobre as propias amizades e sobre o contacto cos familiares, a elección da cantidade de fillas e fillos que se desexan ter) ou, en xeral, todo aquilo que atente contra o exercicio da súa liberdade como ser humano é tamén violencia de xénero.

A maior parte da sociedade entende que os asasinatos, as agresións

físicas ou as violacións son manifestacións da violencia de xénero, dado o seu carácter explícito, pero non se identifican como tales outras formas máis sutís, como a anulación, o humor, a linguaxe ou a publicidade sexista, que tamén son violencia de xénero. Estas manifestacións sutís da violencia de xénero reproducense no día a día, de tal xeito que é habitual escoitar chistes machistas como: «Muller ao volante, perigo constante». É preciso entender que todas estas formas, a pesar de seren menos apreciábeis ca a violencia física ou sexual, son igualmente violencia de xénero.



Fonte: Elaboración propia a partir de Pascual (2013).

Cal é a diferenza entre machismo e feminismo?

Hoxe en día é moi común escoitar a frase «Eu non son machista nin feminista». Esta expresión é errónea, porque as persoas identifican ambos os termos como contrarios, cando o que pretenden dicir é que están a favor da igualdade entre mulleres e homes. A que se debe esta confusión? Isto prodúcese porque non está clara a diferenza entre machismo e feminismo.

O **machismo** é unha actitude e maneira de pensar que sostén que os homes son superiores ás mulleres e maniféstase con actitudes de prepotencia e de paternalismo por parte dos homes cara ás mulleres.

O machismo engloba o conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento de conductas percibidas tradicionalmente como heterosexuais masculinas e, tamén, discriminatorias contra as mulleres. Por isto, tamén se considera que o machismo discrimina non só as mulleres, senón tamén outros grupos sociais percibidos como máis débiles, como é o caso de homes que teñen unha orientación sexual homosexual, o cal non é considerado «masculino» aos ollos da persoa machista.

O avance da muller en materia política, social e económica, así como en termos de igualdade e equidade de dereitos cos homes, fai que na sociedade actual se rexeite o machismo explícito. Deste xeito, xorden novos argumentos que parecen máis razoables, pero que manteñen a mesma lóxica machista de fomentar a subordinación das mulleres. Xorde así o termo **neomachismo**: segundo a política Amparo Rubiales, o neomachismo caracterízase polo medo á igualdade das mulleres, á súa autonomía e á súa independencia, e defínese como: «unha nova maneira de soste as posicións machistas de sempre, pero con novos contidos e discursos». Entre estes novos argumentos están o de equiparar o feminismo co machismo; o de declararse en contra da violencia de xénero, pero á vez cuestionar as medidas legais e xudiciais de protección das vítimas de violencia de xénero; ou ridiculizar e descualificar as mulleres que avogan pola igualdade.

E como se transmiten estas actitudes machistas a diario? Estas transmitense a través dos **micromachismos**. Tal concepto foi acuñado polo español Luis Bonino e alude a esas manifestacións sutís de exercicio do poder masculino no día a día que atentan contra a autonomía das mulleres. Aínda que se afastan da violencia física, perseguen os mesmos obxectivos que esta: garantir o control e perpetuar a distribución inxusta para as mulleres de dereitos e oportunidades. Que un home non se implique nas tarefas do fogar porque a muller o fai mellor é un micromachismo; que lle sirvan a un home a cervexa que pediu unha muller é un micromachismo; que unha profesora de mecánica sexa ignorada nunha reunión de departamento por ser muller é un micromachismo. Todos estes son exemplos de situacións habituais que, malia non incluír violencia física, constitúen accións violentas contra as mulleres.

Pola súa banda, o **feminismo** avoga pola igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Cristina Alberdi define o



MACHISMO

FEMINISMO



feminismo como un movemento político emancipador da metade da humanidade, de enorme potencial, que implica un cambio estrutural e que formula un novo contrato social, unha nova forma de convivencia na que mulleres e homes compartan o ámbito familiar en responsabilidade e dereitos, o ámbito laboral en acceso, promoción e remuneración, e tamén o poder político, económico e social.

Este movemento político, filosófico, social, cultural, científico e económico xorde no período da Ilustración, cando a igualdade e a súa relación coa cidadanía se formulan por primeira vez no pensamento europeo. A súa premisa parte do pensamento da concienciación sobre a desigualdade de dereitos das mulleres fronte aos homes. O feminismo constata a desigualdade por razón de sexo que trae consigo unha situación de inferioridade sociocultural das mulleres fronte aos homes. Por isto, o feminismo reclama e defende a igualdade de dereitos e oportunidades para ambos os sexos. A reivindicación dos dereitos das mulleres parte da evidencia da desigualdade de dereitos das mulleres ao longo da historia, tanto nas leis que os regulaban como no comportamento, expectativas e relacións sociais.

O feminismo supón unha forma distinta de mirar e entender o mundo, o poder e as relacións entre ambos os sexos. Este movemento está constituído por diferentes correntes e evolucionou ao longo do tempo ata chegar aos nosos días para denunciar a discriminación que aínda sofre a muller en todos os ámbitos da súa vida.

Que é a igualdade de oportunidades e dereitos entre mulleres e homes?

É un dereito fundamental das persoas recoñecido por case todos os países de Europa occidental nos seus textos constitucionais. De feito, a Constitución Española recolle no seu artigo 14 a igualdade ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación por sexo. Este principio presupoñ que mulleres e homes teñan as mesmas garantías e participación plena en todas as esferas. Busca beneficiar por igual as mulleres e os homes para que poidan desenvolver as súas capacidades e mellorar as relacións entre ambos os sexos, e tamén co ambiente que os rodea.

Ao falar da igualdade entre mulleres e homes, hai que diferenciar entre a **igualdade formal** (recoñecida xuridicamente, pois as leis garanten o tratamento igualitario de homes e mulleres) e a **igualdade**

real ou de facto entre mulleres e homes, non necesariamente derivada da primeira. Tanto é así que a sociedade leva séculos practicando a desigualdade entre mulleres e homes e os usos e costumes tenden a manter esta situación.

As leis e as normas penalizan a discriminación por razón de sexo, pero é necesario traballar por un cambio profundo naqueles valores e ideas que fan que as desigualdades se manteñan. Neste sentido, o profesorado pode ser un pilar fundamental para promover cambios no seo da sociedade ao inculcar desde as aulas valores asociados á igualdade como os relativos á conciliación da vida persoal, familiar e laboral; a corresponsabilidade; a ética do coidado; a empatía; o apoderamento; a sororidade; e, por suposto, a coeducación.

Que é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral?

A conciliación da vida persoal, familiar e laboral é á necesidade de facer compatibles diferentes aspectos dun proxecto de vida, de articular de maneira axeitada o desempeño laboral, a vida familiar e o resto das actividades, dimensións ou esferas que abrangue o que denominamos ámbito persoal. Esta esfera privada, relacionada coa dispoñibilidade do tempo libre para o desenvolvemento persoal individual, é inexistente para moitas mulleres.

A conciliación da vida persoal, familiar e laboral non é un problema das mulleres, senón de toda a sociedade e, por suposto, do ámbito educativo, desde o cal é necesario transmitir que todas as persoas deben ter a posibilidade de faceren compatibles intereses, obrigas e necesidades desde unha visión integral. Por isto, é imprescindible reformular os ámbitos persoal e privado para manter un equilibrio nos tempos dedicados ao emprego, aos traballos da casa e ao coidado da familia, sen descoidar o ámbito persoal.

Que é a corresponsabilidade?

A corresponsabilidade é a distribución equilibrada no fogar das tarefas domésticas, o coidado das persoas dependentes, os espazos de educación e traballo, de xeito que as persoas gocen do libre e pleno desenvolvemento de opcións e intereses, o que redundará na saúde física e psíquica das mulleres e contribuirá a acadar unha situación de igualdade real e efectiva entre ambos os sexos.

A incorporación das mulleres ao mercado laboral e ao resto das esferas públicas non tivo unha resposta recíproca por parte dos homes. É dicir, os homes non se incorporaron na mesma proporción ao ámbito doméstico, asumindo máis responsabilidades familiares e de xestión do fogar.

A participación social e pública das mulleres e dos homes en igualdade de condicións é determinante para o desenvolvemento da nosa sociedade e, polo tanto, resulta imprescindible un repartimento máis igualitario entre ambos os sexos en canto á dedicación ás tarefas domésticas e o coidado da infancia e das persoas dependentes.

Desde a educación pódese promover o repartimento de responsabilidades nas tarefas domésticas, no coidado das persoas dependentes, nos espazos da educación e do traballo, co obxecto de permitir un desenvolvemento pleno e libre das opcións e intereses das persoas e contribuír a unha situación de igualdade real e efectiva entre ambos os sexos na sociedade.

Que é a ética do coidado?

Existen distintas formas de razoamento ético entre mulleres e homes debido ás construcións de xénero? Esta cuestión foi formulada pola psicóloga Carol Gilligan, quen detectou que aos homes se lles esixe individualismo e independencia e ás mulleres se lles impón o coidado das persoas. Deste xeito, Gilligan identifica unha ética da xustiza que se caracteriza polo respecto aos dereitos formais das e dos demais, a importancia da imparcialidade e de xulgar as persoas sen ter conta das súas particularidades. Na ética da xustiza, que é a adoptada polos homes de xeito xeneralizado, as decisións tómanse seguindo as normas.

Fronte a esta, sitúase a ética do coidado, que é a máis seguida pola maioría das mulleres, e consiste en xulgar tendo en conta as circunstancias persoais de cada caso. Está baseada na asunción de responsabilidades cara ás demais persoas. Nesta ética non se concibe a omisión; é dicir, non actuar considérase unha falta, posto que se entende o mundo como unha rede de relacións, e o importante non é o formalismo, senón o fondo das cuestións sobre as que hai que decidir.

A educación pode achegarlle ao alumnado unha mirada ampla potenciando ambas as esferas, a do abstracto e a do concreto, tanto en rapaces como en rapazas, co fin de acadar unha relación equilibrada

entre as persoas e o mundo social, sen condicionamentos de xénero.

O feminismo defende a ética do coidado non só para as mulleres, senón tamén para os homes, posto que entende o coidado como unha ética universal. A responsabilidade ou a solidariedade concíbense como deberes éticos para o conxunto da sociedade, posto que tamén son un antídoto para a violencia, dado que é difícil que unha persoa destrúa aquilo que ela mesma coida. En definitiva, tal e como dixo Gilligan, a ética do coidado implica xustiza e responsabilidade para unhas e outros.

Que é a empatía?

A empatía defínese como a capacidade de poñerse no lugar das outras persoas, de percibir e de comprender os pensamentos e os sentimentos. Dito de forma coloquial, trátase de desenvolver a capacidade de poñerse na pel dos outros e as outras.

Cando hai falta de empatía, as persoas non son capaces de darse conta de cando lle producen dor a outra persoa, ou non lles importa porque non entenden esa dor, non son quen de prever cando lle van facer dano a alguén nin entenden as emocións propias ou alleas.

A pesar de que a empatía ten unha parte biolóxica, hai outra parte aprendida que pode ser transmitida mediante a educación e as experiencias vividas ao longo da vida. Teñen as mulleres máis empatía ca os homes? As mulleres amosan unha maior empatía que os homes. Pero esta diferenza non se debe ao ADN, posto que non hai diferenzas nos xenes que contribúan a unha maior ou menor empatía entre homes e mulleres. Isto supón que a diferenza sexual na empatía é o resultado doutros factores non biolóxicos, como a socialización. O feito de que se lles inculque o coidado e saber poñerse no lugar das outras persoas fai que, de maneira xeral, as mulleres teñan maior empatía.

A realidade é que a empatía facilita que se poidan establecer lazos sociais máis duradeiros e profundos, xa que permite comprender como se sente a outra persoa ao escoitala plenamente, e incluso pode facer que unha persoa se sinta menos soa cando estea desbordada. Trátase de poñerse no lugar do outro ou a outra sen perder o lugar individual. Por iso, a empatía debe transmitirse e potenciarse por igual nos homes e nas mulleres, para pasar de ser un valor difundido polo feminismo a un universal para todas as persoas.

Que é o apoderamento?

O apoderamento é un proceso polo que as persoas, comunidades ou grupos sociais adquiren os medios para aumentar a súa fortaleza, mellorar as súas capacidades e incrementar o seu potencial, co obxecto de poderen mellorar a súa situación social, política, económica, psicolóxica ou espiritual. Deste xeito, o apoderamento outórgalles ás persoas un papel na sociedade en igualdade de condicións. Apoderarse supón o desenvolvemento nunha persoa da confianza e a seguridade nela mesma, nas súas capacidades, no seu potencial e na importancia das decisións que afectan á súa vida positivamente.

Agora ben, este termo acuñouse na IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing, en 1995, para referirse ao aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e de acceso ao poder como paso crucial para acadar unha igualdade real.

Hoxe en día, esta expresión abrangue outra dimensión: a de toma de conciencia do poder que, individual ou colectivamente, ostentan as mulleres e que ten que ver coa recuperación da súa propia dignidade como persoas.

Desde a educación pódenselles ensinar habilidades de liderado ás nenas co obxecto de que aprendan a deixar o medo a un lado e a afrontar os desafíos da vida adquirindo experiencia tanto dos seus erros como dos seus acertos. Ao apoderar as nenas e educalas para que sexan valentes, ao tempo que se educa os nenos no respecto, contribuírase a previr a violencia de xénero.

Que é a sororidade?

Hai un termo que defina a amizade e alianza fraternal entre as mulleres con respecto ás cuestións sociais de xénero? Este termo existe: a **sororidade**. Marcela Lagarde defínea como a amizade entre mulleres (diferentes ou pares) que se propoñen traballar, crear ou convencer, e que se atopan e recoñecen baixo a bandeira do feminismo co obxecto de viviren unha vida cun sentido profundamente libertario.

A sororidade refírese, pois, ao apoio, coexistencia e solidariedade entre as mulleres fronte aos problemas sociais. A sororidade é un valor, coma a fraternidade, pero vinculado á unión, respecto e amor entre as mulleres. De feito, o termo empezou a acuñarse nas ciencias sociais para denominar a necesidade de crear alianzas naturais entre as mu-

lles co fin de eliminar as opresións sociais que lles afectan, como por exemplo o patriarcado.

Así como a empatía é o motor do feminismo, a sororidade fai que o feminismo non decaia pola unión das mulleres. Esa alianza entre mulleres de diferentes condicións e nacionalidades invita a establecer un pacto para loitar unidas co obxectivo de acadar os mesmos dereitos. A sororidade sitúa cada muller como un elo de encontro con outras moitas. A unión das mulleres potencia a súa forza para reivindicar os seus desexos ao redor do planeta.

En definitiva, a sororidade é unha nova forma de encarar os problemas sociais mediante unha relación máis íntima e comprensiva entre mulleres, o que redunda no seu apoderamento na sociedade actual.

Que é a coeducación?

A coeducación é unha proposta pedagóxica que parte da educación das nenas e os nenos á marxe do xénero feminino ou masculino; é dicir, a acción de educar as persoas asumindo a súa diferenza de sexo, pero sen ter en conta os papeis que se lles esixe cumprir na sociedade sexista.

Este método educativo parte, polo tanto, do principio de igualdade dos sexos e da non discriminación por razón de sexo. Coeducar é educar conxuntamente os nenos e as nenas na idea de que haxa distintas miradas e visións do mundo, distintas experiencias e achegas feitas tanto por mulleres como por homes, que deben conformar a cosmovisión colectiva e sen as que non se pode interpretar nin coñecer o mundo e a realidade.

A coeducación non contempla relacións de dominio que supediten un sexo a outro, senón incorporar as realidades e a historia das mulleres e dos homes para educar en igualdade desde a infancia e favorecer o desenvolvemento integral das persoas con independencia do sexo ao que pertencen.

As nenas e os nenos non nacen, fanse

Simone de Beauvoir dixo «Non se nace muller, chégase a selo». Esta frase de Beauvoir explica como a sociedade, polo feito de naceren como mulleres ou homes, moldea as persoas para que sexan dunha ou doutra

maneira. A sociedade está formada pola propia familia, polos medios de comunicación, pola publicidade, polo sistema educativo e polos grupos de iguais na adolescencia. Todas estas institucións son fundamentais no proceso de desenvolvemento dunha persoa. A sociedade determina un rol de xénero concreto segundo nazamos muller ou home. E como nos di a sociedade que deben ser os homes? Fortes, valentes e decididos. E as mulleres? Delicadas, indefensas e indecisas. Coma se fosen sempre nenas; é dicir, incúlcase un rol de dependencia emocional e económica da muller cara ao home. Este proceso de socialización diferencial sitúa as mulleres no ámbito privado, no rol reprodutivo e na afectividade, e aos homes no público, na produción e na insensibilidade.

Roles de xénero	
Muller	Home
Privado	Público
Reprodución	Produción
Afectividade	Insensibilidade

Fonte: elaboración propia.

De feito, as persoas son educadas de distinta maneira en función do sexo desde a infancia: á maioría das bebés pónselles un traxe rosa, e á maioría dos bebés, azul; cando crecen un pouco, dáselles xoguetes diferentes, cóllense e fálaselles de distinta maneira e espérase que os nenos actúen dun xeito e as nenas doutro.

A través de xestos, xoguetes, comentarios e da realización de diversas tarefas, vanse orientando as nenas e os nenos cara ao desenvolvemento de distintas habilidades, capacidades e actividades. Estas diferenzas provocan un desequilibrio entre a educación das mulleres (máis orientada á entrega, ao coidado e ao apoio a outras persoas) e a educación dos homes (máis orientada ao logro persoal e á obtención do afecto e atención por parte das mulleres). Esta educación diferencial prexudica fundamentalmente as mulleres, aínda que tamén os homes e mais a relación entre ambos. A consecuencia máis grave desta desigualdade entre mulleres e homes é a violencia de xénero.

En resumo, cada quen pode nacer cun sexo, pero apréndese a ser nena ou neno, muller ou home a través da socialización diferencial. E

esta serie de construcións sociais e culturais que se lles atribúen ás persoas polo feito de teren características biolóxicas diferentes segundo o sexo constitúen a base en que se asenta a desigualdade de xénero.

En realidade, hai tantas formas de ser home ou muller como persoas hai, cumpran ou non con eses roles de xénero asignados. E todas esas formas son respectables. A igualdade de xénero implica o recoñecemento e igual valoración social de mulleres e homes, así como das tarefas e das funcións que realizan. Pero para eliminar e transformar os estereotipos de xénero hai que crear outros modelos de conduta. Para logralo, é preciso facer unha análise, e ter en conta que non debería tratarse dunha cuestión de sexo e xénero, senón de libre elección persoal.

Transmisión de estereotipos nos centros educativos

Aprécianse estes roles determinados no comportamento das nenas e dos nenos nas escolas? O certo é que, tal e como apuntaron nos seus estudos Askew e Ross, na escola obsérvanse diferenzas significativas de tipo emocional, físico e mental que poden influír nos resultados da aprendizaxe.

Os nenos están determinados pola **acción**, é dicir, por levar a cabo xogos construtivos ou de manipulación física, mentres as nenas están determinadas pola **fala**. Ao observar as nenas e os nenos realizando unha actividade, vese como as cativas dedican máis tempo a falar da actividade, de como a van organizar, e os rapaces dedican máis tempo a manipular obxectos. É dicir, as nenas céntranse máis no **social** e na parte colaborativa do traballo, e os nenos, na parte física e **competitiva**. De feito, a competitividade nos nenos parece ser unha premisa clave á hora de enfocar o traballo en equipo, e isto pódese observar tanto na aula como no patio. Porén, as nenas afrontan máis as actividades como unha oportunidade para colaboraren, charlar, axudarse e relacionarse coas outras persoas. Os nenos presentan unha interacción verbal máis limitada e empregan menos a linguaxe ca as nenas, sen amosaren curiosidade persoal. As conversacións transcorren falando de problemas técnicos derivados da actividade que están levando a cabo. Dalgunha maneira, os nenos cando xogan permanecen indiferentes,

mentres que as nenas falan delas mesmas e se senten máis agradadas, posto que empregan máis esforzo en coñecerse.

No uso do espazo tamén se aprecian diferenzas. Os nenos tenden a facer un uso **expansivo** e a ocupalo máis e as nenas fan un uso máis **restrinxido**. Isto pódese observar moi ben nos patios do colexio, onde os nenos adoitan ocupar o espazo central e as nenas tenden a estar na periferia. Pero tamén se pode observar na aula: se, por exemplo, se leva a cabo unha actividade de ciencia ou de construción, os nenos considerarán os materiais como «seus» ata o punto de chegar a quitárllelos ás nenas se os precisan. E como reaccionan as rapazas cando os rapaces lles quitan as cousas? Pois unhas quéixanse e outras deféndense. Sexa como sexa, prodúcese un asoballamento das nenas por parte dos nenos, ao estes presentaren unha maior necesidade de identificar se unha actividade é masculina ou feminina. No caso de ser masculina, asumen o dominio sobre ela; e se é feminina, tenderán a evitala. Por isto, pódese escoitar un neno dicir «Isto é rosa, non me gusta» ou «Isto é de nenas, non o quero», posto que existe un desprezo implícito polo que se considera feminino. Así, os rapaces, ao contrario ca as rapazas, raramente aspiran a desempeñar roles de coidado ou profesións tradicionalmente femininas, e empregan moi pouco tempo en desenvolver habilidades de interacción persoal, condutas de coidado ou de cooperación.

Roles de xénero na escola

Nenas

Falar

Social

Restrinxido

Colaboradora

Nenos

Acción

Física

Expansivo

Competitiva

Fonte: elaboración propia a partir de *Los chicos no lloran. El sexismo en la educación* (1991).

Cando chegan á secundaria, os rapaces repiten esta conduta de acaparamento do espazo e do tempo, pero incluíndo tamén a violencia explícita sobre as rapazas. Nestas idades máis avanzadas obsérvase xa un maior grao de violencia ante o profesorado e as alumnas. De

feito, os rapaces controlan as aulas mixtas mediante o dominio físico e verbal das rapazas. Por exemplo, é común que fagan comentarios sobre as súas capacidades de traballo, que lles dean golpes, empurróns ou patadas, que se burlen delas ou lles quiten o material que están a usar co obxectivo de amosar a súa masculinidade nos espazos mixtos. Cando se produzan estes casos nas escolas, é preciso identificalos e evitar a súa naturalización. Estas condutas non poden ser cualificadas como «rebeldes» ou «cousas de nenos» que son normais. Pola contra, deberíase actuar en todas estas ocasións e evitar a aprendizaxe de condutas diferenciadas por sexo que reforcen as actitudes sexistas que limitan, definen e constrinxen as posibilidades de acción dos suxeitos. Trátase de condutas que reproducen as relacións de desigualdade entre rapazas e rapaces. Actitudes que as propias rapazas poden chegar a asumir como algo corrente, sen que provoque reacción ningunha nelas.

Neste sentido, a submisión das rapazas é un comportamento tan inadecuado como a agresividade nos rapaces. Aínda que as condutas submisas non molestan aparentemente tanto como as agresivas, son igualmente negativas para o desenvolvemento persoal destas futuras mulleres. Por iso, as e os docentes poden ensinar as nenas a faceren uso dos espazos e do seu tempo para intervir; é fundamental que desenvolvan a asertividade; ou sexa, debemos procurar que adquiran esta conduta das persoas maduras que senten un profundo respecto por elas e polas demais persoas e son capaces de facerse valer, de reivindicar o que lles pertence e de negarse a aquilo que non queren.

O papel do profesorado é destapar o sexismo e reconducir os roles de xénero co obxectivo de avanzar desde unha escola androcéntrica ata a escola coeducativa ou en igualdade.

Reflexiona: e na túa aula? Observa os comportamentos e actitudes do teu alumnado durante a realización dun traballo en grupo na aula. Compórtanse as nenas igual ca os nenos?

Ver anexo 3: Ficha de estereotipos na aula.

Escola segregada, mixta e coeducativa

Xoga o sistema educativo un papel fundamental na transmisión de estereotipos e roles de xénero? Por suposto que si, pero este rol cambiou ao longo da historia. Distinguiremos tres modelos arquetípicos de escola que responden a diferentes niveis de progreso social e de evolución cara á igualdade: a segregada, a mixta e a coeducativa.

Que é unha escola segregada?

É o modelo de educación menos igualitario e que reflicte unha imaxe retrógrada da sociedade, actualmente considerado como un modelo caduco e non progresista. A educación impártese diferenciada por sexos mediante a separación física e curricular do proceso educativo das rapazas e dos rapaces.

Este modelo ten unha variante na **educación diferencial**, baseada na separación física do alumnado en función de seu sexo, ben en distintos edificios ou ben en aulas dentro do mesmo centro escolar, pero co mesmo currículo académico.

Que é unha escola mixta?

Representa unha evolución con respecto aos modelos anteriores. A escola mixta correspóndese cun modelo educativo no cal conviven nun mesmo espazo alumnas e alumnos, e baséase na idea de que xa hai igualdade entre mulleres e homes; nega, polo tanto, as diferenzas culturais que hai entre ambos os sexos. Non cuestiona a orde simbólica masculina nin incorpora os saberes e as expectativas das mulleres no currículo educativo.

Este modelo non incorpora a perspectiva de xénero se temos en conta que non existe unha igualdade plena no ámbito curricular e pedagóxico, posto que os coñecementos son construídos e impartidos desde referentes masculinos, e transmítense estereotipos de xénero e diferentes expectativas profesionais para nenas e nenos. Na mesma liña, non corrixe o modelo de socialización diferencial do amor que educa as mulleres para que antepoñan as necesidades da súa parella ás súas propias e aos homes para que lles dean prioridade ás súas necesidades fronte ás da súa parella, o cal fomenta e non evita a violencia de xénero desde o ámbito educativo.

Que é unha escola coeducativa?

É o modelo educativo que debemos ter como obxectivo. A coeducación é unha proposta pedagóxica segundo a cal a formación e a educación se imparten nun mesmo espazo e en condicións de igualdade para ambos os sexos, sen lles poñer límites ás aprendizaxes que elas e eles constrúan. É dicir, sen transmitir estereotipos de xénero ou expectativas profesionais diferentes para cada sexo. De feito, a escola coeducativa traballa nunha dobre dirección: reducir as desigualdades entre as persoas de cada sexo, derivadas dos diferentes procesos de socialización, e eliminar a xerarquía do masculino sobre o feminino.

O currículo, a metodoloxía didáctica, a avaliación e a organización escolar son os eixes fundamentais que deben modificarse no proceso de ensino para construír unha escola en que o sexo das persoas non determine o seu futuro laboral e persoal.

A escola coeducativa non só pretende recuperar a memoria histórica e corrixir as graves omisións das mulleres relevantes ao longo da historia, senón que tamén busca a adopción de medidas pedagóxicas que respondan ás diferentes condicións para a mellora das aprendizaxes de cada grupo, e romper así cunha pauta ríxida de avaliación que tende a darlles prioridade a unhas habilidades concretas e a ignorar outras, baixo a proxección dos estereotipos de xénero.

En definitiva, a escola coeducativa promove a igualdade para ambos os sexos, rexeita a reprodución de roles estereotipados, e trata de resolver os problemas de convivencia da etapa adulta ao inculcar modelos afectivos igualitarios que evitan a extrema consecuencia da desigualdade entre mulleres e homes: a violencia de xénero.



Se nos educas igual,
viviremos en igualdad

	Escola segregada	Escola diferenciada	Escola mixta	Escola coeducativa
	↓	↓	↓	↓
Nenas e nenos	Diferente espazo	Diferente espazo	Mesmo espazo	Mesmo espazo
Curriculo educativo	Diferente currículo	Mesmo currículo	Mesmo currículo andro-céntrico: • Non incorpora os saberes das mulleres. • Estereotipos de xénero. • Diferentes expectativas profesionais para mulleres e homes. • Modelo afectivo desigual para mulleres e homes.	Curriculo coeducativo: • Incorpora saberes das mulleres. • Sen estereotipos de xénero. • Mesmas expectativas profesionais para mulleres e homes. • Modelo afectivo igualitario.
Igualdade entre mulleres e homes	Non é necesaria. As mulleres e homes cumpren funcións sociais distintas na sociedade.	Diferenzas cognitivas e de madurez entre mulleres e homes	Parte da idea de que xa hai igualdade plena na sociedade e nega as diferenzas culturais entre mulleres e homes.	Promove e traballa a igualdade entre mulleres e homes desde os seguintes ámbitos: curricular, de metodoloxía didáctica, avaliación, organización escolar e afectivo.

Fonte: elaboración propia.

Tratamento da escola fronte ao sexismo

- Combater o sexismo aprendido e transmitido na sociedade a través da educación en igualdade.
- Transformar a visión androcéntrica do mundo por unha que represente a diversidade da sociedade.
- Transmitirlle ao alumnado os conceptos de identidade sexual, de xénero e de orientación sexual para ampliar a súa mirada máis alá do modelo tradicional binario.
- Transformar a socialización diferencial que lles atribúe ás mulleres e homes estereotipos e roles de xénero que condicionan as súas expectativas de vida mediante unha socialización igualitaria a través da educación en igualdade.
- Rexeitar a cultura da violencia como maneira válida de resolución de conflitos.
- Afrontar a transmisión de micromachismos que atentan contra a autonomía das nenas e das mulleres no día a día da escola.
- Impregnar a escola de feminismo, como maneira de mirar e entender o mundo, o poder e as relacións entre ambos os sexos e como defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.
- Inculcarlle ao alumnado nas aulas valores asociados á igualdade, como a conciliación persoal, familiar e laboral, a corresponsabilidade, a ética do coidado, a empatía, o apoderamento e a sorodidade.

- 
- Transmitirlles a todas as persoas a necesidade de facer compatible a vida persoal, familiar e laboral.
-
- Promover o repartimento de responsabilidades nas tarefas domésticas, no coidado das persoas dependentes e nos espazos da educación e do traballo para potenciar un desenvolvemento pleno e libre das persoas.
-
- Fomentar a empatía por igual en mulleres e homes para que pase de ser un valor difundido polo feminismo a un valor universal para todas as persoas.
-
- Potenciar o apoderamento das nenas como ferramenta de prevención fronte á violencia de xénero.
-
- Inculcar a sororidade entre as nenas como ferramenta para ampliar as súas consciencias e potenciar a súa forza na reivindicación dos seus desexos en todo o planeta.
-
- Transmitir que hai tantas formas respectables de ser muller ou home como persoas hai.
-
- Destapar o sexismo latente na sociedade e na escola e reconducir os roles de xénero para pasar da escola androcéntrica á escola coeducativa.
-
- Transformar as escolas mixtas en escolas coeducativas que promovan a igualdade para ambos os sexos, libres de roles de xénero, e inculquen modelos afectivos igualitarios para previr a violencia de xénero.
-

Fonte: elaboración propia.

I. Actividades

Actividades para o profesorado

A continuación preséntanse unha serie de actividades para que o profesorado interiorice e traballe os conceptos recollidos sobre o sexismo na sociedade e na escola.

Actividade 1: Machismo e feminismo

Obxectivo: Interiorizar e aprender a diferenciar os conceptos de machismo e feminismo.

Descrición: Clasificar as seguintes frases segundo sexan machistas ou feministas.

- Os homes non choran.
- As mulleres e os homes poden facer os mesmos traballos.
- As mulleres precisan a protección dos homes.
- Os homes poden expresar os seus sentimentos.
- Mulleres e homes deben ter os mesmos dereitos e oportunidades.
- As mulleres son máis malas ca os homes.
- Os homes non saben coidar as/os bebés e as persoas maiores.

Ver anexo 4: Solucións frases machistas e feministas.

Fonte: elaboración propia.

Actividade 2: Identidade sexual, identidade de xénero e orientación sexual

Obxectivo: Interiorizar e diferenciar os conceptos de identidade sexual, identidade de xénero e orientación sexual.

Descrición: Relacionar os conceptos da esquerda mediante unha X cos termos que mellor encadren das columnas da dereita: identidade sexual, de xénero e orientación sexual.

continúa na páxina seguinte -->

Conceptos	Identidade sexual	Identidade de xénero	Orientación sexual
Bisexual			
Sexo biolóxico			
Identidade masculina			
Homosexual			
Intersexual			
Identidade andróxina			
Asexual			
Cisxénero			

Ver anexo 5: Solucións identidade sexual, identidade de xénero e orientación sexual.

Fonte: elaboración propia.

Actividade 3: Roles de xénero

Obxectivo: Interiorizar os diferentes roles de xénero asociados á muller e ao home.

Descrición: Relacionar os conceptos da esquerda mediante un X coas columnas Muller ou Home, segundo estea establecido socialmente.

Conceptos	Muller	Home
Coidado		
Público		
Produción		
Traballo fóra do fogar		
Privado		
Afectividade		
Recoñecemento social		
Reprodución		

Ver anexo 6: Solucións roles de xénero.

Fonte: elaboración propia.

Actividades para o alumnado

A seguir preséntanse unha serie de actividades coeducativas divididas nas diferentes etapas de infantil, primaria e secundaria, coa intención de que o profesorado leve a cabo tarefas concretas para educar o alumnado libre de estereotipos de xénero. Todas as actividades do alumnado recollidas nesta guía veñen acompañadas dunhas fichas de avaliación para o profesorado e o alumnado (ver anexo 7: Ficha de avaliación de actividade para o profesorado, e anexo 8: Ficha de avaliación de actividade para o alumnado), así como unhas fichas para deseñar novas actividades cos aspectos máis relevantes a ter en conta (ver anexo 9: Ficha de deseño de actividade).

Educación infantil

Actividade 1: Cousas que facemos

Ciclo: segundo ciclo de educación infantil (3 a 6 anos).

Obxectivo: Comprender que non hai xogos ou actividades diferentes para nenas e nenos.

Descrición: O profesorado debe entregarlle unha ficha ao alumnado na que aparecen un rapaz e unha rapaza con varios obxectos ao seu redor que deben asignar segundo lles pareza a quen correspondan. Ao rematar a tarefa, cada nena e neno comenta co resto da clase en círculo que obxectos asignaron e o profesorado abre un debate tendo en conta as seguintes cuestións para romper os estereotipos co alumnado.

Posibles cuestións para debater

- Todas e todos podemos correr, saltar, xogar, ler, bailar ou falar?
- Que lles gusta facer aos teus amigos? E ás túas amigas?
- Con quen che gusta xogar máis?
- Hai máis nenos aos que lles guste facer isto? Hai máis nenas ás que lles guste facer isto?
- A que nenas lles gusta correr? A que nenos lles gusta correr?

Unha vez rematado o debate, pídeselles que fagan un debuxo de algo especial que saiban facer (saltar alto, correr) e despois terano que intercambiar con outra persoa. De novo sentadas e sentados nun círculo,

explicarán que debuxo lles deu a súa compañeira ou compañeiro e por que é especial.

Material: Ficha da actividade «Cousas que facemos», lapis, papel, pinturas de cores.

Duración: 50 minutos unha sesión.

Fonte: elaboración propia a partir de *Actividades de Educación Infantil* (2012).

Ficha da actividade 1: Causas que fazemos



Fonte das iconas: Freepik

Actividade 2: Obxectos sen xénero

Cursos: 1.º, 2.º e 3.º de primaria (6-9 anos).

Obxectivos: Romper os estereotipos de xénero con respecto ao uso de obxectos. Concienciar o alumnado de que todos os obxectos son asexuados e de que somos as persoas as que lles asignamos connotacións sexistas.

Descrición: O profesorado entrégalle unha ficha ao alumnado cunha serie de obxectos que deben encadrar en tres columnas: muller, home e ambos. Unha vez rematada a actividade, a mestra ou o mestre anota no taboleiro o número de respostas nas columnas de home, muller ou ambos e pregúntalle ao alumnado pola súa asignación. Seguidamente, ábrese un debate con cuestións ao alumnado co fin de que interioricen que os obxectos non teñen xénero e que somos as persoas, cos nosos prexuizos, as que llelo adxudicamos.

Posibles cuestións para traballar

- Cantos obxectos asociaches á muller? E ao home?
- E a ambos?
- Compara as túas respostas co resto da aula e defende a túa posición nos casos en que non coincidas co grupo.

Material: Ficha da actividade «Obxectos sen xénero» e taboleiro.

Tempo: 50 minutos (unha sesión).

Fonte: elaboración propia a partir de *Guía didáctica de educación no sexista* (2004).

Ficha da actividade 2: Obxectos sen xénero

.....

Muller	Home	Ambos	
			Bolso
			Lavadora
			Bolsa de deportes
			Tixola
			Coche
			Saba
			Ordenador
			Carteira
			Aspiradora
			Tarxeta de crédito
			Calculadora
			Ferro de pasar
			Xornal
			Anel
			Desaparafusador

.....

Actividade 3: Publicidade sexista

Ciclo: primeiro e segundo ciclo de secundaria (12-16 anos) e bacharelato (16-18 anos).

Obxectivos: Identificar e analizar os estereotipos sexistas na publicidade. Concienciar o alumnado de que a publicidade pode transmitir na sociedade prexuízos sexistas.

Descrición: O profesorado distribúe unha ficha de análise de publicidade sexista para que o alumnado analice nuns anuncios publicitarios unha serie de aspectos como o slogan, a quen vai dirixido o anuncio, que actividades realizan as persoas, en que espazos se atopan e cal é a imaxe que se transmite das mulleres e homes. Tras a análise, ábrese un debate para comentar se se transmiten valores diferentes en función do sexo e se a publicidade é sexista.

Materiais: Ficha de análise de publicidade sexista e ligazóns de anuncios para analizar.

--> <https://www.youtube.com/watch?v=OXWdx5gXLLo>

--> https://www.youtube.com/watch?v=k0_Ob3b9AdQ

--> <https://www.youtube.com/watch?v=ataw0L6WAU4>

--> https://www.youtube.com/watch?v=_2hBHXybpsE

Duración: 50 minutos (unha sesión).


Fonte: elaboración propia.

A mellor
amiga
da muller
moderna



LAVADORAS
PHILS

FACILITA A TUA VIDA



Ficha da actividade 3: Publicidade sexista

.....

Nome da alumna ou alumno:

Que produto vende:

Breve resumo do anuncio:

Emprega algún slogan? Escríbeo.

A quen vai dirixido?

Aparece algunha voz en off? É de muller ou de home?

Personaxes que aparecen no anuncio:

N.º de mulleres	
N.º de homes	
Outras	

Actividade que aparece realizando cada persoa:

Mulleres	
Homes	
Outras	

Que diferenzas hai, nese sentido, entre mulleres e homes?

En que espazo aparece cada persoa? Sinala cun X

Muller(es)

	Doméstico
	Profesional fóra do fogar
	Lecer
	Outros

Home(s)

	Doméstico
	Profesional fóra do fogar
	Lecer
	Outros

Que diferenzas existen, nese sentido, entre mulleres e homes?

Calidades ou valores que aparecen na imaxe de mulleres:

	Beleza
	Delgadeza
	Intelixencia
	Forza
	Independencia
	Dependencia
	Coidado cara os demais
	Competitividade
	Cooperación

De todas as calidades ou valores cal é o que máis resalta?

Que imaxe se transmite sobre as mulleres?

Calidades ou valores que aparecen na imaxe dos homes:

	Beleza
	Delgadeza
	Intelixencia
	Forza
	Independencia
	Dependencia
	Coidado dos demais
	Competitividade
	Cooperación

De todas as calidades ou valores, que é o que salienta?

Que imaxe dos homes se transmite?

Transmítense valores ou calidades diferentes segundo sexan mulleres e homes? Por que?

Crees que a publicidade é sexista? Por que?

Conclusións:

Fonte: elaboración propia a partir de *Cuaderno de actividades de secundaria* (2007).

Bibliografía

- Askew, S. e Ross, C. (1991): *Los chicos no lloran. El sexismo en la educación*. Barcelona: Paidós Ecuador.
- Bonino, L. (2004): Los micromachismos. En *La Cibeles*. Recuperado de http://igualdad.us.es/pdf/redvoluntariadoviolenia/2016/RedVoluntariado-VG-2016_sesion-2_PDI_PAS_Los_micromachismos-Bonino.pdf
- Díaz-Aguado, M. (2009): Prevenir la violencia de género desde una perspectiva integral. En *La educación factor de igualdad*. CEE Participación Educativa. Número 11. Ministerio de Educación y Consejo Escolar del Estado (pp. 59-72).
- Educación Navarra (2012): *Actividades de Educación Infantil*. Recuperado de <http://cpsartaguda.educacion.navarra.es/web/wp-content/uploads/2012/03/7.-Actividades-Infantil.pdf>
- Gentry, M., Gable, R., Rizza, M. (2002): Students' Perceptions of Classroom Activities: Are There Grade-Level and Gender Differences? En *Journal of Educational Psychology*, Vol 94(3) (pp. 539-544).
- Gentile, B., Grabe, S., Dolan-Pascoe, B. e outros (2009): Gender Differences in Domain-specific Self-Esteem: A Meta-analysis. En *Review of General Psychology*, Vol 13 (pp. 34-45).
- Gilligan, C. (2013). *La ética del cuidado*, Barcelona: Fundació Víctor Grifols i Lucas. Recuperado de <http://www.secpal.com/%5CDocumentos%5CBlog%5CCuaderno30.pdf>
- Instituto de la Mujer (2008). *Guía de Coeducación. Síntesis sobre la Educación para la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres*. Recuperado de <http://www.inmujer.gob.es/observatorios/observIgualdad/estudiosInformes/docs/009-guia.pdf>
- Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (2018). *Curso de Igualdad de Oportunidades: Aplicación práctica en la empresa y los recursos humanos*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.
- Jaramillo, C. (1999): *Formación del profesorado: Igualdad de Oportunidades entre chicas y chicos*. Madrid: Instituto de la Mujer y Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Lagarde, M. (2005): *Para mis socias de la vida*. Claves feministas, Barcelona: Horas y Horas.
- Lagarde, M. (2006): Pacto entre mujeres. Sororidad. Recuperado de http://pmayobre.webs.uvigo.es/textos/marcela_lagarde_y_de_los_rios/sororidad.pdf
- Lindo, E., Prego, V., Etxebarria, L. e outros (2000): *Ser Mujer*. Madrid: Editorial Temas de Hoy.
- Montserrat, M. (1986): *Cómo se enseña a ser niña: el sexismo en la escuela*. Barcelona: Icaria.

- Pascual, P. (2013): 25 de noviembre: Por la erradicación definitiva de las violencia contra las mujeres. En *Mujeres para la Salud*. Recuperado de <https://www.mujeresparalasalud.org/25-de-noviembre-por-la-erradicacion-definitiva-de-la-violencia-contra-las-mujeres/>
- Proyecto Equal en clave de culturas (2007): *Glosario de términos relacionados con la transversalidad de género*. Recuperado de <https://www.um.es/estructura/unidades/u-igualdad/recursos/2013/glosario-terminos.pdf>
- Proyecto Accord. Oficina de iniciativas Comunitarias. Ayuntamiento de Benicarló (2004). *Aprendamos a compartir. Guía didáctica de educación no sexista*. Recuperado de https://www.educa2.madrid.org/web/educamadrid/principal/files/54dc01db-1dd4-4323-8916-e493cfd9522/Guia_educacion_no_sexista.pdf
- Rubiales, A. (2010): Neomachismo. *El País*. Recuperado de https://elpais.com/diario/2010/01/15/opinion/1263510005_850215.html
- Rubin, G. (1975): The Traffic in Women: Notes on the Political Economy of Sex. En R. Reiter (ed.), *Toward an Anthropology of Women*, Monthly Review Press (pp. 157-210).
- Subirats, M. e Brullet, C. (1988): *La transmisión de los géneros en la escuela mixta*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- Subirats, M. e Tomé, M. (1992): *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo*. Barcelona: Institut de Ciències de l' Educació.
- Subirats, M. (2010): ¿Coeducación o escuela segregada? Un viejo y persistente debate. En *Revista de la Asociación de Sociología de la Educación*. Recuperado de <https://ojs.uv.es/index.php/RASE/article/view/8632/8175>
- U.S. Department of Education (2005): Single-Sex Versus Coeducational Schooling: A Systematic Review. Washington D. C.: Office of Planning, Evaluation and Policy Development.
- Varela, N. (2005). *Feminismo para principantes*. Madrid: Zeta Bolsillo.
- Zosuls, K., Ruble, D., Tamis-LeMonda, C. e outros (2009). The Acquisition of Gender Labels In Infancy: Implications for Gender-Typed Play. En *Developmental Psychology*, 45 (pp. 688-701).

II. Educar en igualdade na aula

Como pode o profesorado levar a educación en igualdade á súa aula? Non importa a disciplina que se imparta. Matemáticas, Lingua Galega, Historia, Xeografía ou Educación Física, sexa cal sexa a materia, é posible impartila con perspectiva de xénero; é dicir, incluír a igualdade no labor docente diario. Para isto, é preciso analizar os compoñentes sexistas tolerados con normalidade, non evidentes ou sutís, que se agochan nos coñecementos, normas, actitudes, saberes, destrezas, habilidades, linguaxes e valores para evitar a reprodución do sexismo presente na sociedade e promover a igualdade entre as mulleres e os homes desde as aulas.

Que aspectos esenciais hai que ter en conta?

- **Diagnosticar e desvelar o sexismo** é o paso previo para descubrir onde se atopa a desigualdade, preguntándose quen fai que e a cambio de que, co obxecto de coñecer as desigualdades e mesmo as discriminacións ocultas.
- **Procurar unha representación equilibrada** con respecto ás funcións e cargos, aos contidos que se aprenden, ás imaxes, modelos, exemplos, personaxes, figuras ou enunciados. Debemos procurar que todo o que conteñan os libros de texto e outros materiais didácticos que se empreguen reflectan unha representación equilibrada de mulleres e homes nas diferentes actividades humanas.
- **Empregar unha linguaxe para a igualdade:** o uso dunha linguaxe non sexista, inclusiva, xusta e igualitaria é fundamental para modificar os trazos existentes do sexismo.

Agora ben, para desvelar o sexismo, é necesario adquirir unha nova visión máis alá do currículo formal, que abranca de xeito global os diferentes aspectos que afectan á comunidade e ao proceso educativo. Para iso é preciso distinguir entre o currículo formal, o currículo oculto e o currículo omitido.

Currículo formal, oculto e omitido

Que é o currículo formal ou explícito?

O currículo explícito é todo aquilo que se debe ensinar e aprender, o que se amosa, se pode verificar e controlar no proceso educativo.

Os contidos, os materiais, as metodoloxías e a avaliación conforman o «deber ser» escolar, o que se avalía na maioría das ocasións de maneira numérica. Neste currículo explícito evidéncianse expresións claras de sexismo, como poden ser as diferentes taxas de participación de nenas e nenos nas diferentes materias optativas e tipos de estudos.

Un exemplo é o caso das matemáticas e dos estudos técnicos en xeral, os cales están ocupados na súa meirande parte por homes; pola contra, as materias de artes, linguas ou humanidades son claramente escollidas polas mulleres. A elección non responde ao fracaso académico do colectivo das mulleres nos estudos técnicos, posto que non existen diferenzas apreciables entre mulleres e homes nos resultados académicos na materia de matemáticas, senón que se produce por unha renuncia voluntaria das mulleres a este tipo de estudos, á súa vez condicionada por varios factores, entre os que se inclúen os relativos ao mundo extraescolar e outros vinculados cos mesmos centros educativos. Con respecto ao mundo extraescolar, cabe destacar o papel que xogan os medios de comunicación ou as expectativas familiares; no tocante aos centros educativos, cómpre sinalar as expectativas diferentes do profesorado sobre o futuro profesional das rapazas e dos rapaces ou a estrutura e a organización escolar.

Que é o currículo oculto ou implícito?

O currículo oculto ou implícito é todo aquilo que non se amosa de maneira explícita, pero que inunda o currículo de maneira solapada e que, polo tanto, tamén se ensina e aprende: as relacións, as linguaxes, o uso dos espazos, as instancias de poder e de representación, os roles, os estereotipos, as funcións e os programas escolares.

Os valores patriarcais transmítense inconscientemente no día a día dos centros escolares, posto que todas as persoas os adquiriron na sociedade. Nun experimento levado a cabo por Margaret Spear en 1985, distribuíronse entre varios docentes dúas copias idénticas dun exame de ciencias experimentais con nome de rapaz e de rapaza para a súa avaliación. O resultado foi moi claro: os nenos obteñen en todos os casos índices de puntuación máis elevados ca as nenas, excepto no apartado de pulcritude. Non obstante, as diferenzas máis claras prodúcense na valoración das expectativas do profesorado sobre o futuro profesional para unhas e outros: ante a igualdade de resultados,

o profesorado ten maiores expectativas de que sexan os nenos os que gocen dun futuro máis brillante no ámbito das ciencias. Estes resultados puxeron de manifesto que o profesorado non responde a unha ideoloxía sexista definida e consciente, pero mediante a súa actitude reforza a definición dos xéneros e dos roles sexuais.

E a que se refire o currículo omitido?

O currículo omitido é o que se considera socialmente necesario aprender; todo o que se debe ensinar e aprender nestes tempos, pero que non se ensina nin se aprende.

Un exemplo é o papel das mulleres ao longo da historia: a súa omisión deixa as rapazas sen referentes científicos ou técnicos en que reflectirse. É preciso que os centros escolares traballen estas ausencias e carencias que o alumnado incorpora a partir da súa experiencia no mundo exterior ao ensino, xa que o currículo omitido é unha ferramenta fundamental como complemento da educación formal.

O papel do profesorado é desvelar as posibles discriminacións presentes no currículo formal, oculto e omitido e dar paso a unha educación en igualdade na que haxa unha presenza e participación plena de mulleres e homes.

Materiais didácticos coeducativos

Antes de transformar os materiais didácticos empregados na aula en materiais coeducativos, é preciso levar a cabo unha análise dos libros de texto, dos libros de consulta e doutros materiais didácticos para ver se estes presentan trazos sexistas.

A realidade é que hoxe en día a maioría dos materiais didácticos producidos polo alumnado, así como os producidos polo profesorado e os publicados polas diversas editoriais, son concibidos desde o sexismo e, polo tanto, discriminan as mulleres.

Como se analiza o sexismo nos materiais didácticos?

Para desvelar o sexismo presente nos materiais didácticos, o profes-

rado debe poñer atención en tres aspectos esenciais: os contidos, as imaxes ou ilustracións e a linguaxe dos textos, co fin de identificar eses elementos sexistas e substituílos por elementos coeducativos.

Contidos dos textos

Os materiais didácticos non tratan a todos os seres humanos por igual, xa que os logros dos homes son máis valorados ca os das mulleres. De feito, os materiais mostran un modelo de home branco, adulto, occidental e de clase media. Deste xeito, reléganse as achegas do resto da humanidade, como os logros das mulleres nos ámbitos científicos e sociais ao longo da historia.

No caso da ciencia e da tecnoloxía, cando se analiza a súa presenza, obsérvase un escaso número de mulleres que participaron nas actividades científicas ao longo da historia. Pero o máis sorprendente é que mesmo as máis sobranceiras tampouco son incluídas nos libros de texto. Ao preguntarlles ás persoas se consideran que a wifi é un descubrimento relevante para a sociedade, con certeza, todas as persoas contestarán que si o é. Entón, como é posible que a muller precursora deste invento non apareza en todos os libros de ciencia e historia?

Hedy Lamarr foi a precursora da wifi: unha actriz de Hollywood que pasou á historia por protagonizar o primeiro espido do cine. Non obstante, as súas investigacións, que foron o precedente da actual wifi, imprescindibles para traballar e comunicarse na vida actual, non son recollidas nos libros de texto. Deste xeito, transmítese unha imaxe sexista da muller como obxecto de desexo e centrada no seu físico. Ao traballar este contido desde unha óptica coeducativa, habería que recoller as súas contribucións ao desenvolvemento da wifi e destacar tamén o seu talento como actriz, posto que esta muller posuía un cociente intelectual moi por riba da media da cidadanía e unha capacidade innata para a interpretación.

Outro feito común na historia dáse cando os descubrimentos realizados polas mulleres son atribuídos aos homes. Tal é o caso da astrofísica británica Jocelyn Bell, quen descubriu o primeiro radiosinal dun púlsar, o cal foi recollido na súa tese de doutoramento. Malia isto, o recoñecemento deste descubrimento foi para Antony Hewish, o seu titor, a quen se lle outorgou o Premio Nobel de Física en 1974. O inxusto acto foi cuestionado durante anos, e aínda hoxe en día é un tema de

controversia. Este non é un caso illado, e pódense atopar numerosos casos semellantes en todas as disciplinas científicas.

Se os inventos realizados polas mulleres en todas as disciplinas científicas non son recollidos, e se non se desvelan aqueles casos en que foron atribuídos erroneamente aos homes, pódese entender o desolador panorama que elimina calquera referente científico, invisibiliza as mulleres no ámbito público e deixa as rapazas sen referentes nos que reflectirse.

«As mulleres serviron todos estes séculos de espellos que posuían o poder de reflectir a figura do home ao dobre do seu tamaño.» Virginia Wolf

Á hora de elaborar contidos coeducativos, é preciso localizar estas discriminacións e difundir a autoría real dos inventos descubertos por mulleres atribuídos aos homes ao longo da historia. Ao rescatar e introducir sistematicamente a figura das mulleres que tiveron relevancia nalgún ámbito da sociedade e integralas na cultura escolar paralelamente ás figuras de homes prominentes, contribuírase a crear contidos coeducativos.

Reflexiona: e na túa aula? Observa os materiais didácticos que empregas e contabiliza as personaxes de mulleres e homes que aparecen no contido, así como o rol protagonista ou secundario con que son representadas as personaxes.

Ver anexo 10: Ficha de observación do contido no material didáctico.

Do mesmo xeito, é moi frecuente atopar nos contidos dos textos mulleres estereotipadas en profesións consideradas tradicionalmente femininas, relacionadas co coidado e os servizos sociais, ámbitos en que faltan referentes masculinos. Neste sentido, ao transformar os contidos destes textos en coeducativos, é relevante destacar tamén personaxes masculinos que achegaron o seu valor a estes ámbitos sociais, como é o caso de Louis Braille e o seu sistema táctil, pensado para que as

persoas cegas puidesen ler. Pola contra, é moi difícil atopar personaxes de mulleres en ámbitos tradicionalmente masculinos, como poden ser a carpintaría ou a automoción. Polo tanto, habería que incluír, por exemplo, mulleres como Lilly Reich, deseñadora das cadeiras Barcelona ou Brno., ou Margaret Wilcox, inventora do primeiro sistema de calefacción para automóviles.

Outro aspecto que estereotipa a imaxe das mulleres é o feito de que se exalte o rol de nai e esposa, non coa intención de valorizar este tipo de traballo, senón identificando ese papel como propio das mulleres. Valores como a pasividade, a afectividade, a sensibilidade e a submisión son resaltados. Un bo exemplo é a frase «Miña nai míname», oración trivial coa que millóns de nenas e nenos no mundo enteiro aprenden non só a ler e escribir, senón tamén a interiorizar e asumir os valores xa mencionados como unha realidade baixo a cal se agocha un sexismo latente. O que ocorre é que as tarefas domésticas e reprodutivas (as cales se deben valorizar) aparecen asociadas ás boas intencións das nais e á súa capacidade «innata» de coidado, mentres que se desprestixian estas tarefas en comparación coas produtivas, propias do ámbito público.

En resumo, os libros de texto denotan a desvalorización do traballo reprodutivo fronte á exaltación do ámbito público, ao tempo que negan a relevancia económica das tarefas reprodutivas converténdoo nun aspecto ausente e irrelevante, sobre todo a medida que se avanza nas etapas educativas. Neste sentido, non é de estrañar que aínda hoxe se escoiten frases do tipo «Ti pasa para a cociña» ou «Miña nai non traballa; está na casa», posto que o concepto de traballo que se transmite na ensinanza se asocia, desde unha óptica patriarcal, ao traballo remunerado fóra do espazo doméstico.

Á hora de traballar os contidos coeducativos, no tocante ao traballo doméstico, é fundamental que as e os docentes lle dean visibilidade ao traballo reprodutivo co obxecto de fomentar estes tres valores entre o alumnado:

- **Educación en valores da vida** que son imprescindibles para o sostemento da existencia das persoas.
- **Autoestima das mulleres:** trátase de valorar as tarefas tradicionalmente feminizadas como parte do desenvolvemento da sociedade.
- **Corresponsabilidade por parte dos nenos e os rapaces,** igual que o fan as nenas e rapazas.



Tratamento para contidos coeducativos

- Darlles visibilidade ás achegas das mulleres en todos os contidos, áreas e materias ao longo da historia.
- Recoller as contribucións das mulleres nos eidos da ciencia e tecnoloxía.
- Destapar a autoría real dos descubrimentos realizados por mulleres que foron atribuídos aos homes.
- Recoller achegas dos homes nos sectores tradicionalmente feminizados.
- Recoller achegas das mulleres nos sectores tradicionalmente masculinizados.
- Inculcar o traballo doméstico como un valor fundamental para o sostemento da vida das persoas.
- Revalorizar o traballo doméstico e visibilizar a contribución histórica e presente das mulleres neste eido.
- Transmitirlles aos nenos e aos rapaces a igual importancia do traballo doméstico e produtivo co fin de que asuman a súa corresponsabilidade no eido doméstico e nos coidados.

Fonte: elaboración propia.

Imaxes e ilustracións

Poden as imaxes por si transmitir estereotipos e prexuízos sexistas? As imaxes, ao igual que os textos, poden expresar e transmitir ideas. De feito, na etapa infantil, na que as nenas e os nenos non teñen desenvolvida a capacidade de ler, pero si a de interpretar as imaxes, asocian estas coas ideas que lles transmiten. O poder da imaxe é tan relevante

que as persoas asumen o 80% daquilo que ven, o 20% do que len e o 10% do que oen.

As imaxes dos homes son as protagonistas dos materiais didácticos, a excepción do eido doméstico, no que aparecen representadas na súa maior parte as mulleres. Isto supón que os nenos atopan unha gran diversidade de imaxes coas que identificarse no ámbito público e as nenas apenas teñen referentes cos que proxectarse. Por isto, os materiais coeducativos deben conter imaxes de mulleres como protagonistas da historia e en postos de poder, co fin de que as nenas poidan reflectirse, e á súa vez incluír os homes realizando tarefas dependentes e subordinadas, así como tarefas referentes ao ámbito dos coidados, para que os nenos asuman a súa corresponsabilidade no ámbito doméstico.

Ao igual que acontece cos contidos, as imaxes dos homes reafírmanse nas disciplinas científicas e técnicas. Do mesmo xeito, é habitual atopar imaxes de homes traballando con máquinas ou ferramentas, ata o punto de que, ao analizar un libro de texto de maneira pormenorizada, se pode comprobar que a inmensa maioría das imaxes de mans que manipulan ferramentas son de homes. Pola súa banda, as imaxes das mulleres adoitan presentalas nunha postura pasiva, e ás veces mesmo chegan a adornar artefactos deseñados polos homes ou vense implicadas en tarefas complementarias de deseño. Para transformar estas imaxes noutras coeducativas, débese procurar reflectir a existencia de mulleres científicas e técnicas, de mulleres que manipulan obxectos e que aparezan nunha actitude activa.

No caso das profesións que representan cada sexo, é difícil atopar imaxes de homes como enfermeiros, mestres de infantil ou peiteadores. Os homes aparecen representando postos de científicos ou traballando de enxeñeiros; é dicir, en lugares pertencentes ao ámbito público, pero non con profesións asociadas ao coidado e tradicionalmente feminizadas. No caso das mulleres, estas aparecen representando as profesións de coidado, pero será máis difícil atopar unha muller mecánica, científica ou incluso realizando deportes de alto risco. As imaxes coeducativas deberían, polo tanto, conter imaxes de mulleres exercendo profesións tradicionalmente masculinizadas e de homes en profesións tradicionalmente feminizadas. En definitiva, un material coeducativo non debería estereotipar as mulleres nun tipo

de profesión nin os homes noutras, senón que ambos os sexos deben aparecer como iconas en todo tipo de profesións.

Todas as imaxes e as ilustracións estereotipadas atopan un lugar que se arraiga na mente do alumnado, que vai colocando estes esquemas mentais como aquilo que é representativo para cada sexo, polo que acabará interiorizando estas imaxes como as propias do seu sexo. Xa que logo, é moi importante ter isto en conta para escoller os materiais didácticos; aconséllase preparar os propios materiais, de xeito que poidan incluírse imaxes e contidos que ilustren a diversidade de opcións tanto para mulleres como para homes.

Reflexiona: e na túa aula? Observa as imaxes do material didáctico que empregas e contabiliza cantas mulleres e homes aparecen cun rol doméstico ou público

Ver anexo 11: Ficha de observación das imaxes no material didáctico.

Pautas

Tratamento para imaxes e ilustracións coeducativas

- Representar as mulleres na ciencia e na tecnoloxía.
- Representar as mulleres en postos protagonistas e de poder.
- Representar os homes tamén con papeis dependentes e subordinados.
- Representar os homes realizando tarefas domésticas.
- Representar as mulleres en profesións tradicionalmente masculinizadas.
- Representar os homes en profesións tradicionalmente feminizadas.
- Representar as mulleres e homes en todo tipo de profesións.
- Representar a mulleres e homes en todas as situacións sen transmitir imaxes de situacións estereotipadas para ambos os sexos.

Fonte: elaboración propia.

Linguaxe inclusiva

Tanto á hora de analizar os materiais didácticos, libros de consulta ou textos, como á hora de expresarse nas aulas, é moi importante empregar unha linguaxe non sexista.

Todo o que se le xera representacións no pensamento que dan lugar a actitudes e subxectividade. De igual xeito, a linguaxe oral que se emprega condiciona e recolle a visión do mundo e ten unha parte fundamental na aprendizaxe dos códigos de conduta: axuda a interiorizar roles e estereotipos e impulsa o desenvolvemento do xénero social.

Tal e como explica a experta en coeducación María Elena Simón Rodríguez, cando se lle di a un cativo de cinco anos: «Mira como te puxeches, pareces un xitano», é moi probable que nunca reparase en se as nenas e nenos de etnia xitana se asean moito ou pouco, pero a partir dese momento interiorizará que iso é así sen cuestionalo.

A lingua non é algo abstracto, senón tamén instrumental, e serve para que as persoas se comuniquen. A linguaxe é, polo tanto, un instrumento de comunicación e tamén de representación simbólica da realidade. Se se lle pregunta ao profesorado se a linguaxe é un elemento relevante da súa labor docente, de certo contestará que si. A educación é sobre todo palabra, e a linguaxe está na base de todas as relacións que se producen na escola. A través dela vincúlanse contidos da ensinanza e mantense a comunicación entre o profesorado e o alumnado.

Cando unha nena ou neno aprende unha lingua, non adquire simplemente as normas desa lingua, senón o contexto en que as distintas expresións son aceptadas ou non. A adquisición da linguaxe leva consigo a aprendizaxe da comunicación e da propia organización do pensamento.

A linguaxe conforma a realidade porque lles outorga nome ás cousas e porque á súa vez é reflexo da sociedade que a emprega. De feito, falar unha mesma lingua supón compartir unha visión global do mundo, unha serie de crenzas e de valores. Na maioría das linguas existen dous pronomes de terceira persoa, singular e plural, cunha forma para cada sexo. Así, a lingua galega contén as formas el, ela, eles, elas, pero tamén nosoutros, nosoutas, vosoutros e vosoutas. Tamén hai linguas que non fan esta distinción, como, por exemplo, o finés e o éuscaro.

Son a lingua finlandesa e a vasca máis sexistas ca a galega ao non facer esta distinción? Existen linguas máis sexistas ca outras? As linguas

non son sexistas, o sexismo establécese a través dun uso personalizado e da cultura. Para poder modificar o sexismo na linguaxe, é imprescindible investigar en que usos a sociedade reproduce o dito sexismo. Dúas formas principais de uso sexista son a ocultación e o menosprezo da muller.

Ocultación da muller

Todo o que non se nomea non existe. A lingua, mediante o uso do **masculino xenérico**, contribúe a esta ocultación, pois este emprégase de forma xeral para ambos os sexos e tamén como específico do masculino, co cal o feminino queda oculto e só se pode saber se está incluído polo contexto: «Todos os traballadores comezarán a xornada á mesma hora. Aqueles que teñan redución dunha hora por maternidade...».

Así mesmo, o xenérico *home* é un termo ambiguo porque significa tanto persoa como varón. Dependendo do contexto lingüístico, a voz *home* pode incluír ou non a muller. Á parte desta confusión, o problema engadido atópase no feito de que no imaxinario se ten como referente maioritariamente o masculino. Cando se di a palabra *médico* pensase automaticamente nun varón, aínda que se saiba que tamén as mulleres exercen esa profesión. A linguaxe que omite, nega ou non lle outorga igualdade de oportunidades á expresión, ou non explica a realidade no seu conxunto, afasta as mulleres e os homes do coñecemento xusto e completo.

Cando se modifica a linguaxe, cámbiase o diálogo co resto das persoas e tamén connosco, de tal maneira que se entende o mundo como unha realidade conformada por mulleres e homes. Para isto é preciso modificar o uso do masculino xenérico e comezar a incluír as mulleres na linguaxe. É preciso esquecer o asumido para volver a aprender. Cunchas pautas básicas de uso de linguaxe non sexista, calquera docente pode comezar a utilizar linguaxe inclusiva escrita e oral. Na seguinte táboa descríbense as pautas que deben seguirse para facer un uso non sexista da lingua.

Uso inclusivo da linguaxe

- Uso da forma feminina (ex: *a ministra*)
- Uso das formas xenéricas (ex: *persoa* en vez de *home* ou *persoas maiores* en vez de *anciáns*)
- Uso de expresións neutras ou despersonalizadas (ex: *A xustiza non sabe como abordar este problema* en vez de *Os xuíces...*)
- Uso das formas dobres (ex: *todas e todos, titores e titoras*)
- Uso de cambio de pronomes (ex: *Todo o mundo aplaudiu* en vez de *Todos aplaudiron*)
- Uso de calquera, cada, ningún (ex: *Calquera estudante recibirá...* en vez de *O estudante recibirá...*)
- Uso de adxectivos ou substantivos invariables (ex: *o carné de estudante* en vez de *o carné do alumno*; *Lugo ten 97 995 habitantes* en vez de *Lugo ten 97 995 cidadáns*)
- Uso de quen en vez de *el/eles* (ex: *quen solicite* en vez de *o solicitante*)
- Uso do verbo en lugar do adxectivo ou substantivo (ex: *Non sabemos quen participará primeiro* en vez de *Non sabemos quen será o primeiro entrevistado*)
- Uso da voz activa en lugar da pasiva (ex: *ter a obriga de cumprir o deber* en vez de *estar obrigado a cumprir un deber*)
- Uso da simplificación na redacción (ex: *permite unha lectura sinxela* en vez de *permite unha lectura sinxela aos rapaces*)

Fonte: elaboración propia a partir da *Guía para el uso no sexista del lenguaje en la Universitat Autònoma de Barcelona* e *Criterios para unha linguaxe non sexista*.

Outra forma de ocultar a muller é a través do **salto semántico** que se dá cando nunha mesma frase aparece o xenérico con carácter específico: «Os fenicios chegaron coas súas mulleres». Tamén cando nunha primeira frase aparece o masculino no seu sentido xenérico e máis adiante se volve referir ao varón unicamente: «Quedan invitados todos os estudantes desta facultade. Aqueles estudantes que queiran traer as súas noivas poden facelo».

Menosprezo da muller

Hai palabras que teñen un significado diferente segundo figuren en masculino ou en feminino; no caso do feminino, adoitan ter unha connotación pexorativa ou sexual. Estas parellas de palabras son un bo exemplo disto, pois un *fulano* é «un home, un individuo», pero unha *fulana* é «unha prostituta». Do mesmo xeito, un *home público* é unha figura que ten representatividade co seu cargo na sociedade, pero unha *muller pública* é unha prostituta.

gobernante	gobernanta
fulano	fulana
home público	muller pública

Tamén hai palabras femininas que denotan insultos para a muller e non teñen equivalente en masculino, como é o caso de harpía ou adxectivos encamiñados a reforzar estereotipos sexistas: doce, amable ou cariñosa.

Reflicte o profesorado un uso sexista da lingua no seu labor docente?

As e os docentes, ao igual que o resto das persoas, transmiten os usos da lingua que aprenderon. Un uso sexista amósase no feito de que se dediquen máis palabras dirixidas aos nenos que ás nenas. Nun estudo realizado polas expertas en coeducación Marina Subirats e Cristina Brullet, estas demostraron que o profesorado lles dedica de media 100 palabras aos nenos fronte 74 ás nenas; é dicir, un 26 % menos de palabras dirixidas ás nenas.

Así pois, dedícaselles máis atención aos nenos ca ás nenas, coas cales se adoitan empregar máis diminutivos tipo neniña, bonitiña, rapaciña, mentres que cos nenos se empregan máis aumentativos tipo neno grande ou campión.

Así mesmo, transmítenselles diferentes mensaxes aos rapaces e ás rapazas. Existe unha tendencia a falarlles ás nenas en termos de aparencia e aos nenos en termos de valor, a adxectivar máis a linguaxe dirixida ás nenas e a falar máis con interaccións persoais cos nenos; ás nenas faláselles menos do seu comportamento e dos seus movementos e emprégase con elas unha linguaxe lixeiramente máis enfática.

Reflexiona: e na túa aula? Observa a linguaxe oral que empregas na túa aula coa axuda dunha gravadora. Unha vez rexistrada a túa voz, analiza se pos a mesma atención e se existen diferenzas de trato nas mensaxes que lles dirixes ás alumnas e aos alumnos.

Ver anexo 12: Ficha de observación da linguaxe oral na aula.

En definitiva, é preciso ser consciente dos posibles usos sexistas que se lle estean a transmitir ao alumnado para comezar a corrixilos.

Usos non sexistas da lingua

- Nomear as mulleres e os nomes coas alternativas ao masculino xenérico.
- Non facer uso do salto semántico.
- Descartar o uso de palabras que estereotipen as mulleres.
- Evitar o uso de palabras que denotan insultos para as mulleres.
- Dedicarlles o mesmo numero de palabras e atención ás nenas e aos nenos.
- Falarlles ás nenas en termos de valor e non só de aparencia.
- Personalizar a linguaxe cando falemos con nenas.
- Non resaltar a linguaxe dirixida ás nenas.
- Non adxectivar en exceso cando nos dirixamos ás nenas.

Fonte: elaboración propia.

Contos coeducativos

Os contos infantís e os libros xuvenís son un excelente recurso didáctico para educar en igualdade. Non obstante, tamén figuran entre os máis eficaces materiais didácticos como axentes de transmisión de normas, valores e ideoloxías sexistas. Por isto, é preciso analizalos con perspectiva de xénero para ver se amosan un sexismo que poidan insartar as nenas e nenos a desenvolver certos roles sexuais na familia e na sociedade. Unha mostra do sexismo pódese atopar nos contos de fadas, os cales propagan estereotipos e perpetúan a idea de que as virtudes das mulleres son a beleza natural, a obediencia aos pais e aos esposos e a dedicación ao fogar.

Outro indicador sexista que se pode apreciar nos contos infantís é o desequilibrio entre o número de personaxes masculinos e femininos, pois sempre se atopan máis heroes masculinos, e as personaxes femininas adquiren moitas veces un papel secundario, o que afecta tanto ao seu rol como ás actividades que desempeñan. Do mesmo xeito, os obxectos que acompañan as personaxes poden estar estereotipados e presentar, por exemplo, as personaxes femininas con obxectos domésticos e relacionados coa beleza e o fogar, mentres os personaxes masculinos aparecen manipulando artefactos ou obxectos de acción e tradicionalmente considerados masculinos. Así mesmo, nas ilustracións pódese apreciar un desequilibrio no número de personaxes femininas e masculinos ou no uso das cores, que poden estar estereotipadas, de tal xeito que se empregue o rosa para as personaxes femininas e o azul para os masculinos. Tamén as emocións poden aparecer estereotipadas e amosar as personaxes femininas como doces, dependentes e sensíbles mentres que os personaxes masculinos se mostran como agres, independentes e insensíbles.

Por último, a linguaxe sexista que emprega o masculino xenérico e omite as mulleres, ao tempo que estereotipa os personaxes, é outro indicativo característico dos contos sexistas.

Os contos, desde a perspectiva de xénero, ofrecen a posibilidade de transmitir modelos de relación e desenvolvemento afastados de estereotipos sociais e culturais, e para poder modificalos é preciso reflexionar de maneira crítica ante eles. Tal e como indica a autora da guía *El alma de los cuentos*, Ana María Castaño, os contos supoñen unha forma

de relación do alumnado, respecto dos seus contornos e circunstancias, e unha forma de enfrontarse a novas situacións e conflitos, pois permiten extrapolar as resolucións ao seu día a día. Ademais, son un excelente recurso didáctico para a valoración crítica de actitudes psicoafectivas e, especificamente, respecto ao xénero, pois conducen á adquisición de valores e á eliminación de estereotipos.

Reflexiona: e nos teus contos? Observa os contos e analiza se aprecias diferenzas nos contidos, as ilustracións, as cores, as personaxes, as relacións, as actividades, os obxectos, a linguaxe ou os argumentos.

Ver anexo 13: Ficha de observación de contos sexistas.

O conto posúe unha serie de características con valor coeducativo que se poden observar en canto ao título, o argumento, a narración, a linguaxe ou as e os personaxes.

Título: debe ser suxestivo e motivador, que se profile como un indicador do seu contido; polo tanto, non debe conter estereotipos.

Argumento: adaptado aos intereses do alumnado, conectando coa súa realidade e situado na perspectiva de xénero e de respecto á diversidade; é dicir, que transmita modelos de igualdade, tanto no que respecta á temática que aborde como aos feitos ou situacións que narre.

Narración: estruturada cun fío lineal en que se determine de forma clara a presentación, o nó e o desenlace.

Linguaxe: adaptada á idade á cal vai dirixido o conto, sen deixar de ser rigorosa, precisa e enriquecedora. Uso equilibrado dos masculinos e femininos referidos ás persoas, así como das calidades expresadas en adxectivos caracterizadores.

Personaxes: equilibrio en canto ás personaxes femininas e personaxes masculinos; coidado da asignación de funcións ou perfís non estereotipados en canto ás características persoais, profesionais ou obxectos asignados aos personaxes.

Á hora de observar ou mesmo de crear un conto coeducativo, pódense ter en conta toda unha serie de pautas de tratamento coeducativo de acordo cos contidos, as ilustracións, as cores, as e os personaxes e as relacións que manteñen entre elas e eles, as actividades que realizan,

os obxectos que os acompañan, a linguaxe que empregan ou os mesmos argumentos sobre o fomento da igualdade entre mulleres e homes.

Pautas

Tratamento para contos coeducativos

- Equilibrio entre número de personaxes femininas e masculinos.
- Equilibrio entre papeis persoais e profesionais desempeñados polas e polos personaxes protagonistas.
- Compensación na asignación de actividades: deportes, ciencia, actividades domésticas, riscos, aventuras etc.
- Énfase nas capacidades e habilidades e non nas características físicas.
- Asignación non estereotipada de obxectos do día a día das e dos personaxes.
- Igualdade en canto a sentimentos e elementos emocionais: valentía, medo, responsabilidade, sensibilidade, decisión, éxito social etc.
- Asignación de cores non estereotipadas ás ilustracións.
- Ilustracións equilibradas en canto ao número de personaxes femininas e masculinos.
- Linguaxe non sexista.
- Argumentos que destaquen a igualdade ou fomenten a súa análise crítica.

Fonte: elaboración propia a partir do estudo de Adela Turín (2006).

Xogos e xoguetes coeducativos

Todas as nenas e nenos deben xogar e divertirse para satisfaceren a súa necesidade de moverse, indagar, crear, relacionarse, expresarse, intercambiar vivencias, accións e pensamentos. Os xoguetes, ao igual que os contos, son instrumentos que socializan, inculcan ideas, crenzas, valores sociais, expectativas, necesidades, ofrecen modelos de actuación, ensinan a solucionar conflitos, esbozan un mundo máxico e proporcionan unha fonte de imaxinación e creación. Cabe preguntarse se os xogos e xoguetes que usan as nenas e os nenos son sexistas? Por suposto que poden selo, e isto incluso pode ser a norma. Tanto é así que en moitos cuartos de nenos se poden atopar coches, materiais educativos, heroes e xoguetes que representan animais ou xogos de ciencia, acción ou aventura; pola súa banda, en moitos cuartos de nenas pódense atopar máis monecas, xogos de traballos manuais ou xoguetes de tipo doméstico.

Os xogos e os xoguetes son outra forma máis de impoñer e perpetuar a desigualdade no repartimento de funcións segundo o sexo, o que contribúe ao mantemento do sexismo.

Cando as nenas xogan con bonecas ou con xoguetes relacionados coa enfermaría ou o coidado doutras persoas, aprenden a atender as necesidades alleas, a realizar a actividade afectiva e de coidados que viron como desempeñaban as súas nais e outras mulleres. Os xoguetes dos nenos poden ser ben distintos, e mesmo algúns deles, os bélicos, requiren o desenvolvemento de actitudes opostas aos coidados e á capacidade para atender as necesidades e sentimentos alleos. Se un neno sempre xoga con pistolas, tanques, bonecos e videoxogos onde os protagonistas agriden a quen consideran os seus inimigos, terá menos capacidade para ter en conta os afectos, os sentimentos e as necesidades alleas. A súa capacidade para desenvolver a empatía (poñerse no lugar da outra persoa, tendo en conta os seus sentimentos) e para relacionarse de maneira cooperativa e pacífica quedará limitada, e probablemente teña que reprimir os seus afectos para demostrar que é un home coma o que viu en videoxogos, películas etc.

As diferenzas chegan ao punto de que se estimula máis nos nenos ca nas nenas a práctica do exercicio físico nos primeiros anos da vida. Cando se trata de nenas, acariciáselles e faláselles máis ca aos nenos. E que ocorre coa agresividade nas nenas e nos nenos? Tende a tolerarse máis nos nenos e, en moitos casos, as propias familias reforzan estas condutas violentas nos nenos fomentando a práctica de certos deportes e xogos. Ademais de pensar que as nenas e nenos son diferentes e potenciarlles o uso duns determinados xogos e xoguets, chégase a atribuírlles un valor inferior ás nenas e ao feminino. Así, xogar ao fútbol e pensar que o teu fillo será futbolista de elite non ten o mesmo valor para as familias que xogar ás casiñas e pensar que a túa filla será unha magnífica coidadora.

É fundamental que o profesorado comprenda o papel que desempeñan os xogos e xoguets no desenvolvemento das nenas e nenos. Estes xogan un rol fundamental na etapa de educación infantil, cando é preciso diferenciar as zonas de xogo motriz, de acción e de coidado para fomentar un desenvolvemento libre das persoas sen estereotipos de xénero. Deste xeito, as nenas e os nenos desenvolverán a súa capacidade motriz, participarán nos xogos de acción e ao mesmo tempo de coidado, sen diferenciar ou etiquetar os xogos, e manexarán todas as posibilidades de interacción ao seu alcance. Para isto, as e os docentes poden reorganizar os espazos de xogo e asegurarse de motivar por igual as alumnas e os alumnos.

Reflexiona: e os xogos e xoguets da túa aula? Observa os xogos e xoguets da túa aula ou dos cuartos de nenas e nenos e observa se son coeducativos.

Ver anexo 14: Ficha de observación de xogos e xoguets coeducativos.

Á hora de deseñar xogos e escoller xoguets coeducativos, hai que observar que os xoguets non fomenten roles sexuais diferenciados nos que as nenas aprendan a ser coidadoras e os nenos a ser provedores que se desenvolven no espazo público. Para isto, é preciso asegurarse de que se potencian as dúas facetas en ambos, polo que é necesario que os nosos nenos teñan bonecas e bonecos e unha cociña na que se familiaricen cos coidados e vaian integrando a corresponsabilidade.

De igual xeito, as nenas poden ter xoguetes de acción que estimulen a súa parte proactiva ao igual que o fan os nenos, o cal fomentará unha actitude activa fronte á pasiva, que é un factor determinante na loita da prevención da violencia de xénero. Neste sentido, é importante evitar os xogos que fomenten a violencia para os nenos, como os videoxogos, as pistolas etc., xa que esta é tamén unha maneira de previr a violencia de xénero. Ao inculcar actitudes pasivas nas nenas e violentas nos nenos, estase a inculcar o primeiro xerme da violencia de xénero. Pola contra, escoller xogos e xoguetes mediante os que nenas e nenos cooperen para alcanzar un mesmo obxectivo, e nos que precisen comunicarse de maneira eficaz, como os quebracabezas ou os xogos de mesa, sempre será unha boa elección didáctica. Por último, é igualmente relevante que nas idades máis avanzadas, entre os 9 e os 12 anos, se comece a xogar con xoguetes que anticipen profesións adultas, como os relacionados coa electricidade, a química ou o microscopio, posto que estimularán a súa imaxinación e creatividade.

Identificar xogos e xoguetes coeducativos

- Descartar xogos e xoguetes que reproduzan e fomenten roles sexuais.
- Organizar o espazo de xogo cunha zona motriz, unha de acción e outra de coidado na etapa infantil.
- Escoller xogos e xoguetes que fomenten tamén o coidado nos nenos.
- Escoller xogos e xoguetes que fomenten a acción nas nenas.
- Escoller xogos e xoguetes que fomenten o desenvolvemento das capacidades da nena e do neno e posibiliten tanto xogos tranquilos como de acción.
- Rexeitar xogos e xoguetes que fomenten a violencia.
- Escoller xoguetes que promovan a igualdade para a vida futura e o desenvolvemento de sentimentos e afectos.
- Escoller xogos e xoguetes que fomenten a cooperación nos cales se procure un mesmo obxectivo entre todas e todos.
- Escoller xoguetes e xogos que fomenten as capacidades de pensar e de resolver problemas.
- Escoller xoguetes que fomenten a comunicación e as relacións entre iguais.
- Escoller xogos e xoguetes que estimulen a imaxinación e a creatividade.
- Escoller xoguetes que estimulen a curiosidade e o interese por investigar.

Fonte: elaboración propia a partir da Guía xogos e xoguetes para a igualdade (2009).

Patios coeducativos

O patio é un espazo pouco regulado no que as nenas e os nenos poden reforzar as diferenzas de xénero e establecer fronteiras entre o que consideran propio dunhas e doutros. Do mesmo xeito, este pode ser un lugar idóneo para traballar a coeducación e diminuír esas diferenzas e prexuízos entre ambos os sexos. Para isto é preciso diagnosticar a situación previa dos patios galegos en materia de sexismo e actuar con pautas igualitarias para transformar estas prácticas sexistas por outras coeducativas. Pero cal é de maneira xeral a situación que presentan a maioría dos patios galegos? Ao observar un patio calquera dun centro escolar obsérvase como o espazo central está ocupado polos nenos e as nenas quedan relegadas aos recantos. Vemos así dous tipos de comportamentos: o dominante dos nenos fronte ao pasivo das nenas.

O mellor exemplo do comportamento dominante evidénciase a través do deporte que ocupa a maior parte do espazo e do tempo nos patios dos centros escolares: o fútbol. De feito, os patios xa están deseñados pensando no fútbol, polo que as liñas de xogo configuran por norma a meirande parte do espazo do recreo. Desta maneira, o resto do alumnado queda relegado aos recantos do patio, onde se atopan maioritariamente as nenas, que quedan situadas nun papel secundario dentro do espazo delimitado para o xogo.

E que pasaría se non houboese balón nos patios dos recreos? E se a estrutura do espazo estivese distribuída doutra forma, cambiaría algo? O certo é que unha distribución máis equitativa do espazo sen a delimitación dos campos de deportes facilita a interacción no espazo de xogos pasivos. Cando as nenas e nenos se atopan cun patio sen balón, ao principio sentiranse en desconcerto e deixarán libre o centro do patio, pero a medida que pase o tempo, producirase unha ocupación progresiva do espazo e comezarán a organizarse xogos colectivos de ampla participación. Ademais, o tipo de xogos que organiza o alumnado son neutros, como o pano ou tocar e parar e a interacción entre ambos os sexos e cursos é moito maior.

Reflexiona: e no patio do teu colexio? Observas diferenzas entre alumnas e alumnos na distribución do patio e nos seus comportamentos?

Ver anexo 15: Ficha de observación de patios coeducativos.

Como o xénero é algo social, as diferenzas vanse acrecentando a medida que se avanza nas etapas educativas. De feito, nas escolas infantís as nenas e os nenos comparten os espazos comúns de xogo e incluso o mesmo baño, posto que se comportan con normalidade sen presentar aínda os prexuízos sexistas que xa terán interiorizados no segundo ciclo de infantil (de 3 a 5 anos). O que acontece é que desde os 0 ata os 3 anos as relacións entre ambos os sexos son moito máis naturais e non atenden a un xénero social que se acrecenta e marca as súas diferenzas co paso dos anos. Ao avanzar a idade, obsérvase como nenas e nenos empregan o espazo de maneira diferente en canto á súa extensión: os nenos ocupan áreas moito máis centrais, amplas e hexemónicas e elas ocupan espazos máis periféricos e secundarios. Así mesmo, as actividades realizadas por ambos os sexos son valoradas de maneira diferente, polo que os nenos dedican o seu tempo ao deporte, que é unha actividade valorada, e as rapazas dedican o seu tempo a actividades que non son valoradas e que son clasificadas como pasatempos: saltar a goma, bailar, patinar ou falar.

As condicións espaciais do patio inflúen directamente nas condutas de xogo dos centros escolares, polo que é preciso promover alternativas de xogo para as persoas ás que non lles gustan os deportes maioritarios. Neste sentido, é fundamental intervir no patio e fomentar que as nenas participen nos xogos e deportes considerados máis «masculinos» e valorados pola sociedade, e ademais promover nos nenos a participación nos xogos considerados «femininos» para revalorizalos. Ao mesmo tempo, cómpre propoñer tamén alternativas de xogos máis neutras, onde todo o alumnado participe e colabore de maneira cooperativa. Estas son algunhas pautas a ter en conta para transformar os espazos do recreo en patios coeducativos.

Un patio coeducativo

- Fomentar usos do espazo sen estereotipos de xénero.
- Impulsar a práctica de xogos neutros.
- Fomentar nas rapazas o uso do espazo mediante a promoción doutros deportes que non sexan o fútbol.
- Reducir o protagonismo dos deportes que ocupan e invaden a maioría do espazo nos patios.
- Propoñer alternativas de xogos neutros que fomenten o coidado e a cooperación.

Fonte: elaboración propia a partir de *El recreo igualitario* (2005).

Educación Física coeducativa

A Educación Física xoga un papel fundamental na transmisión ou compensación das desigualdades de xénero. No tocante á Educación Física, ao redor de que xiran as diferenzas de xénero? As diferenzas de xénero xiran ao redor da **exclusión da muller do deporte**.

Malia que no nivel de competición o deporte está equilibrado en número de mulleres e homes (ao redor dun 57% de homes fronte a un 43% de mulleres no último equipo olímpico español) no resto dos ámbitos deportivos a situación está aínda moi lonxe da igualdade. De feito, na práctica xeral realizan deporte o 41% dos homes fronte ao 26% das mulleres. E que ocorre nas actividades extraescolares, no deporte federado e na xestión deportiva do ámbito federado? Obsérvanse desigualdades? Un 30% das mulleres practica deporte extraescolar, un 16,2% practica deporte federado e un 7% dedícase á xestión deportiva no ámbito federativo. Estas cifras desprenden unha desigualdade na práctica do deporte cuantitativa que tamén é cualitativa. Canto gaña un futbolista do club Barcelona fronte a unha futbolista do mesmo

club? As diferenzas son máis que apreciables e as súas condicións para levar a cabo o deporte de elite tamén son moi desiguais.

Os medios de comunicación, a pesar dos cambios que se están a percibir nos últimos anos, seguen a limitar na súa maioría o interese social do deporte de competición feminino fronte ao masculino. Isto débese á consideración do **deporte como unha actividade pública** e, polo tanto, destinada aos homes, e a unha **falsa definición do corpo feminino** e as súas funcións como un ben para o resto das persoas do cal a muller foi desposuída. Como consecuencia, a sociedade presenta unha serie de estereotipos de xénero como os seguintes: desde o punto de vista biolóxico, as mulleres están menos preparadas para o deporte, a súa capacidade física é menor, están menos interesadas e motivadas, para as rapazas é máis adecuado o desenvolvemento de aspectos expresivos e artísticos (danza, expresión corporal...), mentres que os rapaces son máis aptos para o deporte e a actividade física. En consecuencia, estímase que as rapazas están menos preparadas para o exercicio intenso, a competición, os exercicios físicos violentos e os de contacto corporal.

Estes estereotipos vencellados ao deporte fan que as persoas o consideren como algo masculino, algo que «se lles dá mellor por natureza aos homes», e serán transmitidos tamén nas aulas de Educación Física se non se educa en igualdade. É importante para o profesorado identificar estes clixés de xénero, que se reflicten nunha serie de actitudes e comportamentos como son as frases estereotipadas sobre a conduta das alumnas e os alumnos ou a diferente ocupación do espazo por parte das nenas e os nenos.

Indicadores sexistas na Educación Física

- Tipo e número de reforzos: préstaselles máis atención aos rapaces que a demandan e as rapazas inhíbense.
- Linguaxe: emprégase o masculino xenérico que silencia as rapazas.
- Frases estereotipadas sobre a conduta das alumnas e os alumnos.
- Diferentes expectativas: os rapaces son máis hábiles e non se lles presta atención ás habilidades das rapazas.
- Modelos para as demostracións: case sempre son rapaces.
- Ocupación do espazo: os rapaces ocupan espazos máis amplos e centrais e as rapazas fican marxinas.
- Configuración de grupos: agrupamentos por sexos.
- O sexo dos materiais: eles adoitan escoller os que están en mellor estado.
- Actividades extraescolares: as actividades ofertadas teñen en moitos casos un carácter androcéntrico.

Fonte: elaboración propia a partir de *Guía para unha Educación Física no sexista* (1990).

Reflexiona: e na túa aula de Educación Física? Observa a práctica docente e determina cales dos indicadores sexistas son ou non recollidos na túa aula de Educación Física.

Ver anexo 16: Ficha de observación de indicadores sexistas na Educación Física.

Ademais destes indicadores sexistas, é importante que o profesorado poña atención nas actitudes estereotipadas do alumnado durante o desenvolvemento das clases. Obsérvase, por exemplo, como as rapazas pensan que o deporte é cousa de rapaces e como eles pensan que son mellores por natureza. Mentres as rapazas se negan a xogar con eles porque son brutos, eles negaranse a xogar a cousas que consideran de nenas.

É fundamental que as e os docentes de Educación Física identifiquen estas actitudes para erradicalas das súas aulas.

Actitudes das rapazas	Actitudes dos rapaces
Rexeitamento do esforzo físico de media intensidade.	O mito e o reflexo do heroe: o esforzo e a loita como cousa de homes. Isto é de nenas.
O deporte é cousa de rapaces.	Os rapaces somos mellores.
Os rapaces son mellores no deporte.	Eu son o capitán do equipo.
Prefiro non participar; non nos deixan xogar.	Non quero xogar con nenas porque son unhas zouponas.
Non xogo con eles porque son uns brutos.	Isto é de nenas.
Hoxe non podo asistir á clase porque teño o período.	

Fonte: elaboración propia a partir de *Guía para una Educación Física no sexista* (1990).

E como pode o profesorado erradicar os estereotipos de xénero desde o seu labor docente? Para isto o profesorado pode establecer toda unha serie de pautas de acción que fomenten a igualdade, como son traballar en grupos mixtos; designar as nenas para cuestións de liderado e así romper coa imaxe de que eles son mellores para o deporte; facer demostracións cos rapaces para as tarefas consideradas « máis femininas», como o ritmo e a flexibilidade, ou asegurarse de que se faga un uso equitativo do material. En definitiva, levar a coeducación á Educación Física.

Educación Física non sexista

- Grupos mixtos: por habilidades e capacidades segundo se estea a traballar un contido ou outro.
- Actividades motivadoras: integrar actividades que interesen por igual ás rapazas e aos rapaces.
- Designar nenas para cuestións de liderado, arbitrase, control de materiais etc.
- Demostracións con nenas para elevar a súa autoestima.
- Demostracións con rapaces para as tarefas consideradas máis «femininas» (ritmo, flexibilidade), para romper roles de xénero.
- Actividades con niveis de execución similares: sen grandes diferenzas entre subgrupos de clase.
- Material equitativo: deixar constancia do uso do material equilibrado e equitativo para rapazas e rapaces.
- Actitudes cooperativas e sociais: baseadas na solidariedade, colaboración e respecto, como que tanto rapazas como rapaces recollan o material.
- Valorar o esforzo, o equilibrio persoal e o benestar físico: por diante da forza e da velocidade.

Fonte: elaboración propia a partir de *Coeducar en Educación Física* (2008).

Orientación coeducativa

«As mulleres son de letras e os homes de ciencias». Aínda que esta frase poida parecer en desuso, aínda hoxe perdura este prexuízo de xénero

nas ramas e carreiras profesionais que escolle o alumnado. Tanto é así que as matemáticas e os estudos técnicos están masculinizados, ao igual que ocorre na formación profesional, onde os ciclos de automoción, carpintaría ou mecanizado están ocupados polos homes, mentres que o ámbito sociocomunitario, a educación infantil, a imaxe persoal ou o téxtil están claramente feminizados. Por que as rapazas se decantan máis polas humanidades que polas ciencias? Por que os rapaces non escollen carreiras tradicionalmente femininas? Existe aínda a idea de que hai traballos masculinos e femininos? Todas estas cuestións poden ter que ver coa socialización diferencial de xénero?

De acordo cos últimos datos do informe PISA do ano 2015, só o 7% das rapazas de quince anos queren dedicarse a profesións técnicas, porcentaxe que se triplica no caso dos rapaces. Este estudo sinala tamén que as rapazas superan claramente os rapaces en capacidade lectora, mentres que o seu rendemento en matemáticas e en ciencias é menor. Este dato repítese tanto en España como nos países da OCDE. Diferentes estudos demostran que estas diferenzas no rendemento en matemáticas e en ciencias dependen do grao de igualdade existente no país e que están influenciadas por estereotipos sociais que determinan a actitude das rapazas ante esas materias. Entre as actitudes diferenciais das rapazas e os rapaces pódese observar, por exemplo, como as rapazas son máis conscientes da necesidade de formación e de obter unha titulación mentres os rapaces lle dan menos importancia ao feito de ter unha formación e de obter unha cualificación, pero confían máis ca as rapazas nas súas posibilidades de éxito.

Reflexiona: e na túa aula? Observa se atopas diferentes actitudes entre as rapazas e os rapaces fronte á orientación persoal, académica e profesional.

Ver anexo 17: Ficha de observación de indicadores diferenciais por sexo na orientación persoal, académica e profesional.

E que ten que ver o profesorado con todo isto? As e os docentes, ao igual que o resto da sociedade, son persoas que están a recibir todas estas mensaxes estereotipadas a través dos medios de comunicación e das súas propias familias ou amizades, polo que de maneira inconscien-



te tamén poden transmitir as súas expectativas con respecto do comportamento ao alumnado. É preciso describir os estudos sen distinción de xénero e evitar a transmisión de ideas que poidan incorrer nunha percepción da división entre estudos «masculinos» e «femininos» e situar as nenas e nenos, no plano das diferenzas sexuais naturais, en comportamentos e roles diferenciados.

Existe unha relación entre as **expectativas** e a **interacción recíproca** ata o punto de que a primeira condiciona a atención desigual inconsciente outorgada a cada grupo sexual. A menor participación feminina conduce a reforzar as expectativas do profesorado sobre a relación entre xénero e determinadas materias e desanima en moitos casos as rapazas con respecto ás eleccións profesionais ou de estudos no ámbito científico-técnico. Outras veces, aínda que as rapazas decidan orientarse cara ás carreiras técnicas, ao terminaren os estudos e entraren no mercado de traballo, desanímanse polas desigualdades que aprecian ao exercer a súa profesión. Deste xeito, en moitas ocasións atopamos en titulacións de enxeñería mulleres que son as primeiras da carreira, pero ao finalizaren deciden opoñer á Administración pública ou dedicarse á docencia, mentres que os seus homólogos varóns ocupan postos de enxeñeiros nas empresas privadas.

É importante que todas as accións que se leven a cabo para modificar as eleccións nos estudos se inicien nos primeiros anos de escolarización, pois a súa eficacia é moi escasa cando as accións socioeducativas se emprenden a partir dos 12 ou 13 anos. De aí vén a importancia de coeducar desde as idades máis temperás e de orientar sen condicionantes de xénero o alumnado para que poida escoller libremente aquilo que desexa ser e cara ao que sente unha atracción especial, para que desenvolvan o seu talento e vivan así unha vida sen condicionantes de xénero. De feito, desde os primeiros anos de escolarización, as nenas e os nenos comezan a imaxinar como serán de maiores, cal será a súa profesión, como e con quen vivirán. O profesorado pode acompañalos neste proceso axudándolles a expresar os seus desexos e a que desenvolvan os seus talentos e habilidades ao longo das diferentes etapas educativas sen estereotipos de xénero. A mensaxe que se lle debe transmitir ao alumnado é que non existen traballos para mulleres e homes, senón que estes dependen das capacidades, habilidades, actitudes e motivacións de cada persoa.

E que pautas se poden ter en conta para procurar unha orientación coeducativa? Animar as rapazas e os rapaces a que se proxecten en diferentes situacións persoais, laborais e sociais a través de actividades e do xogo simbólico para que vaian experimentando en diversos ámbitos e poidan reflexionar sobre aquilo que máis lles gusta e onde se desenvolven mellor. Outra pauta a ter en conta é recoller tanto modelos masculinos como femininos nas diferentes profesións e procurar, sobre todo, amosar mulleres en profesións tradicionalmente masculinizadas e homes en profesións tradicionalmente feminizadas. A práctica da orientación debe ser personalizada e para iso deben terse en conta os talentos e motivacións de cada alumna e alumno co obxecto de atender aqueles ámbitos polos que as persoas amosan unha predilección ou para os que posúen unha actitude, capacidade ou talento especial. De igual xeito, é importante romper os estereotipos de xénero de tal maneira que se realicen todo tipo de tarefas tanto con nenas como con nenos para asegurarse de que non se asenten naquilo que consideran máis feminino ou masculino e transmitirles que as tarefas non teñen xénero. As tarefas por excepción para interiorizar e valorar son as relacionadas co ámbito doméstico. Aquí é primordial traballar cos nenos para que as asuman ao igual que o fan as nenas co fin de modificar os datos actuais, que sinalan que as mulleres dedican catro horas e corenta e cinco minutos á semana ás tarefas domésticas mentres os homes dedican dúas horas e oito minutos. Por último, é relevante inculcar no alumnado a necesidade de valorar e xestionar o seu tempo, co obxectivo de que o distribúan entre o público, o doméstico e o tempo de lecer, e que aprendan a respectar tamén o tempo das outras persoas.

Orientación coeducativa

- Animar o alumnado a proxectarse en distintas situacións persoais, laborais e sociais.
- Amosar experiencias de mulleres e homes en profesións non tradicionais.
- Potenciar un desenvolvemento individual en cada alumna ou alumno e poñer especial atención naquilo polo que amosan maior entusiasmo.
- Realizar todo tipo de tarefas coas nenas e os nenos para que non se estanquen naquilo que se considera máis feminino ou masculino ou «propio» do seu sexo.
- Ensinar a valorar o traballo doméstico, potenciar que as nenas e os nenos comecen a realizar estas tarefas e se corresponsabilicen coas persoas coas que conviven.
- Ensinar o alumnado a valorar o tempo para descansar, coidarse, traballar, pensar e para respectar o tempo das demais persoas.

Fonte: elaboración propia.

II. Actividades

Actividades para o profesorado

Actividade 4: Materiais didácticos coeducativos

Obxectivo: Analizar o sexismo presente nos materiais didácticos e aprender a transformalos en materiais coeducativos tendo en conta as pautas de tratamento para materiais didácticos igualitarios.

Descrición: Analiza o seguinte material didáctico dun libro de Ciencias Sociais do curso 2018-2019. Identifica o sexismo no contido, as ilustracións e a linguaxe e converte o material en coeducativo tendo en conta as seguintes pautas non sexistas:

- Utilizar unha linguaxe, contidos e ilustracións non sexistas.
- Recoller as achegas de mulleres e homes, para evitar que nos feitos históricos e na evolución humana aparezan só como protagonistas os homes.
- Darlles visibilidade ás achegas das mulleres en todos os contidos, áreas e materias ao longo da historia.

Os humanistas

Os ideais do Humanismo reflectíronse no pensamento dos eruditos (Giovanni Pico della Mirandola, Erasmo de Róterdam ou Tomé Moro...) Tamén contribuíron a alcanzar un extraordinario desenvolvemento científico e técnico (Nicolao Copérnico, Leonardo Da Vinci, Miguel Servet...).

Humanistas	Achegas á cultura e a ciencia
Leonardo da Vinci (1452-1519) Pintor, inventor, botánico e escritor italiano. Arquetipo do humanista.	Desenvolveu proxectos como o helicóptero, o submarino e o automóbil, que non se chegaron a construír pero sentaron as bases da ciencia moderna.
Erasmo de Rotterdam (1466-1536) Pensador, teólogo e escritor holandés.	Autor de numerosas obras (Eloxio da tolemia, Manual do cabaleiro cristián...). Reflexionou sobre cuestións como a educación e a relixión.



Retrato de Erasmo
H. Holbein (1523)

Nicolás Copérnico (1473-1543) Astrónomo polaco.	Formulou a teoría heliocéntrica: o Sol está no centro do Universo e a Terra xira ao seu redor.
Miguel Servet (1511-1553) Médico e científico español.	Demostrou a existencia da circulación pulmonar do sangue.
André Vesalio (1514-1553) Médico e anatomista belga.	Estudou a anatomía do corpo humano a partir da disección de cadáveres.

Ver anexo 18: solucións materiais didácticos coeducativos.

Fonte: elaboración propia.

Actividade 5: Linguaxe non sexista

Obxectivo: Analizar o uso sexista da linguaxe nos titulares dos medios de comunicación e transformalo en linguaxe non sexista.

Descrición: O profesorado analiza os usos sexistas da linguaxe nos medios de comunicación e transforma os titulares de acordo coas pautas de traballo para un uso non sexista da linguaxe. (Ver anexo 19: Solucións titulares sexistas na prensa).

Titulares sexistas na prensa

- Os xuíces de Galicia, de novo en folga
- A limpeza doméstica dana os pulmóns das mulleres máis que fumar un paquete de tabaco ao día
- A muller de George Clooney, ameazada de morte
- Un premio para galegos exemplares
- Por que os xaponeses viven tanto?

Fonte: elaboración propia.

Actividade 6: Orientación coeducativa

Obxectivo: Reflexionar sobre a orientación sexista inconsciente.

Descrición: O profesorado reflexiona sobre un caso práctico de orientación a unha alumna e as súas posibilidades de asesoramento sen caer en prexuízos sexistas. (Ver anexo 20: Solucións orientación coeducativa).

Caso práctico

Raquel ten 16 anos. Acode a falar contigo porque quere ser mecánica e precisa un consello. Seu pai ten un taller de mecánica e a ela sempre lle encantaron os coches, ata o punto de que pasa todas as tardes no taller do seu pai. Ela cámbialles o aceite, revisa os motores etc. Quere estudar o ciclo superior de Mecánica, e logo, ao mellor, facer unha enxeñería. Súa nai e seu pai néganse e dinlle que unha cousa é «xogar cos coches» e outra dedicarse a iso profesionalmente. Aconséllanlle que sexa enfermeira coma a súa avoa e a súa nai.

- Como orientarías a Raquel neste caso?
- Advertiríaslle que é un mundo de homes e que o camiño será difícil?
- Diríaslle que debe facer o que lle gusta?

Fonte: elaboración propia.

Actividades para o alumnado

Educación infantil

Actividade 4: Quebracabezas das profesións

Ciclo: segundo ciclo de infantil (3 a 6 anos).

Obxectivo: Romper os estereotipos de xénero sobre as profesións a través do xogo simbólico para que o alumnado de infantil aprenda que todas as profesións poden ser exercidas por mulleres e homes indistintamente.


Descrición: A profesora ou profesor divide en tres partes (cabeza, tronco e extremidades) unhas figuras de papel de diferentes profesións como cociñeiro, cociñeira, xardineiro, xardineira, enfermeiro, enfermeira, levantador e levantadora de peso, cerralleiro, cerralleira, etc., e reparte as partes entre o alumnado coa finalidade de que compoñan os quebracabezas. Unha vez finalizada a tarefa, faise un coloquio co alumnado e amosáselles que, aínda que cambiemos a parte superior (a cabeza), todas as persoas poden realizar as distintas profesións.


Materiais: Ficha da actividade quebracabezas e tesoiras.


Duración: 50 minutos (unha sesión).

Fonte: elaboración propia a partir de *Guía didáctica de educación no sexista* (2004).


Ficha da actividade 4: Quebracabezas das profesións


























Actividade 5: Dous cuartos

Ciclo: segundo ciclo de infantil (3 a 6 anos).

Obxectivo: Potenciar a autonomía persoal e a corresponsabilidade das nenas e dos nenos.

Descrición: O profesorado distribúe entre o alumnado unha ficha con dous cuartos que teñen que colorear, e díselles que deben buscar as cinco diferenzas que atopan entre os dous debuxos. Tras a actividade comentan que cuarto lles gusta máis e cal se asemella máis ao seu e preguntáselles quen adoita facer nas súas casas as cousas que diferencian o cuarto sucio e desordenado do limpo e ordenado. O obxecto da actividade é que se responsabilicen de realizar as súas primeiras tarefas na casa e, para isto, tratarase de motivalos de xeito que ao final da actividade se comprometan a realizar unha tarefa esa semana. Para facelo máis lúdico, o profesorado pode pedir que cada nena ou neno suxira algo diferente do resto. Ao final da semana, coméntase en círculo o que fixeron.

Posibles cuestións

- Quen dorme na cama e quen a fai?
- Quen desordena os xoguets e quen os ordena?
- Quen deixa o lixo no chan e quen o recolle?
- Na casa axudades todas e todos ou hai quen non fai nada? Credes que iso está ben?
- Na casa hai cousas que adoitan facer só as mulleres e cousas que só fan os homes? Por que?
- Credes que, malia que hai outras persoas na casa, está ben que unhas fagan cousas e o resto non? Por que?
- En que axudades ou credes que poderíades axudar na vosa casa?

Fases da actividade:

- Colorear a ficha dos cuartos: o alumnado colorear as fichas cos dous cuartos: un limpo e ordenado e o outro sucio e desordenado.
- Debate e crítica: O profesorado dirixe o alumnado nun debate posterior, a través da guía das posibles cuestións para debater, co obxecto de conciencialo sobre a corresponsabilidade e a importancia de manter ordenados e limpos os seus propios cuartos.

- Asignación de tarefas: O profesorado anima o alumnado a realizar unha tarefa doméstica, a cal comentan na semana seguinte en círculo na aula.

Materiais: ficha de habitacións limpas, lapis e pinturas de cores.

Duración: 100 minutos (dúas sesións)

Fonte: elaboración propia a partir de *Actividades de Educación Infantil* (2012).

ficha na páxina seguinte -->

Ficha da actividade 5: Dous cuartos

.....





Fonte do debuxo: Freepik

Actividade 6: Cambiando os contos clásicos

Ciclo: segundo ciclo de infantil (3 a 6 anos).

Obxectivos: Cambiar os finais dos contos sexistas por outros coeducativos. Construír novas historias de forma lúdica para romper cos estereotipos e roles de xénero tradicionais.

Descrición: O profesorado ofrécelle ao alumnado cambiar o conto clásico de *Cincenta* con tres propostas a partir das cales deberán inventar novos sucesos e modificar o seu final. A mestra ou mestre lle as tres alternativas ao alumnado, que escolle unha delas, para ir ideando unha historia diferente coa súa axuda. A continuación, a mestra ou mestre le as historias resultantes e o alumnado vota pola historia que queira interpretar. A nova historia deste conto clásico será representada na aula polo alumnado.

Fases da actividade:

- Proposta dun novo final para *Cincenta*: o profesorado propónlle ao alumnado cambiar o conto de *Cincenta* a partir dunha das tres iniciativas que lle presenta. (ver Ficha 6: Cambiando os contos clásicos)
- Cambiando o conto: o alumnado suxire un novo nó e desenlace para o conto a través da alternativa escollida coa axuda da mestra ou mestre.
- Representación da obra: lévase a cabo unha representación da nova historia na aula tras un ensaio do alumnado.

Materiais: Ficha de tres propostas ao conto de *Cincenta*.

Duración: 150 minutos (tres sesións)

Fonte: elaboración propia a partir de *Yo cuento, tú pintas, ella suma*.

ficha na páxina seguinte →

Ficha da actividade 6: Cambiando os contos clásicos

Tres propostas para o conto de *Cincenta*

Acórdaste de que Cincenta non podía ir ao baile e de que se lle apareceu unha fada madriña? Pois isto foi o que pasou.

1. Cando a fada madriña se dispoñía a facer o encantamento, Cincenta díxolle:

Non, fada madriña, se eu non choraba por ir ao baile, en absoluto, se o príncipe é un insulso. Eu o que quero facer é ir a un concerto de rock, pero con esta cabaza, como comprenderás, vou facer o ridículo. Non a poderías converter nun coche?

2. Cincenta vai ao baile, pero non cumpre coa obriga de regresar á medianoite. Desta maneira, cando se vai, o feitizo e as roupas de Cincenta convértense en farrapos e a carroza en cabaza, todas as persoas que asisten ao baile pensan que Cincenta é unha maga con poderes. Aplaudíronlle a Cincenta e déronlle moitos cartos pola actuación. Entón Cincenta pensou...
3. Estando na casa coa madriña, unha das dúas medias irmás escápase do baile porque estaba farta da súa nai e da súa irmá. Ao atoparse con Cincenta proponlle que lle pidan á fada madriña que lles faga un encantamento para poderen escapar as dúas xuntas e marchar a...

Actividade 7: Xoguetes non sexistas

Ciclo: segundo ciclo de infantil (3 a 6 anos).

Obxectivo: Favorecer que nenas e nenos usen xogos e xoguetes de forma non sexista.

Descrición: O profesorado dispón en catro grupos xogos e xoguetes nos catro recantos da aula e divide o alumnado en varios grupos mixtos de xogo. Cada grupo xoga cos xogos e xoguetes asignados e, cando a mestra ou mestre diga a palabra «cambio», este ten que moverse e xogar nun novo recanto. O profesorado ten que ter en conta, á hora de distribuír os xogos e xoguetes, que estes traballen tanto a acción como a cooperación e o coidado. Unha vez que todo o alumnado pase polos catro recantos, realízase en círculo unha asemblea, na cal se conversa

sobre a experiencia do alumnado e na que se tentará romper os estereotipos sexistas e transmitir a idea de que nenas e nenos poden xogar ao que queiran.

Fases da actividade:

- Preparar os xoguetes: o profesorado dispón nos recantos da aula varios grupos de xogos e xoguetes que poden colocarse en diferentes categorías que traballen a acción, o coidado e a cooperación do alumnado.
- Xogo con cambio: o alumnado xoga cos grupos de xoguetes e, cando a mestra ou mestre diga «cambio», as nenas e nenos móvense ao seguinte recanto.
- Asemblea en rolda: a mestra ou mestre dirixe un coloquio coas nenas e nenos no cal indaga sobre a experiencia e a diversión de xogar con todo tipo de xoguetes, co fin de romper os estereotipos de xénero no xogo.

Materiais: Ficha de cuestións xoguetes non sexistas e xoguetes distribuídos en catro grupos.

Duración: 100 minutos (dúas sesións)

Fonte: elaboración propia.

Ficha da actividade 7: Xoguetes non sexistas

Posibles cuestións para debater na asemblea co alumnado

- Que grupo de xoguetes vos gustou máis? Cal menos?
 - Tocouvos algún grupo de xoguetes co que non xogades nunca?
 - Divertiuvos xogar con este novo grupo de xoguetes?
 - Só os nenos poden xogar cos autos?
 - Poden as nenas xogar cos autos?
 - Só as nenas poden xogar coas cociñas?
 - É divertido xogar con novos xoguetes?
 - Podemos as nenas e os nenos xogar con todos os xoguetes?
-

Actividade 8: Sopa de letras das profesións

Ciclo: 1.º, 2.º, 3º e 4.º de primaria (6 a 10 anos).

Obxectivo: Erradicar no alumnado os estereotipos sexistas sobre as profesións.

Descrición: O profesorado entrega unha sopa de letras que o alumnado ten que resolver mediante a busca da profesión á cal corresponde cada unha das definicións que son lidas previamente. Ao remate da actividade, o profesorado dialoga co alumnado para facer fincapé en que as profesións poden ser desenvolvidas indistintamente por mulleres e por homes. Para levar a cabo esta parte da práctica de forma didáctica pódese, nunha segunda sesión, traer á aula unha muller que desenvolva unha profesión tradicionalmente masculina e un home que desenvolva unha profesión tradicionalmente feminina. Estas persoas explicaranlle ao alumnado a súa experiencia e o alumnado formularalles as cuestións pertinentes. No caso de non contar con esta posibilidade, pódese dedicar esta segunda sesión a expoñer casos reais e a conversar co alumnado co fin de romper os estereotipos sexistas que poidan influírles á hora de escoller a súa futura carreira profesional.

Fases da actividade:

- Sopa de letras: O alumnado ten que resolver unha sopa de letras en que as profesións tradicionalmente masculinas poden aparecer en feminino e ao revés, algunhas profesións tradicionalmente femininas poden aparecer en masculino.
- Coloquio ou experiencias vitais de personaxes. A mestra ou o mestre invita á aula mulleres que desenvolven profesións tradicionalmente masculinas ou a homes que desenvolven profesións tradicionalmente femininas. A finalidade é que conten as súas experiencias e o alumnado lles poida facer preguntas para romper así os seus estereotipos de xénero. No caso de non contar con estas experiencias persoais, tamén se poden ilustrar exemplos con referentes actuais e abrir un coloquio posterior.

Materiais: ficha da actividade sopa de letras das profesións.

Duración: 100 minutos (dúas sesións)

Fonte: elaboración propia a partir da *Guía didáctica de educación no sexista*.

Ficha da actividade 8: Sopa de letras das profesións

1. Persoa que defende os dereitos das persoas.
2. Persoa que ten por oficio guisar e aderezar os alimentos.
3. Persoa que exerce a medicina.
4. Persoa que asiste as persoas enfermas, especialmente no hospital.
5. Persoa encargada de extinguir incendios e levar a cabo tarefas de salvamento.
6. Persoa que dirixe unha aeronave ou automóbil.
7. Persoa que realiza o traballo de unir dúas pezas de metal.

E	S	O	L	D	A	D	O	R	A
N	M	T	M	S	T	R	C	V	B
F	O	R	I	E	Ñ	I	C	O	C
E	A	L	Q	D	D	A	U	A	E
R	S	I	A	X	W	I	Ñ	I	O
M	T	P	C	B	Z	K	C	P	R
E	R	A	D	A	G	O	V	A	R
I	W	B	O	M	B	E	I	R	A
R	Z	S	P	P	L	I	H	H	Y
O	W	Z	A	B	E	R	U	T	Y

Solucións da sopa de letras

1. Avogada
2. Cociñeiro
3. Médica
4. Enfermeiro
5. Bombeira
6. Piloto
7. Soldadora

E	S	O	L	D	A	D	O	R	A
N	M	T	M	S	T	R	C	V	B
F	O	R	I	E	Ñ	I	C	O	C
E	A	L	Q	D	D	A	U	A	E
R	S	I	A	X	W	I	Ñ	I	O
M	T	P	C	B	Z	K	C	P	R
E	R	A	D	A	G	O	V	A	R
I	W	B	O	M	B	E	I	R	A
R	Z	S	P	I	L	O	T	O	Y
O	W	Z	A	B	E	R	U	T	Y



Actividade 9: Prezos dos labores do fogar

Cursos: 4.º, 5.º e 6.º de primaria (9 a 12 anos).

Obxectivo: Valorar o traballo doméstico e fomentar a corresponsabilidade.

Descrición: A mestra ou mestre distribúe unha ficha entre o alumnado cunha enumeración de diferentes labores do fogar, aos cales o alumnado lles asigna un prezo (10 céntimos, 20 céntimos, 30 céntimos, 50 céntimos, 1 euro e 2 euros). Unha vez asignados os prezos, o alumnado suma, de acordo coas tarefas que realiza, cantos cartos gañaría. Acto seguido, lévase a cabo un segundo exercicio a modo de coloquio, no cal se indaga sobre quen fai as tarefas nos seus fogares e se poñen en común os resultados e para comparar quen realiza máis tarefas, as nenas ou os nenos. Esta actividade ten como obxectivo responsabilizar os nenos na importancia do traballo doméstico no caso de que realicen menos tarefas ca as súas compañeiras.

Fases da actividade:

- Labores do fogar. O alumnado realiza a ficha da actividade 9, na cal se lle asigna un prezo a cada tarefa e se suma a cantidade que gañarían de acordo coas tarefas que realizan normalmente.
- Coloquio sobre corresponsabilidade. Coloquio sobre a corresponsabilidade a partir do que ocorre nos seus fogares, co obxectivo de inculcar nos nenos a asunción da súa corresponsabilidade nas tarefas do fogar. Para esta parte da actividade, o profesorado pode guiarse coas cuestións para debater do exercicio 2 da Ficha da actividade 9: Prezo dos labores do fogar.

Materiais: ficha da actividade 9 prezos dos labores do fogar.

Duración: 100 minutos (dúas sesións)

Fonte: elaboración propia a partir de *Guía didáctica de educación no sexista*.

ficha na páxina seguinte →

Ficha da actividade 9: Prezo dos labores do fogar

Exercicio 1

- Pensa que prezo lles porías ás seguintes tarefas do fogar: 10 céntimos, 20 céntimos, 30 céntimos, 50 céntimos, 1 euro e 2 euros.

Tarefa	Prezo
Poñer e quitar a mesa	
Tirar o lixo	
Facer a cama	
Preparar a mochila	
Ducharse soa ou só	
Comprar o pan	
Lavar a roupa sucia	
Coidar as mascotas	
Ordenar o teu cuarto	
Acompañar a túa avoa ou avó	
Coidar da túa irmá ou irmán	

- Cal destes traballos fas normalmente?
- Suma os prezos que lles puxeches.
- Canto gañarías?
- Pareceche moito, pouco ou normal?

Exercicio 2

- Pensa en quen fai estes traballos na túa casa ou se os fas ti.
 - Quen realiza máis traballos: a túa nai, o teu pai, o teu irmán menor, a túa irmá menor, a túa avoa?
 - O mestre ou a mestra decidirá se continúa coas actividades ou termina cunha breve posta en común dos resultados para comparar quen realiza máis tarefas, as nenas ou os nenos.
-

Actividade 10: Conto Unha catástrofe feliz

Cursos: 3.º e 4.º de primaria (8 a 10 anos).

Obxectivo: Analizar a distribución desigual das tarefas e a violencia de xénero na parella traballando as habilidades afectiva e comunicativa.

Descrición: O profesorado propónlle ao alumnado, previa análise dos conceptos básicos relacionados coa igualdade, a visualización do conto Unha catástrofe feliz, de Adela Turín. A partir del faise unha crítica e debate co alumnado. Este conto relata a historia dun rato dominante e unha rata sometida. Ocorre unha catástrofe (unha inundación) e a rata é quen de lle dar unha solución a través dunha alternativa moi orixinal. Nese momento, a rata protagonista dirixe a situación, posto que o rato, o pai, é puro «bla, bla, bla». Resáltase o papel da nai pero desvalorízase a figura paterna tradicional. Non se desfai a relación marido-muller, pero hai unha inversión dos papeis. O conto representa a discriminación a través da realización das tarefas domésticas e a distinta valoración das persoas segundo traballen fóra ou dentro da casa. Unha vez visualizado o conto, lévase a cabo un debate e unha crítica en que se analizarán os conceptos relacionados coa igualdade e se contrapoñerán os dous modelos de vida que amosa a historia.

Fases da actividade:

- Análise de conceptos previos. O profesorado introduce conceptos básicos, como o sexo-xénero, a igualdade e a desigualdade, o traballo público e o doméstico e a corresponsabilidade.
- Visionamento do conto. O profesorado reproduce o conto Unha catástrofe feliz, de Adela Turín, e pídelle ao alumnado que poña atención nas ideas que desenvolve a historia e que están relacionadas cos conceptos traballados na aula.
- Crítica e debate na aula. Lévanse a cabo un debate e unha crítica posterior nos que o profesorado pode dividir o taboleiro en dúas partes para ir comparando os dous modelos de vida que se desenvolven na familia e para iniciar así o debate co alumnado, co fin de que interiorice o modelo de corresponsabilidade.

Materiais: Ligazón do conto en YouTube:

--> <https://www.youtube.com/watch?v=phKnXI01Dz0>

Duración: 100 minutos (dúas sesións).

Fonte: elaboración propia a partir de *Orientación Andújar* (2013).

Actividade 11: A vida das mulleres do meu contorno

Cursos: 4.º, 5.º e 6.º de primaria (9 a 12 anos).

Obxectivo: Coñecer a vida das mulleres do seu contorno e visibilizar no tempo as discriminacións persoais e familiares sufridas polas mulleres.

Descrición: O alumnado entrevista mulleres do seu contorno (familiar, veciña) de idade avanzada e expón na aula os resultados da súas entrevistas. O profesorado invita o alumnado a reflexionar sobre as dificultades ás que puideron verse sometidas as mulleres (dificultades de acceso á educación, conciliación do traballo e a familia, prexuízos por parte de compañeiros varóns etc.). Unha vez rematada a actividade, aproveítase a ocasión para facer unha clase sobre historia do feminismo, os dereitos acadados e o camiño que se debe seguir para lograr unha igualdade real entre mulleres e homes.

Fases da actividade:

- Explicación da tarefa ao alumnado. O profesorado explícalle ao alumnado en que consiste a tarefa, así como o contido da Ficha 11 para a súa realización.
- Entrevistas do alumnado. O alumnado realízalles as entrevistas ás mulleres do seu contorno de idade avanzada, co fin de que poidan indagar na vida das avoas.
- Exposicións na aula. O alumnado expón a vida das mulleres entrevistadas tendo en conta os aspectos reflectidos na ficha da actividade. O profesorado pode ir facendo preguntas, así como o alumnado, co fin de indagar nas dificultades da vida desas mulleres.
- Clase sobre historia do feminismo. Unha vez rematadas as exposicións, o profesorado pode dedicar unha ou dúas sesións a explicar a historia do feminismo, os avances conseguidos e os retos que quedan por acadar na sociedade.

Materiais: Ficha da actividade 11: Entrevista sobre a vida das mulleres do meu contorno.

Duración: 200 minutos (catro sesións) para realizar as fases 1, 2 e 3. A fase 3 das exposicións é variable dependendo do número de alumnado e o tempo dedicado a cada exposición.

Fonte: elaboración propia a partir do *Cuaderno de actividades de primaria. Guía práctica de coeducación para el profesorado* (2007).

Ficha da actividade 11:

Entrevista sobre a vida das mulleres do meu contorno

Datos que se recollen na entrevista

- Datos da época e forma de vida no lugar ou municipio.
- Forma de vida na súa infancia: como era un día normal da súa vida, xogos, estudos, actividades ou tarefas que realizaba na casa...
- Forma de vida na súa madurez: como era un día normal, que tarefas facía fóra e dentro da casa, número de fillas e fillos...
- Datos sobre a vida das mulleres en xeral do seu concello: a que se dedicaba a maioría, que tipo de estudos realizaban, que tipo de labores facían...
- Discriminacións que sufrían as mulleres: que tipo de limitacións (educacionais, laborais, sociais) tiñan polo feito de seren mulleres.

Actividade 12: Profesións sen estereotipos de xénero

Ciclo: primeiro e segundo ciclo de secundaria (12 a 16 anos).

Obxectivo: Orientar o alumnado na libre elección do seu futuro profesional sen que se perpetúe a segregación ocupacional por sexo.

Descrición: O profesorado distribúe unha ficha de traballo con artigos que se len en voz alta, o cal suscita algún comentario que se aproveita para introducir o tema dos estereotipos de xénero nas profesións. A continuación, o alumnado responde as cuestións formuladas sobre os dous textos da Ficha de traballo 12: profesións sen estereotipos de xénero. Ao finalizar a tarefa, lévase a cabo un debate para comentar as respostas, reflexións e cuestións do alumnado.

Fases da actividade:

- Explicación da tarefa ao alumnado. O profesorado le en voz alta os dous textos da ficha da actividade 12: Profesións sen estereotipos de xénero, e introduce a explicación sobre os estereotipos de xénero nas profesións.
- Realización da Ficha de actividade 12 por parte do alumnado. O alumnado responde as cuestións da Ficha da actividade 12 e compara os dous textos: un en que se discrimina a muller nunha profesión tradicionalmente masculinizada fronte a outro en que se mostra unha empresa que conforma a maioría do persoal con mulleres nun sector tradicionalmente masculinizado.
- Debate e crítica: Unha vez contestadas as cuestións, lévase a cabo un debate dirixido polo profesorado de acordo coas respostas do alumnado.

Materiais: Ficha de actividade 12: Profesións estereotipadas

Duración: 100 minutos (dúas sesións).

Fonte: elaboración propia a partir da *Guía didáctica de educación no sexista*.

Ficha da actividade 12: Profesións estereotipadas

O pasado 9 de outubro, día da Comunidade Valenciana, festa que conmemora a entrada na cidade de Valencia do rei Jaume I, quen outorgou os primeiros dereitos de pesca, debía ser a culminación da batalla iniciada hai uns anos, pero a guerra segue aberta e enfrontou veciños con veciños, esposas con maridos, amigos con amigos e familiares con familiares.

Teresa Chardí, peiteadora, esteticista e nai de tres fillos, de pequena prefería saír co seu pai a pescar no lago da Albufera a calquera xogo. Agora, Teresa é pescadora como o foi o seu pai e sae a botar as redes sempre que ten ocasión. Pero «chegar por fin á casa coas botas cheas de lama» custoulle un prezo: «Xa non teño na cara esa alegría de vivir que tiña».

Teresa Chardí (...) acudiu aos tribunais hai dous anos para reclamar o seu dereito a pertencer á Comunidade de Pescadores do Palmar, unha entidade integrada só por homes. Enfrontábase a unha tradición de case 750 anos. Na pedanía, na antiga illa da Albufera, hai un dito que reza: «Qui té un fill té una finca; qui té una filla no té res» (quen ten un fillo ten un terreo; quen ten unha filla non ten nada"). Aquele pescador que non tiña fillos aspiraba a casar as súas fillas con outros patróns.

→ Tradución ao galego dun texto de Susana Golf en El Magazine, 1999.

O reloxo de Ferrofet está adiantado. As xornadas laborais desta fábrica comezan ás 8:55, ás 12:55 e ás 16:55. Esta non é unha única «rareza desta empresa de prefabricados industriais, que aparece como exemplo no Libro Branco de bos usos empresariais da Comisión Europea». O seu persoal está formado por 220 mulleres e sete homes. «Elas son as que utilizan as pistolas hidráulicas e os equipos de soldadura para ensamblar as pezas metálicas. Eles limítanse a facerlles algo de apoio nas tarefas que requiren máis esforzo físico», explica Jordi Pujol, director desta fábrica de Mollerusa.

→ Tradución ao galego dun texto de Magda Bandera en El Magazine, 2004.

Actividades:

1. Le os dous textos e pensa que diferenza existe entre ambos.
2. Por que razón se lles negaba ás mulleres na comunidade de pescadores o dereito a exercer a dita profesión?
3. Coñeces outras profesións que as mulleres non puidesen ou non poidan exercer? Por que cres que se daba ou se da esa situación?
4. Por que cres que no dito da Albufera se aprecia máis ter un fillo ca unha filla?
5. Por que a empresa Ferrofet, tradicionalmente con ocupacións «masculinas», optou por contratar mulleres?

Actividade 13: Sondaxe das tarefas do fogar

Ciclo: primeiro e segundo ciclo de secundaria (12 a 16 anos).

Obxectivo: Inculcarlle ao alumnado a importancia da corresponsabilidade nas tarefas domésticas.

Descrición: O profesorado distribúe unha ficha de traballo (Ficha da actividade 13: Sondaxe das tarefas do fogar), na cal se fai unha sondaxe en grupo para indagar sobre quen fai determinadas tarefas domésticas, sobre o número de horas que dedica cada persoa a realizar as tarefas, e extraeranse unhas conclusións que se expoñen de forma oral na aula co fin de debater e afianzar a idea da importancia da corresponsabilidade nos fogares.

Fases da actividade:

- Explicación da tarefa ao alumnado. O profesorado explica en voz alta o desenvolvemento da tarefa e os seus tres pasos: quen realiza as tarefas, número de horas por persoa e conclusións do grupo.
- Realización da Ficha de actividade 13 por parte do alumnado. O alumnado responde as cuestións da Ficha da actividade 13 en grupo e extrae unhas conclusións que anota no paso 3 da actividade.
- Exposición oral e debate. Unha vez contestadas as cuestións, lévase a cabo unha exposición oral que abre un debate sobre a necesidade da corresponsabilidade nos fogares.

Materiais: Ficha de actividade 13: Sondaxe das tarefas do fogar.

Duración: 100 minutos (dúas sesións).

Fonte: elaboración propia a partir da *Guía didáctica de educación no sexista*.

Ficha da actividade 13: Sondaxe das tarefas do fogar

1. Na vosa casa, quen realiza as seguintes tarefas?

- En grupo facede unha enquisa para saber quen realiza as seguintes tarefas na vosa casa.
- Preguntádelles a catro compañeiras e compañeiros de clase e indícade o número de horas que cada persoa dedica ao día ao traballo doméstico.

	Pai	Nai	Outra	Irmán/á	Ti
Comprar					
Cociñar					
Poñer a mesa					
Recoller a mesa					
Facer a cama					
Lavar a roupa					
Pasar o ferro					
Non participa					

2. Facede un gráfico coas horas dedicadas ás tarefas domésticas.

	Pai	Nai	Outra	Irmán/á	Ti
5 horas					
4 horas					
3 horas					
2 horas					
1 hora					

3. Anotade as conclusións do grupo e presentade os resultados.

- En 4 familias é quen máis traballa.
 - Nalgunhas familias é quen limpa a casa.
 - En todas as familias é quen participa no traballo doméstico.
 - Na maioría das familias ocúpase pouco, bastante ou moito das tarefas domésticas.
-

Actividade 14: Linguaxe non sexista

Ciclo: segundo ciclo de secundaria e bacharelato (15 a 18 anos).

Obxectivo: Inculcar a necesidade de empregar unha linguaxe non sexista e impulsar o seu uso entre o alumnado.

Descrición: O profesorado pásalle ao alumnado unha ficha de traballo (ver anexo 15: A resposta de Susana) cun texto de Almudena Grandes que deberán ler. Unha vez rematada a lectura, asígnaselle un nome á personaxe protagonista do texto e redáctase un final de 3 a 4 liñas para o relato. Ao finalizar a tarefa, o alumnado responde unha serie de cuestións que comenta e debate co resto da aula. Aconséllase tamén dedicar unha terceira sesión a ensinar as pautas clave para o emprego dunha linguaxe non sexista.

Fases da actividade:

- Explicación da tarefa ao alumnado. O profesorado explica en voz alta o desenvolvemento da tarefa e os seus tres pasos: ler o texto, asignarlle un nome á personaxe protagonista e redactar un final de 3 a 4 liñas, responder as cuestións e realizar un debate final en asemblea.
- Realización da Ficha da actividade 14 por parte do alumnado: O alumnado responde as cuestións da ficha da actividade 14 despois de ler o texto, asignarlle un nome á protagonista e redactar un final.
- Debate en asemblea. Unha vez contestadas as cuestións, lévase a cabo unha exposición oral que abre un debate sobre a posibilidade e necesidade de empregar unha linguaxe non sexista e animar a empregar de forma consciente termos neutros, xa que isto non implica recargar o discurso.
- Pautas para unha linguaxe non sexista. O profesorado pode ensinalle ao alumnado a empregar unha linguaxe non sexista a partir das pautas de tratamento da Guía.

Materiais: Ficha de actividade 14: Linguaxe non sexista e pautas de tratamento para unha linguaxe non sexista da Guía.

Duración: 150 minutos (tres sesións).

Fonte: elaboración propia a partir da *Guía didáctica de educación no sexista*.

Ficha da actividade 14: Linguaxe non sexista

Exercicio 1

Le o relato «A resposta de Susana», de Almudena Grandes, publicado en El País Semanal. Cando remates, substitúe os puntos suspensivos polo nome que lle queiras dar á personaxe e engade un final (entre 3 e 4 liñas) para o relato.

Hoxe é un feixe de nervios. Ás doce da mañá xa terminou de limpar o piso, regou as plantas, baixou ao mercado, fixo a compra, preparou unhas albóndegas e ata sacou da despensa os tallaríns cos que pensa acompañalas. Desde que está no paro e se dedica á casa é unha máquina doméstica, pero nunca fixera as cousas tan rápido coma hoxe. E o peor é que xa non hai nada que facer, ningunha tarefa que empurre a chegar os reloxos ata as 15:30, a hora en que Susana volve á casa. pensa que é unha sorte que a súa parella teña un traballo de xornada intensiva, sobre todo agora na primavera, cando o sol quente e a brisa suave da tarde convida ao pracer físico, e ao sentimental, en sextas longuísimas que se prolongan ata o anoitecer quere moito a Susana, necesita querela, tela preto, espertarse ao seu lado todas as mañás. Por iso quere casar con ela.

Cando o pensa, sente que as súas pernas se baleiran, coma se fosen quebrantarse dun momento a outro, certificando o colapso de todos os seus nervios. Logo tenta tranquilizarse, pecha os ollos, respira amodo. Non pasa nada, dise, vai dicir que si, e se di que non, ben, pois seguimos como estamos, pagando a hipoteca e iso, polo menos mentres me dure o paro, e iso que non creo que o cobre moito tempo máis, porque algo me ten que saír, o do taller do meu irmán, por exemplo, iso seguro que sae. é valente, responsable e capaz. Non se afai a estar no paro, non lle ve ningunha vantaxe a esta inactividade forzosa que lle regala unha chea de tempo libre e lle aforra o soldo dunha asistente. Susana opina que se equivoca, que debería relaxarse, tomalo como unhas vacacións, descansar un pouco antes de volver á carga, e sabe que é sincera, que non lle importa facerse cargo dunha porcentaxe maior dos gastos, pero non sabe estar sen facer nada. É demasiado pronto para cocer os tallaríns, así que se mete no baño, pon un chándal, unhas zapatillas, e dispónse a saír a correr. Pero fai dúas cousas, as mesmas que repetiu, como un xesto ritual, antes de acometer todas as tarefas eternas que foron enchendo esta mañá eterna. A primeira é abrir outra vez un estoxo de pel vermella, desgastada polo paso do tempo, e mirar a única propiedade valiosa e bonita que herdou da súa nai, unha

flor de brillantes montada en ouro amarelo. A segunda é ler un recorte de xornal que garda, xunto co anel, no caixón da súa mesa de noite, unha noticia bastante concisa cun titular moi contundente. Despois, cando volveu lela enteira, palabra por palabra, pecha o caixón e sae de casa.

Corre polo parque durante máis dunha hora. Desde ese momento, todo é moito máis fácil volve á casa, dúchase, vístese, e comproba que xa é hora de cocer os tallaríns. Entón acórdase de que lle esqueceron as flores. Volve baixar, volve correr, volve subir e atópase con que xa non ten tempo para facer as cousas tan amodo como lle gustaría. Pero ás tres e media, cando volve Susana, a mesa está posta, as rosas no vaso, a comida preparada e un sorriso firme nos seus beizos.

—Que tal?

—Ben.

Susana achégase, dálle un bico, quita a chaqueta e tíraa, xunto co bolso, nunha cadeira de brazos.

—Cansa Que hai para comer?

—Albóndegas con pasta.

—Albóndegas, que ben! Coa fame que teño

Susana senta na mesa, levanta o seu pano de mesa, e ve o estoxo de pel vermella, suave, desgastada polo tempo. Ábreo, mírao, logo mira a e sorrí.

→ Tradución ao galego do texto de Almudena Grandes «A resposta de Susana», *El País*.

Exercicio 2

—Si—di despois—. Si, si, si que caso contigo—e levántase, e vai cara a Fran, senta nos seus xeonllos, e bícaa nos beizos.

—Ai, Francisca, xa cría que non mo ías a pedir nunca.

Este é o final do relato escrito por Almudena Grandes.

- Sorprendeute? Por que?
- Coincides ao asignar nome ao personaxe no sexo?
- Que te induciu á asignación do sexo?
- Décheste de conta da utilización consciente da linguaxe neutra?
- Comenta coas túas compañeiras e compañeiros as respostas e opinións.

Actividade 15: Mulleres científicas

Ciclo: segundo ciclo de secundaria e bacharelato (15 a 18 anos).

Obxectivo: Darlles visibilidade ás achegas das mulleres nas ciencias e analizar o androcentrismo na ciencia.

Descrición: O profesorado pásalle ao alumnado unha ficha de traballo con fotografías de grandes científicas na historia e as súas biografías, para que o alumnado relacione cada foto coa biografía axeitada. Unha vez rematada a tarefa, lévase a cabo un debate na aula e fórmulanse cuestións para reflexionar sobre a invisibilidade das mulleres científicas nos libros de texto.

Fases da actividade:

- Explicación da tarefa ao alumnado. O profesorado explica en voz alta o desenvolvemento da tarefa e os seus dous pasos: realización da ficha e debate posterior en asemblea.
- Realización da Ficha da actividade 15 por parte do alumnado. O alumnado investiga cada unha das personaxes e une as súas fotografías coas correspondentes biografías.
- Debate en asemblea. Unha vez contestadas as cuestións, lévase a cabo unha corrección oral na que se introduce un debate cos aspectos clave que se deben ter conta descritos abaixo, co obxectivo de concienciar o alumnado sobre a falta de referentes femininos e a necesidade da súa incorporación aos libros de texto.

Aspectos para ter en conta no debate:

- Coñecías algunha destas mulleres?
- Consideras que as súas achegas foron relevantes para a humanidade?
- Por que cres que estas figuras non están recollidas nos libros de historia?
- Cres que estas figuras da ciencia deberían aparecer nos libros de texto?
- Cres que se nos libros de texto se estudasen estas figuras habería máis mulleres que quixerían ser científicas?

Materiais: Ficha de actividade 15: Mulleres científicas.

Duración: 100 minutos (dúas sesións).

Fonte: elaboración propia a partir do *Cuaderno de actividades de secundaria. Guía práctica de coeducación para el profesorado* (2007).

Ficha da actividade 15: Mulleres científicas

Investiga e une cunha frecha cada foto e nome coa súa biografía.

Sophia Sonya
Kovalevskaya



A) Son matemática e nacíu en Alemaña en 1882. Demostrei dous teoremas esenciais para a teoría da relatividade que permitiron resolver o problema da conservación da enerxía. Tamén desenvolvín a teoría alxébrica. Aínda que fun considerada un dos maiores talentos de finais do século XIX e fun recoñecida pola comunidade matemática, durante os case trinta anos que estiven dedicada á ensinanza e á investigación nunca tiveron un salario digno.

Grace Murray
Hopper



B) Nacíu en Rusia en 1850 e a miña paixón foron as matemáticas. Pero para poder estudalas tiveron que loitar contra os prexuízos dos varóns, tiveron que saír de Rusia, pedir permisos especiais para asistir ás clases (ás que só ía de oínte, e non podía facer os exames, xa que daquela as mulleres non podíamos ir á universidade) e contratar profesorado particular. A pesar de todas estas dificultades e con moito esforzo a causa de todos os obstáculos, doutoreime en matemáticas e fun a primeira muller en facelo. Non obstante, non puiden exercer ata 1883 como profesora en Estocolmo, xa que ningunha universidade de Europa me aceptaba polo feito de ser muller.

Jocelyn Bell
Burnell



C) Nacíu en Londres en 1815. Deseñei a primeira linguaxe de programación informática e por iso son a primeira programadora da historia. A pesar de que moitas mulleres fixemos moitas achegas á informática, só eu fun recoñecida en certa maneira, xa que en 1979 o Departamento de Defensa dos Estados Unidos creou unha linguaxe de programación que leva o meu nome.

Emmy
Noether



D) Nacíu en Nova York en 1906. Son matemática e física. Desenvolvín o primeiro compilador da historia e creí a primeira linguaxe de computación COBOL. Fun contralmirante da Armada dos Estados Unidos.

Ada
Byron



E) Son física e astrónoma e nacíu en Inglaterra en 1943. En 1967 descubrín os púlsares, que son estrelas que emiten ondas de radio en intervalos de tempo iguais. Lamentablemente, foi o meu titor, Anthony Hewish, quen recibiu o Nobel polo meu descubrimento.

Soluciones mulleres científicas

Sophia Sonya Kovalevskaya (B)

Grace Murray Hopper (D)

Jocelyn Bell Burnell (E)

Emmy Noether (A)

Ada Byron (C)

Bibliografía

- Álvarez, G., Caño, S., Fernández, E., e outros (1990): *Guía para una Educación Física no Sexista*. Recuperado de https://sede.educacion.gob.es/publiventa/descarga.action?f_codigo_agc=688_19
- Acuña Franco, S. (2007): Orientación personal, académica y profesional no sexista. En *Emakunde*. Recuperado de http://www.emakunde.euskadi.eus/contenidos/informacion/proyecto_nahiko_formacion/es_def/adjuntos/2007.03.26.sara.acu%C3%B1a.pdf
- Ángulo, M. (2007): Las imágenes de las deportistas en los medios de comunicación. Dirección General de Deportes. Subdirección General de Alta Competición. Recuperado de http://www.mujerydeporte.org/documentos/docs/articulo_imagen_mujer_deportista_en_medios.pdf
- Arrondo, M. (1992): Experiencias de deporte recreativo. En *Seminario Mujer y deporte. El ejercicio físico y la práctica deportiva de las mujeres*. Madrid: Consejo Superior de Deportes. Ministerio de Educación y Ciencia. Secretaría de Estado de Educación. Ministerio de Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer. Serie Debate, 12 (pp. 81-86).
- Ayala, A. e Mateo, P. L. (2002): *Educación en relación, estereotipos y conflictos de género*. Zaragoza: Diputación General de Aragón.
- Bettelheim, B. (1988): *El psicoanálisis de los cuentos de hadas*. Barcelona: Grimaldo.
- Ayuntamiento de Hernani (2005): *El recreo igualitario. Guía de recursos sobre coeducación y espacio*. Gipuzkoa: Ayuntamiento de Hernani.
- Bonal, X. (1997): *Las actitudes del profesorado ante la coeducación*. Barcelona: Graó.
- Bonal, X. e Tomé, A. (1997): *Construir la escuela coeducativa. La sensibilización del profesorado*. Cuadernos para la coeducación. Barcelona: Institut de Ciències de l'Educació. Universidad Autónoma de Barcelona.
- Bermúdez, M. e Cid, A.: Criterios de lenguaje no sexista. Recuperado de http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/oix/descargas/linguaxe_non_sexista_publicado_WEB_USC.pdf
- Calvet Mojón, M. e Cardona Gerada, M. (Proyecto Accord). (2013). *Aprendamos a compartir. Guía de Educación no sexista*. Recuperado de https://diversidad.murciaeduca.es/orientamur/gestion/documentos/guia_educacion_no_sexista.pdf
- Castaño Gómez, A. (2013). *El alma de los cuentos*. Recuperado de <https://web.ua.es/es/unidad-igualdad/secundando-la-igualdad/documentos/actua/educacion-infantil/el-alma-de-los-cuentos.pdf>
- C.O.E.N.S. (1992): *Lenguaje y discriminación sexista en los libros escolares*. Murcia: Universidad de Murcia.
- Cremades, M., Rodes, I., Simón, N. e outros (1987): *Materiales para coeducar. El comentario de textos: aspectos cautivos*. Madrid: Mare Nostrum.
- Emakunde (1993): *Cómo elaborar y seleccionar materiales coeducativos*. Vitoria-Gasteiz: Instituto Vasco de la Mujer.

- Freixas, Anna. (1996). *Género devaluado, amor y pobreza*. En Atenea. Estudios sobre la mujer (ed.), *El modelo femenino: ¿una alternativa al modelo patriarcal?*. Málaga: Universidad de Málaga (pp. 15-32).
- García Meseguer, Álvaro (1981): *Lenguaje y discriminación sexual*. Madrid, España: Montesinos.
- García Ferrando, Manuel (1991). *Los españoles y el deporte 1980-1990. Un análisis sociológico*, Madrid, España: Ministerio de Educación y Ciencia.
- Gentry, M., Gable, Robert K.; Rizza, Mary G. (2002): Students' Perceptions of Classroom Activities: Are There Grade-Level And Gender Differences?. En *Journal of Educational Psychology*, Vol. 94 (3) (pp. 539-544).
- Hernández, B. (2008). Coeducar en Educación Física. En *Revista Digital Csi-Csif* (14). Recuperado de https://genereiesport.files.wordpress.com/2015/01/her-nandez-b_2007_coeducar-en-ef.pdf
- Heura, M., Fiona, K. e Mercè, N. (2011): Guía para el uso no sexista del lenguaje en la Universitat Autònoma de Barcelona. Recuperado de http://www.uab.cat/Document/964/953/Guia_uso_no_sexista_lenguaje2,0.pdf
- Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (2015): *Plurales: educando en igualdad. Propuesta metodológica sobre Coeducación*. Recuperado de http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/educacion/programas/docs/2015/PluralesPropuestaMetodologica_ES.pdf
- Jaramillo, C. (1999): *Formación del profesorado: Igualdad de Oportunidades entre chicas y chicos*. Madrid: Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Rebolledo, M. (2009): *Juegos y juguetes para la Igualdad. Guía didáctica de Educación no sexista dirigida a madres y padres*. Cantabria: Dirección General de la Mujer. Vicepresidencia. Gobierno de Cantabria.
- Scraton, S. (1995): *Educación física de las niñas: un enfoque feminista*. Madrid: Morata.
- Simón Rodríguez, M. (2010): *La igualdad también se aprende. Cuestión de Coeducación*. Madrid: Narcea Ediciones.
- Spear, M. (1985). Teachers' attitudes towards girls and technology. En J. Whyte, R. Deem, L. Kant, & M. Cruickshank (Eds.), *Girl-friendly schooling* (pp. 36-44). London: Methuen
- Subirats, M. e Tomé, M. (1992): *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo*. Barcelona: Institut de Ciències de l'Educació.
- Subirats, M. e Brullet, C. (1988): *La transmisión de los géneros en la Escuela mixta*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- Turín, A. (2006): *Los cuentos siguen contando: algunas reflexiones sobre los estereotipos*. Madrid: Horas y horas.

III.

Coeducación afectiva desde o ámbito educativo

A aprendizaxe social e emocional é o proceso mediante o cal as nenas, os nenos e as persoas adultas adquiren os coñecementos, as actitudes e as habilidades necesarias para recoñecer e xestionaren as súas emocións, demostrar interese e preocupación polos demais, formar boas relacións, tomar decisións responsablemente e manexar os desafíos en situacións de maneira construtiva.

Hoxe en día, as escolas educan a parte racional das persoas e esquécese a parte emocional e sentimental. A inclusión da educación sentimental desde a perspectiva de xénero nas escolas permite que se aborden cuestións fundamentais para a vida, como que as persoas poidan entenderse, aceptarse, vivir a gusto con elas mesmas e nas súas relacións cos demais e convivir sen violencia e sen riscos para a súa saúde.

Na actualidade, existen datos que reflicten un incremento da violencia machista nas relacións de parella entre adolescentes. Un dos principais motivos é a falta de educación acerca de como establecer relacións de parella saudables e afastadas do modelo patriarcal de dominación-submisión. Este modelo interiorízase desde as idades máis temperás a través dos diferentes axentes sociais por medio da construción dunha subxectividade para os homes e outra para as mulleres, desde as cales se percibe o amor segundo as expectativas e modelos masculinos e femininos. Os vínculos amorosos fundamentados na desigualdade e nos esquemas patriarcais de dominación para os homes e de submisión para as mulleres son o caldo de cultivo da violencia machista nas relacións de parella.

A coeducación afectiva e emocional fai fincapé na expresión dos sentimentos das rapazas e dos rapaces e educaos para a vida privada e pública en igualdade, por medio da expresión dos seus conflitos, desexos e emocións. Deste xeito, a coeducación afectiva representa un aspecto primordial da formación integral do alumnado xa que, máis alá do coñecemento puramente biolóxico, explica procesos transcendentais, como a construción da identidade de xénero e as relacións afectivas nun contexto cultural determinado e, sobre todo, constitúe unha ferramenta fundamental de loita contra a violencia de xénero.

Dos conflitos ás violencias

Hoxe en día, nas escolas galegas atópase un ambiente heteroxéneo de alumnado con diferenzas sexuais, de identidade sexual, de procedencia ou económicas. O profesorado ten a oportunidade de xestionar estas diferenzas e convertelas nunha ocasión de intercambio e aprendizaxe.

Os conflitos son en realidade unha oportunidade para xestionar as diferenzas do alumnado e convertelas nunha aprendizaxe de crecemento tanto persoal como grupal. De feito, unha relación frutífera esixe que se acepten os conflitos como unha parte das relacións, o que significa que existen diferenzas e que estas deben expresarse co obxectivo de abordalas e tratalas.

Agora ben, se isto é así, como é posible que se poida pasar do conflito á violencia? Todas as persoas son diferentes e manifestan diferentes opinións, valores, aspectos, cultura, sexo, formas de estar ou de vivir, pero cando estas diferenzas son interpretadas como unha expresión de inferioridade, pasan a converterse en violencia.

As persoas que reaccionan de forma violenta ante un conflito son incapaces de recoñecer e aceptar estas diferenzas e afróntanas como unha ameaza, un estorbo ou un motivo de inseguridade. A pedagoga Concepción Jaramillo sinala que as consecuencias máis comúns de vivir así as diferenzas son a ignorancia, a negación, a baixa valoración das outras persoas ou a exclusión, coa súa manifestación máis extrema, a agresión física.

Un exemplo de exclusión na aula pode darse cando un grupo de nenos illa outro por non comportarse de maneira violenta coas rapazas e adoptar un comportamento conciliador, que se considera «feminino» e afastado do modelo tradicional de masculinidade. Neste sentido, é importante inculcar nos alumnos os valores de coidado e de calidade de vida para combater os de dano e de destrución que aínda hoxe seguen a adquirir os nenos. Do mesmo xeito, falar e tratar os conflitos para resolvelos pacificamente é un paso importante para evitar as agresións e a violencia de todo tipo.

Que pode facer o profesorado para que as diferenzas do seu alumnado non sexan un obstáculo, senón unha fonte de riqueza? Traballar habilidades específicas de comunicación, negociación e mediación

para dotar o alumnado de ferramentas coas que xestionar e aprender dos conflitos, e para que os vivan como unha riqueza e non como unha barreira. Desta maneira, créase un clima de convivencia pacífica nos centros educativos baseado na educación para a paz e no respecto á diversidade, e unha cultura que viva as diferenzas como oportunidade de crecemento para o grupo e non como meros problemas de disciplina que deben ser resolvidos a calquera prezo, sen preocuparnos pola continuidade da relación.

A violencia de xénero no ámbito escolar

A interpretación xerárquica das diferenzas e a aceptación da violencia como un método lexítimo para resolver os conflitos que estas provocan teñen a súa orixe na dificultade de recoñecer a primeira das diferenzas que vén dada no mundo: a diferenza sexual.

Esta violencia é exercida polos homes contra as mulleres e, tal e como apunta a catedrática de psicoloxía da educación María José Díaz Aguado, unha das causas máis importantes da violencia que se exerce contra as mulleres son as mesmas diferenzas de xénero, as cales se lexitiman e manteñen a través do sexismo. Este tipo de violencia obsérvase tamén nos centros escolares, onde os rapaces propagan a través de agresións verbais, sexuais ou físicas esta violencia contra as rapazas.

As múltiples manifestacións de violencia machista no ámbito educativo son exercidas polos rapaces cara a todo aquilo que consideran «feminino», mediante o desprezo e desvalorización da cultura, os valores e as formas coas que se relacionan as nenas e as rapazas.

Un exemplo de violencia sexual manifesta na etapa de infantil é a que se produce cando un grupo de nenos comeza a levantarlles as saias ás nenas da súa clase, posto que non existe aceptación desta diferenza sexual e os nenos interiorizan xa nestas idades que eles son os normais, xa que «teñen pene» e elas as diferentes, posto que «teñen vulva». Esta situación é unha das primeiras manifestacións de violencia contra as nenas, na cal os nenos xa interiorizan que teñen dereito a tocar as nenas se queren e sen o seu consentimento. Á hora de abordar estas situacións, o primordial é visualizalas como expresións violentas e traballar co alumnado as diferenzas sexuais e a aceptación mutua mediante a corrección da actitude dos nenos, para que aprendan a respectar as

nenas, e o traballo en paralelo coas nenas, para que aprendan a dicir que non e prohiban que as toquen sen o seu consentimento.



Reflexiona: e na túa aula? Observa e contabiliza os diferentes tipos de agresións sexuais que observas no alumnado da túa aula.

Ver anexo 21: Ficha de observación de agresións sexuais.

A diferente socialización do xénero que se fixo ao longo da historia explica os distintos comportamentos que mulleres e homes van adoptando nos seus roles de xénero. Mentres que as mulleres aprenden a ser pacíficas, os homes aprenden a empregar a agresividade; mentres elas aprenden a ser vulnerables, eles aprenden a ser fortes, e mentres elas aprenden a dialogar, eles aprenden a empregar a forza para resolver os conflitos. Este proceso de socialización diferencial do xénero é clave para entender o xerme da violencia, posto que transmitirles ás mulleres unhas pautas pasivas, pacíficas e de indefensión, e aos homes unhas pautas activas, agresivas e de defensa, é facer xermolar os indicios sobre os que se vai sustentar a violencia de xénero.

Muller

pacífica
vulnerabilidade
diálogo

Home

agresiva
fortaleza
forza

Fonte: elaboración propia.

Para o profesorado resulta importante coñecer estas relacións patriarcais que se sustentan entre nenas e nenos co fin de actuar e penalizar os nenos tanto como as nenas e non escusar ou naturalizar as agresións dos nenos cara ás nenas, posto que isto causaría un efecto negativo e levaría a reafirmar a forza e a imposición daqueles. Identificar estes valores patriarcais, estar alerta fronte aos posibles abusos e mostras de machismo e ofrecer reforzos diferenciais en función do sexo son a clave á hora de erradicar estas primeiras manifestacións violentas na aula.

Se non se xestionan correctamente estas primeiras manifestacións violentas contras as nenas (burlas, comentarios sexistas ou subirlles as saias ás súas compañeiras), cando cheguen á secundaria os rapaces expresarán de novo esta violencia sexual a través de cambadelas ou tiróns de pelo ás súas compañeiras. O importante é resolver estas primeiras manifestacións violentas co obxectivo de evitar que estas

accións de violencia dos rapaces contra as rapazas se naturalicen e non se corrixan.

Prevención da violencia de xénero no ámbito escolar

Unha formación para a vida non pode consistir en intervencións ocasionais cando un conflito xa se converteu en violencia, senón que require un proceso continuado de aprendizaxe desde os primeiros anos de escolaridade. Á hora de traballar de maneira transversal a diario, as e os docentes poden incorporar a **educación en relación** e dotar o alumnado de **ferramentas para a resolución de conflitos**.

Que é a educación en relación?

Educar en relación supón non só poñer as relacións no centro da práctica educativa, senón levar a cabo a relación cun sentido de autoridade. De feito, a práctica da autoridade é un recurso ao alcance de todo o mundo, teña ou non poder. A autoridade outorga máis recursos para resolver os problemas da disparidade na práctica educativa e, a través dela, lévanse a cabo a ensinanza e a aprendizaxe.

A relación implica intercambio e, para que o intercambio sexa posible, é necesaria unha disposición á escoita e atención ante o que outras ou outros teñen que dicir e achegar, así como certa capacidade para expresar o que se quere, o que se é, o que se pensa e o que se sente. A relación que se establece entre quen ensina e quen aprende pode oscilar entre o poder ou a autoridade. Mentres que o poder serve para aprobar e suspender, a autoridade serve para ensinar e aprender.

Para poder levar a cabo esta estratexia educativa é preciso observar sen estereotipos de xénero o alumnado, nunca comparar as capacidades das alumnas coas dos alumnos, posto que hai que relacionarse de forma individual con cada persoa e apreciar as súas capacidades, habilidades e talentos particulares para potencialos. Así mesmo, é preciso crear un clima de confianza para que poidan expresarse con seguridade e deseñar metodoloxías participativas nas que se fomenta a colaboración e a escoita entre todo o alumnado.

Educación en relación

- Observar sen estereotipos o alumnado e descubrir quen son.
- Non comparar alumnas e alumnos.
- escoitar as rapazas por elas mesmas e non en comparación cos rapaces.
- Crear un clima de confianza onde o alumnado se poida expresar con seguridade.
- escoitar os sentimentos e reflexións de cada alumna e alumno.
- Relacionarse de forma singular con cada alumna e alumno.
- Confiar na capacidade do alumnado para facerse preguntas e mellorar.
- Establecer metodoloxías grupais e participativas que permitan a escoita e a colaboración entre todo o alumnado.

Fonte: elaboración propia a partir de Educando en Igualdad. *Guía para el profesorado* (2009).

Como pode o profesorado facilitarlle ferramentas de resolución de conflitos ao alumnado?

O profesorado pode ofrecerlle ao alumnado outro modelo para relacionarse na diferenza baseado na resolución de conflitos sexuais a través da **aprendizaxe emocional**, a **expresión de sentimentos** e o **fomento das relacións afectivas**. Desta maneira, as mozas e os mozos poden aprender a relacionarse sen violencia e a comportarse de xeito pacífico. Así mesmo, é importante evidenciar a influencia que ten o sistema patriarcal nas relacións entre as persoas e co seu medio.

Entre as ferramentas participativas que pode levar a cabo o profesorado para previr as situacións de violencia contra as nenas e as rapazas,

destacan a realización de charlas e debates, conversar coas nenas e os nenos cando aconteza un conflito, non normalizar a violencia, fomentar nos nenos a expresión de afectos e sentimentos ou valorar os traballos de nenas e nenos por igual.

Ferramentas para previr a violencia contra as alumnas

- Charlas e debates que axuden a poñerse no lugar da outra persoa.
- Dialogar e reflexionar coas nenas e os nenos cando se produza un conflito.
- Comentar casos nos que se evidencie o sexismo para que o alumnado aprenda a ter unha postura a prol da igualdade nestas situacións.
- Xogos de rol e dramatizacións para analizar e comprender conflitos.
- Ler libros e ver películas que traten o tema.
- Fomentar o traballo en grupo de nenas e nenos.
- Controlar o predominio e o rol protagonista dos nenos.
- Non normalizar valores e comportamentos « masculinos ».
- Evitar estereotipos femininos.
- Acoller actitudes que transgridan os estereotipos sexistas.
- Nomear as nenas e os nenos empregando o feminino e o masculino e establecer fórmulas para que elas e eles tamén o fagan.
- Non permitir actitudes violentas.
- Valorar os traballos das nenas e os nenos por igual.
- Empregar materiais didácticos que representen os dous sexos.
- Realizar xogos e actividades non estereotipadas. Favorecer os xogos de participación.

Fonte: elaboración propia a partir de *El proyecto Relaciona: una propuesta ante la violencia* (2001).

Violencia de xénero a través das TRIC's e as redes sociais

As novas tecnoloxías forman parte do presente do alumnado, que vive, socializa e crece nun espazo virtual desde hai anos. Desconectar as e os adolescentes do móbil ou do ordenador é unha gran batalla para as nais, os pais e o profesorado, que observan como desde idades cada vez máis temperás as rapazas e os rapaces pasan unha gran parte do seu tempo

na Rede, onde se comunican coas súas amizades, se relacionan coa súa parella ou obteñen entretemento e información.

É evidente que as redes sociais cambiaron a forma en que a xente nova se relaciona. Principalmente, a mocidade emprega as redes para buscar información de todo tipo e como medio para relacionarse e socializar. Aínda que se trata dun novo medio, as redes sociais son un reflexo das interaccións que se producen na sociedade e, por iso, constitúen un reflexo tanto das boas como das malas relacións.

A desigualdade de xénero e a violencia contra as rapazas en calquera das súas formas reproducíase tamén neste medio a través de multitude de páxinas e blogs ou no uso das redes sociais. Se a violencia de xénero expresada de forma física e presencial afecta ou pode afectar a máis da metade da poboación, esta variedade da violencia de xénero a través das TRIC's, é dicir, das tecnoloxías e redes de información e comunicación, é aínda peor debido a varios factores:

- O agresor pode ocultarse a través delas.
- A vítima está máis desprotexida, pois non sabe cando se pode producir unha agresión.
- Prodúcese unha falta de control sobre as imaxes ou a información que pode colgar o agresor.
- O dano é maior debido á sobreexposición da vítima ao vitimario.
- A vítima está exposta de maneira absoluta e permanente ante toda persoa que teña acceso á rede social ou ao espazo virtual onde se produce.

Entre as novas formas de violencia de xénero nas redes sociais atópanse o sexting, o ciberacoso e a sextorsión.

Sexting: é un anglicismo que provén da contracción de sex (sexo) e ting (texting) e refírese ao envío de contido erótico ou pornográfico por medio de teléfonos móbiles.

Ciberacoso: alude ao acoso que se pode levar a cabo a través das redes ou móbiles, ben colgando en Internet unha imaxe comprometida ou datos delicados que poidan avergonzar a vítima, ben dando de alta a vítima nunha web co fin de avergonzala, ben creando un perfil falso para suplantar a identidade da vítima, ben solicitando contacto sexual ou deixando comentarios ofensivos nos foros en nome da vítima, ben cambiando o contrasinal do seu correo electrónico para que non o poida consultar, ou ben lendo a súa correspondencia e enviando mensaxes

ameazantes por e-mail ou SMS. En definitiva, o obxectivo é perseguir e asexar a vítima nos lugares de Internet nos que se relaciona de maneira habitual para provocarlle unha sensación de completa angustia.

Sextorsión: é unha forma de explotación sexual na cal a persoa é chantaxeada cunha imaxe ou vídeo dela mesma espida ou realizando actos sexuais, que con frecuencia foi previamente compartida mediante sexting. A vítima é coaccionada para ter relacións sexuais con alguén, entregar máis imaxes eróticas ou pornográficas, diñeiro ou algunha outra contrapartida baixo a ameaza de difundir as imaxes orixinais se non se accede ás esixencias da persoa chantaxista.

Cales son as causas de que se produzan estas novas formas de violencia de xénero?

Estas novas formas de violencia de xénero a través das TRIC's e as redes son o resultado dunha serie de causas sociais e de cambios e actitudes na forma de relacionarse na adolescencia, entre as que se atopan as seguintes:

Causas de novas formas de violencia de xénero a través das TRIC's e as redes sociais

- Danlle máis importancia ao **físico** ca aos valores da persoa.
- A media da primeira relación é moi precoz, os **13,1 anos**, o cal aumenta a inconsciencia pola falta de madurez.
- **Xustifican a violencia** para a resolución de conflitos. Case o 60 % dos rapaces estima que está xustificado agredir a quen lles quitou o que é deles, incluída a rapaza que se concibe como posesión.
- Comunícanse a través de **Internet**.
- A nova forma de exercer a **violencia son as TRIC's**.
- Efecto acumulativo e invisible, insistencia en envío de mensaxes e de peticións.
- **Falta de conciencia** do acoso tanto pola vítima como polo vitimario.
- **As probas de amor** agora pasan por ofrecer o contrasinal do correo, do Facebook, enviar imaxes de contido íntimo ou incluso sexual explícito.

- Internet supón un campo onde poder desenvolver a **presión, a chantaxe ou acoso**, sen nin sequera coñecer a vítima realmente nin ter contacto físico con ela.
- Establécese como unha forma de **vinganza** tras a ruptura.
- O maior medo prodúcese cando as ameazas **pasan a ser realidade**.

Fonte: Elaboración propia a partir de Ciberacoso y violencia de género en las redes sociales (2015).

Prevenición da violencia de xénero a través das TRIC's e as redes sociais

Á hora de abordar a prevención da violencia de xénero desde as idades máis temperás, é preciso ter en conta o relevante papel que xogan a día de hoxe as TRIC's, Tecnoloxías das Relacións e Comunicacións, así como as redes sociais. Esta nova forma de comunicarse é en tempo real e, aínda que as mozas e mozos sexan persoas nativas dixitais, que manexan os dispositivos de xeito intuitivo, isto non implica que saiban facer un bo uso delas.

Hoxe en día, os móbiles poden ser usados nas relacións de noivado como un instrumento de control, acoso, humillación, insulto ou vexación. Un exemplo deste mal uso prodúcese cando as rapazas lles envían unha foto da súa vestimenta ás súas parellas co obxecto de pedir a súa conformidade ou lles envían continuamente fotos para que saiban onde, cando e con quen se atopan.

Outros exemplos de uso nocivo podémolos atopar cando se intercambian os contrasinais ou as claves como proba de amor ou cando un rapaz usa fotos ou vídeos privados de contido sexual para facer dano cando o desexe.

A educación desde idades temperás sobre o bo uso das TRIC's e as redes sociais é primordial e por iso aconséllase que esta se leve a cabo desde as familias e os centros educativos mediante a promoción do seu uso responsable e consciente, co fin de evitar situacións de violencia de xénero no futuro a través delas.

O control das nais e pais, as apps de denuncia ou detección e a posibilidade de programar estas apps para a detección de abusos ou

malos comportamentos son as ferramentas fundamentais á hora de evitar, previr e abordar a violencia de xénero a través das TRIC's e as redes sociais.

De igual xeito, é moi importante que tanto as nais e os pais como o profesorado advirtan e aconsellen as rapazas e rapaces cunhas pautas para que melloren o uso privado das TRIC's e as redes sociais. Cunha serie de recomendacións básicas pódese mellorar o bo uso e a protección dos datos do alumnado e fomentar o seu uso responsable e consciente.

Mellorar o uso privado a través das TRIC's e as redes sociais

- Impedir a entrada de calquera software malicioso no ordenador ou no móbil.
- Usar claves de acceso que non sexan fáciles de descubrir, non cedelas e cambialas periodicamente.
- Escoller e configurar o ordenador tendo en conta o control das cookies.
- Poñer atención nas opcións de uso privado das redes sociais, sabendo o que significan, e revisalas de vez en cando, con especial fincapé nas relativas ao etiquetado.
- Ter coidado coas persoas coas que se establecen relacións e contribuír a unha cultura do uso responsable da información persoal é sempre un asunto colectivo.
- Defender unha postura sobre o privado de maneira proactiva para evitar equívocos e velar para que sexa respectada.
- Prestar atención ao servizo de xeolocalización e aos metadatos nas fotografías.
- Bloquear o acceso ao teléfono intelixente cun código de seguridade.
- Valorar, antes de instalar unha app no móbil, se realmente é necesaria e cales son os permisos de acceso que se esixen para o seu uso.
- Limitar os datos que se entregan, os pequenos datos e detalles se van acumulando e conformando o perfil ao longo do tempo.

Fonte: elaboración propia a partir de Ciberacoso y violencia de género en las redes sociales (2015).

Do mesmo xeito, é relevante concienciar a mocidade sobre as medidas necesarias para preservar a protección dos seus datos e advertir dos riscos en que se pode incurrir tanto ao darse de alta como ao usar as redes sociais ou darse de baixa nelas.

Pautas

Protexer os datos nas redes sociais

- Valorar a conveniencia da entrada nas redes se o servizo solicita datos excesivos de carácter persoal.
- Valorar se se lle debe dar consentimento ao administrador para usar os datos.
- Restringir a visibilidade dos datos.
- Controlar a información e as imaxes que se publican.
- Ter en conta que cando se publican imaxes ou vídeos calquera pode copialos, manipulalos e distribuílos.
- Ter en conta a información que dan as imaxes e que poden poñer en risco o menor, as persoas coñecidas e as familiares e que poden servir para localizar o menor.
- Valorar que a información que se publica pode permanecer toda a vida.
- Solicitar autorización para publicar imaxes de terceiras persoas en perfís públicos ou naqueles nos que existe un gran número de persoas agregadas.
- Ter en conta que non é o mesmo eliminar que desactivar unha conta. Unha conta desactivada pode volver a activarse, mentres que se se elimina non se pode volver a acceder a ela.

- Valorar a conservación de datos por parte do administrador ao darse de baixa.
-

- Empregar un antivirus e telo actualizado ao tempo que se vixía calquera descarga que se faga no ordenador.
-

- Empregar un programa anti-spyware para evitar a entrada de programas espías.
-

- Desactivar as xanelas de recordar contrasinal e cerrar a sesión cando se faga uso das redes nun ordenador público.
-

- Desconfiar das persoas descoñecidas e nunca citarse con elas. No caso de facelo, que sexa nun lugar público e acompañada dunha persoa adulta cando se é menor.
-

- Ser consciente da responsabilidade que supón escribir no muro doutras persoas ou etiquetalas sen o seu consentimento.
-

- Garantir a seguridade mediante unha configuración privada da conta na que só as persoas que se escollan poidan ver a información. Garantir tamén que o contrasinal sexa privado e non o coñeza ningunha outra persoa que o poida usar no seu nome.
-

- Restrinxir as publicacións con demasiada información persoal e familiar que ademais poidan permitir a localización física.
-

- Pensar a imaxe que se quere transmitir e ata onde se quere mostrar, posto que esta pode difundirse a moitas máis persoas das que en principio se tiña previsto.
-

Fonte: elaboración propia a partir de *Ciberacoso y violencia de género en las redes sociales* (2015).

En definitiva, é primordial transmitirlles ás rapazas e aos rapaces que os datos persoais conforman o seu dereito á intimidade e, consecuentemente, forman parte da súa vida privada. Así mesmo, resulta efectivo

indicarlles que ninguén debe obter os seus datos persoais a non ser que os queiran facilitar de forma voluntaria, así como recordarlles que canta máis cantidade de datos faciliten máis exporán a súa vida privada e a súa intimidade.

Educación afectiva na práctica docente

Hoxe en día é imprescindible que a escola incorpore a educación sentimental desde a perspectiva de xénero á práctica docente, co fin de tratar cuestións vitais para as persoas, como son o entendemento mutuo, a aceptación delas mesmas e as súas relacións cos demais, e a convivencia co resto das persoas sen violencia e sen riscos para a vida.

Desde que nacen, as nenas e os nenos van interiorizando, a través dos diferentes axentes sociais, uns modelos masculinos e femininos desde os cales amar. O modelo heteronormativo reflicte que o amor é un aspecto primordial na vida das mulleres, o cal deben desenvolver para sentirse completas. Como consecuencia, as mulleres que teñen este referente de amor e manteñen unha relación amorosa tenden a dedicarse en corpo e alma ás súas parellas para coidar ese amor. É dicir, este modelo inculca nas rapazas que deben ser «seres para os outros». Pola contra, este ideal incúlcalles aos rapaces que o ámbito do amor non é tan esencial para eles, polo que, cando manteñen unha relación amorosa, seguen a priorizar as súas necesidades fronte ás das súas parellas, e convértense así en «seres para eles mesmos». Este modelo transmite un desequilibrio nas relacións sentimentais que leva tanto as mulleres como os homes a sentir insatisfacción coas súas parellas e provoca ademais falta de entendemento nestas.

A falta de educación afectiva na escola acerca de como establecer relacións afastadas do referente patriarcal, baseado na dominación-submisión, inflúe en gran medida na asimilación deste referente e coincide cun aumento da violencia machista entre as parellas adolescentes.

A través da coeducación afectiva, pódenselle explicar ao alumnado, desde idades temperás, procesos transcendentais como a construción da identidade de xénero e as relacións nun contexto cultural determinado, preparar as rapazas e os rapaces para a non dependencia e contra a subordinación ou o dominio. Grazas a esta formación integral, o alumnado aprende a xestionar os sentimentos, a escoitar as

súas emocións e as alleas, a expresalas e a saber que facer con elas sen interferir nos dereitos das demais persoas.

Educar no amor é educar nos afectos, no respecto e na igualdade, e para isto é imprescindible incorporar as relacións afectivas á práctica docente, facer fincapé en que as rapazas e rapaces non naturalicen a agresividade e prever a súa diferente socialización no amor, nas relacións e nos afectos.

Da masculinidade tradicional ás novas masculinidades igualitarias

Cal é o modelo de masculinidade tradicional?

O modelo de masculinidade tradicional fundaméntase nunha visión androcéntrica do mundo dentro dun sistema social e cultural baseado na idea da autoridade e liderado do varón. Trátase dun sistema en que se dá un predominio dos homes sobre as mulleres e no que as estruturas de produción e reprodución do poder se cimentan en gran medida na desigualdade entre os sexos. Este modelo hexemónico masculino susténtase, ademais, na demostración de poder, nunha carencia para xestionar as emocións, posto son ocultadas, negadas ou relativizadas, e nunha cultura do risco baseada en demostrar continuamente as capacidades duns homes fronte aos outros.

Un dos aspectos fundamentais para comprender a violencia machista é a conformación da identidade de xénero nos rapaces, a cal está fortemente influenciada por este modelo hexemónico de masculinidade tradicional, no cal os rapaces aprenden a medir a súa virilidade tanto a través da forza e da agresividade coma da súa superioridade fronte ao sexo oposto: as rapazas.

En consecuencia, os homes que se reflicten neste modelo de masculinidade teñen dificultades para poñerse no lugar das outras persoas, unha baixa tolerancia á frustración e insuficientes habilidades alternativas á violencia. Neste sentido, cabe destacar que, cando se traballa con homes que son condenados por violencia machista, un dos aspectos que se tratan son as habilidades sociais alternativas á violencia.

A través dos axentes sociais, como os medios de comunicación, a familia, as amizades e a escola, os nenos interiorizan que eles son fortes e que deben demostralo. De feito, na etapa adolescente a súa crise de

identidade de xénero xirará ao redor da idea de se serán suficientemente homes. Deste xeito, moitos rapaces sentirán a necesidade de demostrar a súa condición de homes e farano intimidando a quen consideran as súas opostas e inferiores: as rapazas.

Reflexiona: e na túa aula? Observa e rexistra o número de rapaces da túa aula que amosan actitudes que se corresponden cun modelo de masculinidade tradicional

Ver anexo 22: Ficha de observación de masculinidade tradicional.

A pesar de que esta crise se produce na adolescencia, hai que ter en conta que a percepción e a estrutura do xénero están firmemente fixadas nas identidades antes dos cinco anos, polo que é preciso traballar a educación afectiva e dotar os nenos, desde as idades máis temperás, de novos modelos de masculinidades. Modelos que fomenten as habilidades de interacción persoal, de comunicación íntima, as condutas de coidado, cooperación e afectividade, no cal se lles permita explorar e amosar os seus sentimentos e se cuestionen as normas convencionais que configuran o modelo tradicional de masculinidade.

Novos modelos de masculinidades

Interacción personal
Comunicación íntima
Condutas de coidado
Cooperación
Afectividade

Fonte: elaboración propia.

Autoestima nas rapazas

A autoestima é a opinión emocional que teñen as persoas de si e que supera nas súas causas á racionalización e á lóxica.

Ao igual que existe un modelo hexemónico de masculinidade tradicional nos rapaces, tamén existe un modelo de feminidade hexemónico, cuxos eixes fundamentais son a pasividade e a submisión. Como conse-

cuencia, as mulleres parten dunha valoración social inferior á dos homes e, por esa razón, a baixa autoestima é máis frecuente nelas.

Entre os síntomas máis comúns da baixa autoestima atópanse a esixencia, o perfeccionismo, o pesimismo, a hipersensibilidade ante a crítica dos demais, a indecisión crónica, a irascibilidade ou a incapacidade de poñerlles límites ás demais persoas debido a un desexo de compracer aos outros.

Reflexiona: e na túa aula? Observa e rexistra o número de rapazas da túa aula que amosan síntomas de baixa autoestima.

Ver anexo 23: Ficha de observación de baixa autoestima nas rapazas.

É preciso desenmascarar este modelo tradicional e fomentar o **apoderamento** nas rapazas. Trátase de traballar coas rapazas a autoestima, xa que na interiorización do seu rol de xénero aprenderon a «ser para os outros» e a definila en relación coa presenza e aprobación dos demais. É preciso, neste sentido, reeducar as nenas e rapazas para que sexan «seres para si».

A autoestima ten como fontes de consolidación a **autoidentidade**, o estado persoal da vida, a satisfacción das propias necesidades e funcións, deberes e responsabilidades, pero tamén a vixencia parcial dos propios dereitos individuais. Esta satisfacción relaciónase coa experiencia de centrarse na propia vida, de satisfacer os propios intereses e realizar o imaxinado e desexado para desenvolver a propia autoestima.

Autoestima nas rapazas

Seres para si Necesidades, funcións e responsabilidades propias Dereitos individuais Intereses propios Desenvolver a autoidentidade

Fonte: elaboración propia.

Socialización diferencial do amor

O ideal do amor romántico reproducése a través dos distintos axentes sociais e segue a ser un referente para a maior parte da mocidade. Este modelo socializa de maneira diferente as rapazas e os rapaces, de tal maneira que as mulleres conciben o coidado da outra persoa sen esperar nada a cambio, sen reciprocidade, cunha entrega absoluta e de autorrenuncia ás súas necesidades ou desexos. No entanto, aos rapaces reforzáselles a carencia destas características que se lles supoñen ás rapazas, e son empurrados a contrapesar estas con trazos opostos, como a racionalidade, a forza ou a ausencia de emocións.



O modelo do amor romántico concibe as mulleres como seres para os outros e os homes como seres para si, de aí a descompensación deste modelo de amor sexista que afianzan os medios de comunicación e que moitas e moitos adolescentes seguen como expectativas que deben cumprir no amor.

Estas expectativas sentimentais de xénero son, no caso das rapazas, unha parte imprescindible da súa socialización e do seu proxecto vital, ata o punto de conformar para moitas un eixe sobre o cal xira case a totalidade da súa vida, mentres na vida dos varóns o prioritario segue sendo o recoñecemento social ou, en todo caso, o amor ou a relación de parella segue a ocupar un segundo plano.

Socialización diferencial do amor

Muller

Seres para outros

Éxito privado

Rol pasivo

Entrega incondicional

Home

Seres para si

Éxito público

Rol activo

Entrega condicionada

Fonte: elaboración propia.

Durante as primeiras relacións aprécianse diferenzas entre mozas e mozos: os rapaces atenden o seu pracer sexual, mentres que as rapazas se inician na práctica sexual coaccionadas polo ambiente e polas necesidades e desexos masculinos. Moitas poden iniciarse non porque o desexen, senón porque toca e toca con aquel que é máis insistente, amosa un desexo irrefreable, e chámalle puritana ou a ameaza con irse con outra.

Así, as rapazas actuais no fondo fan o mesmo que fixeron as súas avoas, é dicir, atender antes o desexo masculino que o seu propio e non velar polo seu pracer, seguridade e integridade. Accederán a manter relacións de risco ou prácticas non satisfactorias só porque os rapaces queren, tal e como afirma a docente María Elena Simón Rodríguez. É dicir, sofren en moitas ocasións relacións desiguais e baseadas na presión e insistencia dos rapaces: trátase de relacións baseadas na violencia.

A coeducación afectiva debe disociar estas prácticas de violencia da idea de amor para que as e os adolescentes aprendan o que é unha relación de parella saudable, baseada no bo trato e afastada dos ideais do amor romántico, onde prevalecen a renuncia e o sufrimento.

Entre estes mitos románticos atópase a afirmación de que o amor todo o pode, o cal fomenta a idea de que, se hai amor nunha relación, poden solucionarse todos os problemas. Isto tamén funciona ao contrario, cando se dá por feito que, se existen problemas, non hai amor. Outro mito persistente é o do amor a primeira vista, o cal transmite a idea de que se produce un encontro entre dúas persoas destinadas a estar xuntas. Malia que as relacións se inician cunha atracción física inicial, este tópico pode levar as persoas a non percibiren a realidade claramente, a ver aquilo que verdadeiramente non existe ou mesmo a rexeitar relacións cun potencial enriquecedor polo feito de que non se produciu un encontro vital que semelle indicativo de amor.

E quen non escoitou falar da media laranxa? Este mito fai que as persoas pensen que existe só unha persoa ideal no mundo para elas e eles e pode levalas a aferrarse a un vínculo polo feito de pensar que nunca atoparán outro ser perfecto.

Ligado ao anterior, sitúase o mito de que a persoa correcta enche todos os aspectos da túa vida. Neste caben frases do tipo «Debemos compartir todos os nosos gustos e afeccións» ou «Somos unha persoa». Esta percepción do amor pode levar as persoas a obsesionárense por atopar outra parella para comezar a vivir, a realizar os soños ou incluso para empezar a ser felices.

Outra crenza típica é pensar que a compenetración sexual é unha proba irrefutable de amor. As persoas cren firmemente que, se o amor é verdadeiro, as relacións sexuais sempre serán asombrosamente boas. É certo que unha vida sexual sa e plena é importante no desenvolvemento dunha relación, pero nin o amor é garantía disto nin o bo sexo é garantía de amor. É absolutamente necesario coñecer tanto o propio corpo coma o da outra persoa e traballar a sexualidade igual que se traballa calquera outro aspecto da relación.

Outra das crenzas afirma que, se se sente amor, non se pode sentir atracción por outras persoas. O amor non paraliza a disposición a sentir atracción por outras persoas e a fidelidade é unha construción social na que a propia parella é a que decide que tipo de compromiso quere

adquirir; é moi común experimentar algún tipo de afinidade con outras persoas sen que isto signifique que xa non se lle queira á parella, e queda nas mans da propia persoa establecer os límites desa atracción.

Pero sen dúbida un dos mitos máis estendidos entre a mocidade é que os celos son unha proba de amor. En realidade, a experimentación dos celos soamente constitúe un indicador do limiar de angustia ante a idea de que alguén leve aquilo que é considerado como propio por dereito, aquilo que a persoa cre que lle corresponde recibir en exclusiva. Os celos son unha demostración do temor a perder o que se percibe como unha posesión, é dicir, a outra persoa.

Mitos do amor romántico

- O amor todo o pode.
- Amor a primeira vista.
- A media laranxa.
- A persoa correcta enche todos os aspectos da túa vida.
- A plena compenetración sexual é unha proba irrefutable de amor.
- Cando se sente amor, non é posible sentir atracción por outra persoa.
- Os celos son unha proba de amor.

Fonte: elaboración propia.

E que pasa coas persoas LGTBIQ ?

As persoas adolescentes gais, lesbianas, transexuais ou con corpos non normativos en xeral poden sentirse diferentes das súas amizades cando as persoas heterosexuais que as rodean comezan a falar sobre sentimentos románticos, citas e sexo. Isto prodúcese porque a sociedade está baseada nun modelo binario que presupón que unicamente existen as persoas heterosexuais.

Unha enquisa realizada en 2012 pola Campaña de Dereitos Humanos (Human Rights Campaign) descubriu que o 92 % das e dos adolescentes LGTBIQ (lesbianas, gais, transxénero, transexual, travesti, bisexual, intersexual e queer) escoitaran cousas negativas sobre ser lesbiana, gai, bisexual ou transexual.

As persoas LGTBIQ poden chegar a finxir que senten cousas que non senten para encaixaren no seu grupo, na súa familia ou na súa comunidade. Tal vez sintan que deben negar quen son ou ocultar unha parte

importante de si. Así, mentres as persoas heterosexuais aprenden a socializar na súa etapa adolescente, o resto das persoas aprenden a esconderse, convértense nos diferentes e a súa sexualidade é un asunto tabú ante os valores heteronormativos patriarcais imperantes na sociedade e na escola.

O medo aos prexuízos, ao rexeitamento ou á intimidación poden levar as persoas que non son heterosexuais a manter en segredo a súa orientación sexual, incluso ante amizades ou familiares que poderían brindarlles o seu apoio.

As persoas LGTBIQ teñen unha enorme dificultade para ter referentes cos que identificarse nestas idades tan críticas e convértense en moitas ocasións en obxectos de burla e de exclusión nos centros escolares. O profesorado pode, a través dunha pedagogía afectiva, propoñer modelos igualitarios de relacións de parella e de diversidade fronte ao modelo heteronormativo imperante, co obxectivo de normalizar todas as posibilidades das relacións afectivas, sempre baseadas no respecto á diversidade.

Violencia de xénero na parella adolescente

Á hora de establecer medidas para erradicar e previr a violencia de xénero nas relacións de parella adolescentes é preciso detectala, coñecer a súa orixe, os tipos de violencia que existen e como funciona o proceso da violencia.

Que é a violencia de xénero na parella?

A violencia de xénero na parella é todo acto de abuso contra as mulleres cometido por varóns sexistas que exercen o dominio, a autoridade, o control ou a posesión das súas parellas ou ex-parellas mediante a violencia física, o illamento, a desvalorización, a chantaxe, a intimidación, os abusos e as agresións sexuais ou calquera outra estratexia de coacción para acadar o exercicio do poder.

Ao falar da violencia de xénero na parella hai que ter en conta que esta se concibe principalmente pola existencia dun vínculo afectivo, aquela exercida por homes contra mulleres coas que manteñen ou mantiveron unha relación de afectividade.

En moitas ocasións, a violencia comeza con condutas de control e desvalorización, despois é frecuente o abuso ou a agresión sexual. Se

con isto non se logran os obxectivos de obediencia e submisión da rapaza, adoita pasarse ao maltrato físico.

Que tipos de violencia de xénero existen na parella?

A violencia de xénero na parella exerceuse a través de tres formas principais: a violencia psicolóxica, a física e a sexual.

A **violencia psicolóxica** é a máis común, tanto nas mulleres adultas como nas adolescentes, xa que adoita ser previa aos outros tipos de violencia. Entre as súas distintas manifestacións atópanse as seguintes formas de expresión:

Formas de violencia psicolóxica	Definición
Control	Vixilancia constante de todo aquilo que se relaciona coa rapaza, así como a súa prohibición: amizades, formas de vestir, afeccións, diñeiro ou redes sociais.
Illamento	O obxectivo é impedir que a rapaza teña un contorno de referencia, unha vida social, e se dedique todo o tempo a estar co rapaz.
Acoso	Vixilancia constante da rapaza por medio do teléfono, na rúa e nos espazos en común. O acoso refórzase cando a rapaza rompe a relación.
Descualificación	Agresións verbais co fin de atacar e menoscabar a autoestima da rapaza.
Humillacións	Maniféstanse mediante burlas, insultos ou reproches en público ou privado.
Manipulación emocional	Estratexias de chantaxe emocional que se poden manifestar de varias formas: castigo, ameazas, vitimización ou premios á rapaza cando se comporta como el quere.
Indiferenza afectiva	O rapaz amósase indiferente ou insensible e mostra incluso rexeitamento ou desprezo.
Ameazas	Maniféstase ante o risco de ruptura ou cando a rapaza non quere manter relacións sexuais.
Presión sexual	A chantaxe emocional para manter relacións sexuais maniféstase mediante enfados, reproches ou culpabilizacións.

Fonte: elaboración propia a partir de *Violencia contra las mujeres jóvenes: la violencia psicológica en las relaciones de noviazgo* (2009).

A **violencia física** adoita aparecer cando a violencia psicolóxica tivo lugar de maneira sistemática, e reforza todo aquilo que anteriormente se realizaba a través de estratexias de control, acoso, descualificación, insultos ou ameazas. Este tipo de violencia tende a exercerse de maneira gradual, polo que acada diversos niveis que poden ir desde dar un empurrón, cuspir, lanzar elementos sobre a rapaza ou tirar do cabelo ata empregar calquera tipo de arma, queimar ou golpear.

A terceira forma de violencia é a **sexual**, que responde a aqueles actos forzados polo agresor ou non consentidos pola vítima, que teñen lugar no terreo sexual e que van desde a presión ou a coacción para manter relacións sexuais ou a realización de determinadas prácticas sexuais ata a violación con agresión física.

Cómpre destacar que a violencia de xénero non é un feito concreto e illado, senón que é un proceso que se establece a través dun mecanismo cíclico, o cal dificulta a súa detección temperá.

Cales son as fases do ciclo da violencia de xénero na parella ?


O ciclo da violencia de xénero explica como e por que as mulleres poden quedar atrapadas nunha relación de violencia e nel establécense tres fases que se relacionan entre si e que varían en tempo e intensidade segundo a parella de que se trate.

A primeira das fases violentas é a de **acumulación ou tensión**, que se caracteriza por unha escalada gradual de tensión que se manifesta en actos hostís do rapaz cara á rapaza, como insultar, enfadarse ou gritar. Nesta fase a rapaza intenta calmar a situación ou evitar facer algo que a el lle moleste ou aumente a tensión co fin de controlar a situación.

A segunda **fase, de agresión ou expulsión** maniféstase en forma de violencia psicolóxica, física ou sexual. Neste momento o rapaz trata de responsabilizar dos seus actos a rapaza ou calquera circunstancia que ocorrera fóra da parella coa intención de xustificar a súa acción e de facer sentir a rapaza culpable polo acontecido.

En último lugar prodúcese a fase de **reconciliación ou lúa de mel** na que o rapaz, a través da manipulación emocional, busca o perdón mediante promesas de cambio, regalos ou detalles afectivos coa intención de que a rapaza continúe na relación.

É importante sinalar que o proceso do ciclo da violencia de xénero ten lugar de maneira ordenada. Primeiro aparece a fase de acumulación da



tensión, despois a de agresión ou explosión e, por último, a de reconciliación ou lúa de mel, e o ciclo aumenta en frecuencia e intensidade. Nos inicios deste proceso, o comportamento das fases dilátase no tempo, ocorre de maneira esporádica e pouco a pouco vaise facendo un costume no comportamento do rapaz na relación. Conforme avanza o tempo, a fase de acumulación de tensión, así como a de agresión ou explosión, instáuranse na relación e prodúcense de maneira frecuente e poden incluso facer desaparecer a fase de reconciliación.

O ciclo da violencia de xénero na parella prodúcese de maneira rápida na adolescencia, aínda que case sempre se produce a fase de reconciliación ou lúa de mel, xa que as relacións non é habitual que sexan tan longas coma as das mulleres adultas.

Como se pode detectar a violencia de xénero na parella?

Existe toda unha serie de síntomas entre as adolescentes que poden axudar á súa detección no caso de que se sospeite que unha alumna está sometida a unha relación de violencia de xénero na parella.

Tipos de síntomas	Descrición
Emocionais	– Amosa confusión ou indecisión con respecto á parella. – Escaso ou nulo control emocional ante situacións de estrés. – Sentimentos de soidade. – Séntese rara. – Amosa medo ante calquera situación anómala. – Sufriu maltrato en relacións anteriores.
Físicos	– Hematomas. – Feridas. – Raspaduras. – Roturas de ósos.
Psicolóxicos	– Cambios de estado de ánimo. – Baixa autoestima. – Problemas de sono. – Nerviosismo. – Dores de cabeza periódicos. – Problemas de concentración.
Condutas	– Méntelles ás persoas máis achegadas sobre as condutas abusivas da súa parella. – Emprega roupa non acorde coa época do ano para enmascarar hematomas ou feridas. – Detéctase nela un consumo abusivo de alcohol e drogas. – Deixa de realizar as súas actividades favoritas para estar coa súa parella. – Revisa continuamente o móbil para ver se lle escribiu a súa parella e amosa ansiedade por contestar inmediatamente.
Sociais	– Íllase das amizades ou familiares. – Non exterioriza preocupacións ou problemas.
Académicos	– Baixo rendemento académico ou laboral – Abandono dos estudos ou do traballo.

Fonte: elaboración propia a partir de Mujeres en igualdad (2011).

Reflexiona: e na túa aula? Observa e rexistra os síntomas de detección de violencia de xénero na parella dalgunha alumna da que sospeites que pode ser vítima.

Ver anexo 24: Ficha de observación de síntomas de detección da violencia de xénero na parella.

Prevención da violencia de xénero na parella adolescente desde o ámbito educativo

O ámbito educativo e a práctica docente diaria son ferramentas esenciais para a prevención da violencia de xénero nas parellas adolescentes. Mediante estratexias de actuación desde o ámbito educativo e pautas concretas de intervención desde a práctica docente, o profesorado pode levar ás súas aulas a educación en igualdade co obxecto de previr a violencia de xénero entre o alumnado.

Como previr a violencia de xénero nas parellas adolescentes desde o ámbito educativo?

Á hora de previr a violencia de xénero nas parellas desde o ámbito educativo, debe traballarse a partir dun enfoque integral. Poñeranse en práctica unha serie de estratexias fundamentais.

- Prevención integral fronte á violencia: ensinarlle ao alumnado a rexeitar todo tipo de violencia e deseñar actividades específicas contra a violencia machista desde a educación infantil, con especial fincapé na adolescencia, etapa en que se detectan as primeiras manifestacións de violencia machista na parella.
- Construción da igualdade desde a práctica: deseñar experiencias de colaboración e respecto mutuo entre mulleres e homes para avanzar nas dúas principais condicións subxacentes na violencia machista: a desigual distribución do poder que existe na sociedade e a resistencia ao cambio que esta situación produce, especialmente entre os homes.
- Desenvolver protocolos de actuación específicos para o ámbito educativo: aumentar a eficacia na detección e na erradicación das ditas situacións en colaboración coas familias e promover actuacións que axuden a interrompela a través da creación de vínculos

afectivos de calidade alternativos á violencia, do rexeitamento de toda forma de violencia, da axuda á hora de elaborar a historia de maltrato vivida e da incorporación de habilidades sociais alternativas á violencia.

- Garantir a permanencia de medidas educativas para previr a violencia de xénero: proporcionarlle ao profesorado os medios necesarios a través da formación, de guías de actuación para incorporar a coeducación á práctica docente, de incentivos ao esforzo na innovación educativa, recursos económicos, axustes nos horarios etc.
- Favorecer a inserción da prevención da violencia de xénero en programas integrais de convivencia escolar: achegar unha oportunidade para conseguir a permanencia das medidas e a súa extensión a toda a poboación, para o cal é precisa a colaboración entre as persoas expertas en xénero e as responsables dos centros educativos.
- Promover a colaboración escolas-familias: integrar a acción da escola coa doutros axentes sociais, como os medios de comunicación, a Administración ou entidades expertas en xénero, co fin de loitar de maneira multidisciplinaria contra o sexismo e a violencia machista na sociedade.

Como previr a violencia de xénero na parella desde a práctica docente?

Pola súa banda, o profesorado pode incluír pautas específicas de prevención da violencia de xénero nas súas programacións para aplicala ao tratamento de relacións de parella adolescentes desde a docencia.

A continuación preséntanse algunhas pautas de actuación específica para traballar desde as aulas, ben a través dun videoforo, xogos de carácter simbólico, *rol-playing*, lecturas compartidas de textos, análise de documentos de prensa, radio ou televisión e debates, independentemente da materia que se imparta, co fin de instaurar a práctica coeducativa no labor docente de maneira transversal.

Previr a violencia de xénero nas parellas adolescentes

- Abolir o modelo do amor romántico, os mitos e estereotipos de xénero e proporcionarlle ao alumnado modelos desexables e igualitarios.
- Disociar o amor do control, o sufrimento, o abuso e a violencia.
- Falar das relacións afectivas e abrir debates para a expresión de sentimentos e emocións, promovendo o respecto e o aprecio pola diversidade.
- Debater sobre a violencia contra as mulleres nas relacións afectivas.
- Discutir sobre violacións dos dereitos humanos no ámbito privado.
- Promover todo tipo de rexeitamento ou xustificación da forza, a violencia e a guerra.
- Resaltar as vantaxes de conseguir propósitos de maneira pacífica.
- Apoderar as rapazas e redefinir novas masculinidades para os rapaces.
- Incluír a coeducación na práctica docente: linguaxe non sexista, distribución de espazos, xogos cooperativos, ausencia de sexismo nos textos educativos.
- Facer participar a aquelas e aqueles que menos participan.
- Evitar a transmisión de estereotipos sexistas entre o alumnado, como que as nenas son máis ordenadas e limpan as aulas e os nenos máis fortes e moven os mobles de sitio.
- Valorar a función de cada un e de cada unha no discurso do profesorado e traballar con insistencia na idea de que ningún sexo debe prevalecer sobre o outro.
- Facer visibles os conflitos para crear un espazo no que caiban todas as ideas, palabras, necesidades, expresións, a relación, a reflexión e o intercambio.

Fonte: elaboración propia a partir de *Prevenir la violencia de género desde la escuela* (2009).

III.

Actividades

Actividade 7: Modelos de masculinidade

Obxectivo: Analizar o modelo tradicional de masculinidade fronte ás masculinidades igualitarias.

Tarefa: Clasifica as seguintes frases segundo representen masculinidades tradicionais ou igualitarias. (Ver anexo 25: Solucións modelos de masculinidades).

Situacións para clasificar

- A.** Un home con éxito empresarial e pai de dúas nenas de 6 e 9 anos adoita chegar á súa casa sobre as 20:30 da noite e, ás veces, a causa das viaxes de negocios, non pode durmir no fogar. No último ano perdeu o aniversario da filla máis pequena e a primeira obra de teatro da filla maior por culpa dos seus compromisos profesionais.
- B.** Un home, pai dun neno de 5 anos, traballa como funcionario público e está casado. A súa compañeira sentimental e nai do seu único fillo foi escollida como a mellor empresaria galega emprendedora de 2018. Está dedicada a lanzar o seu proxecto empresarial, desde hai un ano e medio. O seu compañeiro sentimental, que sae do traballo ás 15:00 horas da tarde, é o encargado de levar o fillo a clases de inglés e a baloncesto e de preparar as ceas de luns a venres.
- C.** Un home sae a cear coa súa compañeira sentimental polo seu aniversario. Tras a cea bailan, el vai ao baño e cando regresa ve que ela está falando coa súa exparella. El espera a que terminen a conversa e, cando aquel se vai, diríxese a ela e comezan a bailar de novo. Ao rematar o baile pregúntalle que tal se atopa a exparella e ela coméntalle que moi ben, que a súa empresa vai vento en popa. El dille que se alegra, posto que é un home moi talentoso e intelixente.
- D.** Un home que se acaba de divorciar da súa muller e ten dous nenos pequenos de 4 e 6 anos ten estipulado estar cos seus fillos os luns e os xoves pola tarde, un fin de semana cada quince días, e as vacacións repárteas a partes iguais coa súa exparella. Os luns e os xoves os nenos pasan a tarde coa avoa paterna e tamén as fins de semana, xa que o pai acostuma traballar ou saír coa súa nova parella.

- E.** Nunha parella, o home traballa en horario de 8 a.m. a 3 p.m., e a muller, de 9 a.m. a 6 p.m. Desde hai dous anos comparten a vivenda e as tarefas do fogar, de tal maneira que el dedica 3 horas á semana a recoller a mesa, lavar a louza, sacar o lixo, varrer e fregar o chan. Ela dedica 6 horas á semana a organizar o menú semanal, facer a compra, facer a comida e pasar o ferro.
- F.** Un home de 40 anos, casado e con dous fillos de 5 e 9 anos, traballa, ao igual que a súa compañeira sentimental, de 9 a.m. a 7 p.m. Comparten as tarefas do fogar por igual, de tal maneira que levan os dous fillos ao colexio. El prepara a cea os luns, mércores e venres, e ela os martes, xoves e domingos, pois os sábados cean na casa dos avós e das avoas.
- G.** Un home de 35 anos convive coa súa compañeira sentimental. Ela é unha actriz de éxito. Sempre que pode, el acompaña a súa parella ás estreas e promocións de cine. No estreo da súa última película, el enfádase porque varios produtores coquetean con ela durante a estrea da película. Cando van para a casa, non fala con ela. Ela insiste en calmalo e saber por que está molesto e el decide non falarlle en toda a semana coa intención de que ela mude a súa actitude.

Fonte: elaboración propia.

Actividade 8: Autoestima baixa

Obxectivo: Aprender a identificar síntomas de autoestima baixa entre as alumnas.

Descrición: Clasificar os conceptos da esquerda segundo sexan ou non síntomas de autoestima baixa.

Síntomas de autoestima baixa

Conceptos	Si	Non
Perfeccionismo		
Seguridade		
Indecisión crónica		
Autosuficiencia		
Irascibilidade		
Eficiencia		
Desexo de compracer as persoas		
Pesimismo		

Ver anexo 26: Solucións autoestima baixa.

Fonte: elaboración propia.

Actividade 9: Violencia de xénero

Obxectivo: Analizar unha escena de violencia de xénero na parella.

Descrición: O profesorado reproduce unha escena da película Te doy mis ojos e proponlle ao alumnado identificar os personaxes, o tipo de relación que manteñen, se hai maltrato e de que tipo, así como a fase do ciclo da violencia de xénero. (Ver a solución no anexo 27: Solucións violencia de xénero na parella.)

Secuencia

--> <https://www.youtube.com/watch?v=1L-NjIU3yFU>

ficha na páxina seguinte -->

Ficha actividade 9: Violencia de xénero na parella

Que personaxes aparecen na escena (muller, home, nena, neno...)?

Que relación existe entre os personaxes?

Onde se produce a escena?

Prodúcese algún maltrato?

Se hai maltrato, de quen a quen se exerce?

Hai maltrato físico (golpes, arrancar a roupa...)?

Hai maltrato psicolóxico (insultos, desprezo, humillacións...)?

Hai maltrato económico (gasta o diñeiro familiar, revisa o moedeiro e a carteira, descualifica a muller como administradora do fogar...)?

Que fase do ciclo da violencia de xénero se reproduce nesta escena?

Márcao cun círculo.

- **Fase 1:** Acumulación ou tensión
- **Fase 2:** Agresión ou explosión
- **Fase 3:** Reconciliación ou lúa de mel

Explica/describe por que se produce esa fase do ciclo da violencia de xénero.

Fonte: elaboración propia.

Actividades para o alumnado

Educación Infantil

Actividade 16: O espello

Ciclo: segundo ciclo de infantil (3 a 6 anos).

Obxectivo: Mellorar a autoestima do alumnado e aprenderlle a expresarse de maneira pacífica e respectuosa para fomentar a unión do grupo.

Descrición: O profesorado toma como referencia o espello do conto de Brancaneves e coloca as nenas e os nenos por parellas, de tal maneira que unha persoa fai de espello e a outra reflíctese, e despois intercambian os papeis. Quen fai de espello ten que mirar a súa compañeira ou o seu compañeiro e pensar nela ou nel, como actúa e de que xeito adoita dicirlle o bo e o fermoso que ten.

Unha vez rematada a actividade, o alumnado fai un autorretrato coas impresións recollidas e colocarao na aula.

Material: lapis, papel e pinturas de cores.

Duración: 50 minutos (unha sesión).

Fonte: Elaboración propia a partir de *Actividades de Educación Infantil* (2012).

Actividade 17: Aprendo a dicir que non

Ciclo: segundo ciclo de infantil (3 a 6 anos).

Obxectivo: Favorecer o respecto ao propio corpo e ao corpo das outras persoas para aprender a distinguir entre sensacións positivas e negativas e previr o abuso sexual.

Descrición: O profesorado llelle ao alumnado disposto en círculo o conto «Ni un besito a la fuerza». É recomendable que se escenifiquen as posibles situacións que aparecen no conto e que se describen a continuación para que o alumnado interiorice o que se está a traballar.

continúa na páxina seguinte -->

Situacións para representar

- **«Hai bicos porque si, porque alguén che ten cariño»**

A mestra ou o mestre bica con cariño unha alumna ou alumno e invita a que cada nena e neno lle dea un bico cariñoso a unha compañeira ou compañeiro que estea á súa esquerda.

Logo, propónselle ao grupo responder cuestións como as seguintes: como vos sentistes? Ben, verdade? Os bicos que nos gustan fannos sentir ben.

- **«Bicos que se sopran e se mandan polo aire»**

A mestra ou mestre escenificará e pedirá que manden bicos a unha compañeira ou compañeiro polo aire. Gústavos mandar bicos ao aire? E recibilos?

- **«Non todo o mundo bica coa boca: a xente inuit bica co nariz»**

Pediráselle ao alumnado que bique ao estilo inuit as compañeiras e compañeiros que están a ambos os lados. Gústanvos os bicos dos inuit? Fanvos cóxegas? Fanvos rir? Sentídesvos ben se vos fan rir?

- **«Déronche algunha vez un bico na orella e logo non podías oír?»**

Dádelle un bico á compañeira ou o compañeiro na orella.

Resultouvos raro? Molestouvos?

- **«Coñeces a sensación de dar lambetadas e bicos co nariz mollado e frío?»**

Indícaselles que levanten a man aquelas persoas que reciben un bico deste tipo e expliquen se lles gustou ou non.

Material: conto «Ni un besito a la fuerza». Autora: Marion Mebes. Editorial Maite Canal.

Versión en PDF do conto:

--> <http://www.asociacionalanda.org/pdf/Doc1%20ni%20un%20besito%20a%20la%20fuerza.pdf>

Duración: 50 minutos (unha sesión).

Fonte: elaboración propia a partir de Cuaderno de actividades de infantil. *Guía práctica de coeducación para el profesorado* (2007).

Actividade 18: Familias diversas

Ciclo: segundo ciclo de infantil (3 a 6 anos).

Obxectivo: Identificar e favorecer o respecto cara á diversidade de familias.

Descrición: A mestra ou o mestre amosa unhas ilustracións con diferentes tipos de familias que o alumnado terá que describir para responder as cuestións que se lle formulan. A continuación, o alumnado pode debuxar a súa propia familia.


Material: Ficha da actividade 18: Familias diversas, lapis, papel e pinturas de cores.

Duración: 50 minutos (unha sesión).

Fonte: elaboración propia.

Ficha da actividade 18: Familias diversas

Exercicio 1: Describe as seguintes cinco familias: por cantas persoas están compostas? Como son? En que traballan? Como se divirten? Cal é a súa historia?



Exercicio 2: Debuxa a túa familia.

Fonte do debuxo: Freepik.

Actividade 19: As emocións

Cursos: 1.º, 2.º, 3.º, 4.º, 5.º e 6.º de primaria (6 a 12 anos).

Obxectivo: Identificar e analizar as emocións propias e traballar a autoestima co obxectivo de previr a violencia nas relacións.

Descrición: A mestra ou mestre introduce o concepto de emoción e explica os tipos de emocións que existen mentres o alumnado imaxina cando as experimentou. A continuación, serán as nenas e os nenos os que relaten, debuxen ou escriban situacións en que sentiron esas emocións: que lles pasou para sentirse así, con quen estaban, que fixeron con esa emoción concreta e como a expresaron. Posteriormente, se se realizou un exercicio escrito, póñense en común os debuxos e as respostas.

Material: papel, cores e Ficha da actividade 19: Emocións.

Duración: 50 minutos (unha sesión).

Fonte: elaboración propia a partir de *Cuaderno de actividades de primaria. Guía práctica de coeducación para el profesorado* (2007).

Ficha da actividade 19: Emocións

Unha emoción é a reacción a unha situación determinada, a algo que nos ocorreu ou algo que vivimos, e pode xerar sentimentos positivos ou negativos, de benestar ou de malestar, pero, en definitiva, é a maneira en que as persoas reaccionamos ante as cousas da vida diaria, e expresalas é un sinal de que son algo importante para nós e que non somos indiferentes ao que nos rodea. Cada persoa vaine manifestar dunha maneira determinada. Non existen emocións positivas ou negativas, vai depender do que fagamos con elas. As que expresamos de maneira positiva, deberíamos potencialas, xa que nos fan sentir ben, e as que expresamos de maneira negativa, deberíamos evitalas ou controlalas, xa que nos fan sentir mal.

Por iso, é importante:

- Saber recoñecelas.
- Saber clasificalas, se as sensacións que nos producen son positivas ou negativas.
- Aprender a expresalas da maneira adecuada. Por iso falamos de autocontrol emocional, é dicir, a expresión das emocións de maneira adecuada («somos donas e donos das nosas emocións»).
- Se o que nos xera a emoción é negativo, é un aviso para actuar e ver de onde vén e por que se produce isto.

Táboa das emocións

Emocións	Significado
Ira	Enfado, cólera, rabia
Tristeza	Pena, sentimento de perda
Felicidade	Alegría
Amor	Afecto
Medo	Sensación de perigo, de ameaza
Tranquilidade	Paz, seguridade

Claves para o profesorado

A mestra ou o mestre comenta o importante que é expresar como nos sentimos e que emocións nos xera ese sentimento.

- Por que hai emocións que nos poñen nerviosas ou nerviosos e nos producen malestar e outras que nos producen benestar?
- Por que, ás veces, cando nos sentimos tristes expresamos esa tristeza enfadándonos con outra persoa?
- Por que, ás veces, culpamos a outra persoa de como nos sentimos?
- Por que, ás veces, nos din que non nos sintamos mal?
- Hai diferenza na maneira en que as nenas e os nenos expresan as súas emocións?
- Por que ás nenas se lles permite máis o choro e aos nenos a rabia?

Transmitir a idea de que sentir o que sente cada nena ou neno, recoñecelo ou expresalo é fundamental para potenciar a autoestima e previr a violencia nas relacións.

Actividade 20: Resolución de conflitos

Cursos: 1.º, 2.º, 3.º, 4.º, 5.º e 6.º de primaria (6 a 12 anos).

Obxectivo: Favorecer estratexias de resolución de conflitos e de cooperación entre o alumnado.

Descrición: A mestra ou mestre escribe no taboleiro «Prodúceme rabia e enfádame» e anotará as situacións que achegue o alumnado. Acto seguido e por parellas mixtas, dramatízase unha das situacións que apareceu na choiva de ideas coa consigna de que intenten resolvela de maneira positiva e non violenta.

Material: Ficha da actividade 20: Resolución de conflitos.

Duración: 50 minutos (unha sesión).

Fonte: elaboración propia a partir de *Cuaderno de actividades de primaria. Guía práctica de coeducación para el profesorado* (2007).

Ficha da actividade 20: Resolución de conflitos

Aspectos que se deben ter en conta

A medida que o alumnado vai representando as distintas situacións e as distintas resolucións non violentas, a mestra ou o mestre vai comentando os aspectos relevantes de cada unha delas. É importante resaltar a importancia de resolver os conflitos sen violencia, xa que esta provoca emocións negativas que fan que nos comportemos de maneira violenta, co cal podemos ocasionarlles dano a outras persoas e tamén danarnos nós.

- Por que é importante que dialoguemos cando existe un conflito ou problema?
 - Por que é importante que expresemos os nosos sentimentos?
 - Por que nos sentimos ben cando expresamos o que queremos?
 - Que sucede cando non expresamos abertamente os nosos sentimentos?
-

Actividade 21: Diversidade na historia

Cursos: 5.º e 6.º de primaria (10 a 12 anos).

Obxectivo: Identificar e analizar as biografías de personaxes ilustres LGTBIQ e as discriminacións que puideron sufrir na súa época.

Descrición: A mestra ou mestre presenta unha relación de personaxes ilustres na historia e convida a cada alumna ou alumno a escoller un personaxe e realizar unha análise e presentación da súa vida na aula. Unha vez rematadas as exposicións, preguntárase que tiñan en común estas e estes personaxes ademais do seu talento profesional. Aproveitarase o momento para levar a cabo unha clase sobre o colectivo LGTBIQ: introducíranse os conceptos das siglas e traballarase a diversidade afectivo-sexual e de xénero.

Material: Ficha da actividade 21: Personaxes diversos na historia.

Duración: 100 minutos (dúas sesións).

Fonte: elaboración propia.

Ficha da actividade 21: Personaxes diversos na historia

Personaxes diversos na historia

Alexandre Magno—Virginia Woolf—Oscar Wilde
Isadora Duncan—Federico García Lorca—Frida Kalho
Rock Hudson—Greta Garbo—George Michael,
Catalina de Erauso—Hans Christian Andersen
Rimbaud e Christine Jorgensen

Aspectos que debe comentar o alumnado

- Quen foi esa persoa e cal era o seu talento?
 - Como foi a vida desa persoa no eido profesional?
 - Como foi a vida desa persoa no eido privado?
 - Sufriu algún tipo de discriminación na súa época? Por que?
-

Actividade 22: Cinefórum Tomboy

Cursos: primeiro e segundo ciclo de secundaria (12 a 16 anos).

Obxectivo: Identificar a diversidade afectivo-sexual e de xénero e analizar os sentimentos e discriminacións que poden sufrir estas persoas.

Descrición: A mestra ou mestre proxecta na aula a película Tomboy. Tras o visionamento do filme, levarase a cabo un debate co alumnado co obxectivo de que se poñan na pel da personaxe protagonista e analicen os seus sentimentos. Durante o coloquio introdúciense os conceptos das siglas LGTBIQ, así como unha explicación da diversidade afectivo-sexual e de xénero.

Material: Ficha da actividade 22: Tomboy.

Duración: 150 minutos (tres sesións).

Fonte: elaboración propia.

Ficha da actividade 22: Tomboy

Argumento da película

Laure é unha rapaza tremendamente carismática que, xunto coa súa familia, se muda a un sitio novo, o que trae consigo novos comezos no colexio, amizades e relacións. A partir dese momento decide facerse pasar por un raparigo de nome Michael, xa que así é como se sente.

Aspectos para comentar

- Tomboy é o termo anglosaxón para «marimacho», garçon manqué en francés. Que vos parece chamarlle a unha moza así? Deben ser femininas as mozas?
- Que pasa se a un de nós lle gustaría ser unha moza?
- E se unha de nós se sente mozo?
- Na película, Laure deixa que os demais crean que é un mozo. Credes que é necesario «identificarse» segundo o sexo?
- Que é a identidade sexual? Que é a identidade de xénero? Que significan as siglas LGTBIQ?
- Como se debe sentir a personaxe protagonista ao non coincidir o seu sexo coa súa identidade de xénero?
- Aceptariades a un amigo ou amiga que se cambiase de sexo?

Actividade 23: Consentimento e consenso sexual

Ciclo: primeiro e segundo ciclo de secundaria (12 a 16 anos).

Obxectivos: Aprender a dicir que non, traballar o consentimento e o consenso sexuais e potenciar situacións de resolución de conflitos.

Descrición: O profesorado reparte unhas fichas que conteñen unhas situacións para que o alumnado as analice e represente (Ficha da actividade 20: Consentimento e consenso sexual). Repártense os roles para representar e cada rapaz ou rapaza do grupo asume o que lle tocou, e intenta poñerse no lugar da persoa ou da situación que se se dramatiza á vez que analizan as posibles solucións inventadas entre todo o equipo. Unha vez rematadas as representacións, levaranse a cabo debates nos que o profesorado terá en conta os seguintes aspectos:

Aspectos para ter en conta:

- Que é o consentimento sexual?
- Que tipo de presións poden ter as mozas e os mozos para manteñen relacións sexuais?
- Que é o consenso sexual?
- Quen as sofre máis, as rapazas ou os rapaces? Por que?
- Sobre quen recae a responsabilidade de empregar métodos anticonceptivos?
- Danse situacións de chantaxe emocional? Por que?
- Quen adoita ter máis precaución con enfermidades e embarazos, as rapazas ou os rapaces? Por que? En que situacións das dramatizadas se producen abusos ou violacións? Como se poderían resolver as situacións dramatizadas?

Material: Ficha da actividade 20: Consentimento e consenso sexual.

Duración: tempo variable, 200 minutos (50 minutos por cada situación a representar).

Fonte: elaboración propia a partir de *Cuaderno de actividades de Secundaria. Guía práctica de coeducación para el profesorado* (2007).

ficha na páxina seguinte -->

Ficha da actividade 23: Consentimento e consenso sexual

Situación 1:

Un grupo de amigas e amigos coaccionan un rapaz para que teña relacións sexuais con penetración, pois todo o mundo as ten. Hai unha rapaza que anda detrás del e non pode deixar pasar a ocasión. Os seus amigos dinlle que os homes sempre deben estar dispostos. Que argumentos credes que daría ese rapaz? E os seus amigos? Que credes que pasaría se o rapaz acepta?

Situación 2:

Dous rapaces deciden ter relacións sexuais con penetración. Un deles é virxe e o outro xa tivo tres experiencias previas, así que lle di ao seu mozo que el non pensa usar preservativo, posto que non pasa nada por ter relacións sexuais sen preservativo unha vez, e moito menos se é a primeira vez do outro rapaz. O rapaz, que é virxe argumenta que lle dá medo contraer unha enfermidade sexual. O seu compañeiro contéstalle dicindo que non é o mesmo, que se sente moito máis sen preservativo, que este resta sensibilidade e que el quere gozar. El ten medo. O seu mozo fórmúlalle que, se non é sen preservativo non terán relacións e que el é o único do grupo de amigos que aínda é virxe. Que credes que fará o rapaz finalmente? Que argumentos dará?

Situación 3:

Un rapaz e unha rapaza saen desde hai un tempo. El fórmúlalle a ela que teñan relacións sexuais con penetración, pero ela di que non, que precisa máis tempo para coñecérense, para estar segura e sentirse preparada. Aínda así, el séguela coaccionando: «Iso é porque non me queres. Es unha puritana. En realidade estás desexándoo, porque cando unha muller di que non, é que quere dicir que si». Ela ao final accede, porque non quere perdelo e quere seguir saíndo con el. Como credes que se sentirá ela? Como credes que se sentirá el? Como pensades que será a súa relación de parella despois? Que mecanismos emprega o rapaz para convencer a rapaza?

Situación 4:

Un grupo de amigos fala das rapazas, do «fáciles» que son, e de como continuamente están provocando os rapaces coas súas insinuacións, miradas, roupa... Un deles conta que o outro día unha rapaza que está catalogada como fácil, posto que saíu con varios rapaces, insinuóuselle e, claro, el non se puido resistir. Comezaron a learse con bicos e demais. Como xa estaba moi excitado, intentou ir máis alá, pero ela díxolle que non de maneira rotunda. O rapaz cóntalles aos seus amigos que, como ela foi a que provocou a situación, el tiña dereito a seguir e chegar ata o final e que entón ela non podía negarse. Ademais, non vai volver para a casa con esa dor nos testículos causada por unha situación de excitación non resolvida. Finalmente, mantiveron a relación sexual con penetración. O rapaz relátao como un auténtico triunfo. Como pensades que foi esa relación? Como se sentiría ela? Como se sentiría el? Que credes que lle dirían os seus amigos? Por que o rapaz se sente orgulloso do acontecido? Como poderíamos denominar o acontecido? Por que se producen relacións deste tipo? Credes que podería acontecer á inversa e que a rapaza fose a que quería e o rapaz o que non? É máis ou menos frecuente que sexa a rapaza a que insista? Por que?

Actividade 24: Violencia de xénero fronte a bo trato

Ciclo: primeiro e segundo ciclo de secundaria (12 a 16 anos).

Obxectivo: Analizar as diferentes formas de violencia de xénero na parella agochadas baixo da aparencia do amor romántico e as pautas clave para unha relación de parella saudable.

Descrición: O profesorado pregúntalle ao alumnado sobre o concepto da violencia de xénero na parella, así como os diferentes tipos e formas de expresión, e vainas anotando a modo de choiva de ideas. Acto seguido, visiónase a película española *Tres metros sobre el cielo* coa intención de identificar esas manifestacións de violencia de xénero na parella, que son comentadas na aula a modo de coloquio (Ficha da actividade 21a: Formas de violencia de xénero na película *Tres metros sobre el cielo* e Ficha da actividade 21b: Cronograma de secuencias da película *Tres metros sobre el cielo*). A continuación, o profesorado pregúntalle ao alumnado

sobre as pautas base que deben darse nunha relación de parella saudable de maneira que constrúan e definan os aspectos que se deben ter en conta. Para isto, o profesorado pode apoiarse na Ficha da actividade 21c: Pautas de bo trato para unha parella saudable.

Fases da actividade:

- Violencia de xénero. O profesorado explícalle ao alumnado o concepto de violencia de xénero, así como as súas diferentes formas de expresión.
- Visionamento da película. O profesorado reproduce diferentes escenas da película española Tres metros sobre el cielo onde se expresan as diferentes actos de violencia de xénero na parella que o alumnado ten que identificar a partir da explicación das formas de violencia de xénero.
- Pautas do bo trato. O profesorado explícalle ao alumnado as pautas do bo trato para unha relación de parella saudable mediante unha choiva de ideas e co apoio da Ficha da actividade 21b: Pautas do bo trato para parellas saudables.

Material: ficha da actividade 24a, 24b e 24c.

Duración: 100 minutos (dúas sesións).

Fonte: elaboración propia.

Fichas da actividade 24: Violencia de xénero fronte a bo trato

Actividade 24a:

Formas de violencia de xénero na película *Tres metros sobre el cielo*

Formas de violencia de xénero	Comportamentos presentes nas secuencias
Illamento	– Non lle gusta que vaías a ningunha parte sen el. – Só quere que saías con el. – Moléstalle que teñas amizades e que saías con elas e eles.
Ameazas	– Non te atreves a dicirle a el como te sentes. – Algunha vez ponse tan nervioso contigo que se descontrola. – Ameázate.

Control	– Intenta saber quen te chama ou mándache mensaxes de WhatsApp ou SMS ao móbil. – Se non quedas con el, esixe unha explicación e non acepta segredos entre os dous. – É el quen decide cando quedar, con quen, onde... – Controla a túa maneira de vestir, de maquillarte, de falar, de comportarte... – Amósase protector e paternal e di: «Eu sei o que é bo para ti». – É celoso. É desconfiado.
Dominio	– Sempre quere ter a última palabra nas decisións e non escoita as túas opinións. – Di o que está ben ou mal na vosa relación: as cousas son como el di. – Sempre quere mandar e toma el as decisións importantes. – Pensa que as mulleres son inferiores e deben obedecer aos homes. – Pensa que a muller ou a noiva debe seguir o marido ou o noivo, aínda que teña que renunciar aos seus proxectos.
Desvalorización	– Cando estades con amizades déixate en ridículo. – Burlase de ti. Avergónzate en público. – Non se fía de ti. – Critica constantemente as túas opinións ou a túa forma de pensar. – Trátate coma se foses menos competente ou valiosa ca el. – Non adoita valorar nin destacar as túas calidades ou os teus acertos. – Encontra defectos en case todo o que fas. – Pensa que as tarefas domésticas son cousas de mulleres.
Abusos sexuais	– Insiste en manter relacións sexuais contigo a pesar de que non che apetece. – Ameázate con buscar outras para conseguir o que ti non aceptas facer ou o que non lle dás. – Acúsate de anticuada e puritana. – Pon en dúbida os teus sentimentos por el. – Chantaxeate para manter relacións sexuais. – Obrígate a manter relacións sexuais.
Chantaxe emocional	– Di que ti es responsable da súa felicidade ou infelicidade. – Ás veces emprega na túa contra segredos que lle contaches confidencialmente. – Fai a vítima para conseguir o que quere.



Actividade 24b:

Cronograma de secuencias da película *Tres metros sobre el cielo*

- 00:00:00 **Violencia física:** Cara ao mozo da nai.
Rabia con violencia: noivo da nai.
Rabia: pai de Hugo. (Motivo: non se dá conta de que a súa muller o está enganando)
Rabia: nai de Hugo. (Motivo: está enganando o seu pai)
Rabia: irmán de Hugo. (Motivo: non se dá conta de que a súa nai está con outro home)
- 00:04:25 **Violencia verbal:** «Fea »;
(Toca a súa man sen coñecela de nada) Hugo-Babi.
Clase só de rapazas
- 00:09:00 **Competitividade** entre rapaces. Mostra dos seus corpos.
- 00:09:50 **Machismo** cara á irmá de Babi.
«Vas tan maquillada que no te había conocido.»
Desprezo cara ás persoas homosexuais («maricas»)
- 00:12:27 **Estereotipos sobre as mulleres**
Contexto: Mozo de Babi (rico) cara a Babi. (Festa)
«Típico de las mujeres». **Débiles.** Consideran os homes que as mulleres lles dan moitas voltas ás cousas.
«Que guapa estas». **Compracela.** Unha vez enfadados, o home intenta reconquistala dicíndolle cousas bonitas.
- 00:14:25 **Violencia verbal.** «Imbécil ».
- 00:15:00 Risas de Pollo cara a Katina. (Menstruación)
Estereotipos: Consideran unha muller que se arranxa, guapa e podente economicamente. (Snob)
- 00:16:00 **Violencia física.** Hugo-mozo rico de Babi.
- 00:16:30 **Violencia.** Forma de coller Hugo a Babi. Tíraa á piscina.
- 00:18:00 **Violencia na estrada.** Arriscan a vida na moto e nos autos, Hugo persegue a Babi. **Obsesión.**
- 00:19:10 **Violencia física.** Hugo pégalle ao mozo rico de Babi e á persoa que intenta conciliarlos.
- 00:20:15 **Machismo. Covardía.** Mozo de Babi déixaa soa na rúa.
- 00:20:38 **Estereotipo.** Consideran a Babi como unha prostituta por estar na rúa.

- 00:25:15 **Obsesión** das mulleres cara aos **homes malos**, confúndeno con amor. (Prototipo de rapaces malos entre adolescentes.)
Ex. Katina-Pollo (A pesar de que lle roubou a paga do mes.)
Ex. Irmá de Katina (Namorada do rapaz malo da vila.)
- 00:28:33 **Illamento** das rapazas das súas **amigas**.
(Paso cara á violencia de xénero)
- 00:29:40 **Medo** (Outro paso máis cara á violencia de xénero)
Non queren dicir o nome de Hugo por medo ás represalias.
- 00:32:33 **Violencia física**. Entre Pollo e Babi.
- 00:33:10 **Coacción**. Hugo obriga a Babi a facer algo que ela non quere coa excusa do amor.
- 00:35:20 **Mulleres=obxectos**. Os rapaces empregan as rapazas como trofeos nas carreiras de motos.
- 00:39:39 **Obriga**. Hugo obriga a Babi a espirse, porque leva a roupa manchada.
- 00:42:00 **Manipulación**. Hugo a Babi, para que non o denuncie.
- 00:43:40 **Machismo**. Hugo está xogando con dúas mulleres.
- 00:44:20 **Manipulación obsesiva**. Xogo de sentimentos.
- 00:46:00 **Desprezo** entre mulleres para conseguir un rapaz.
- 00:47:00 **Cambio de personalidade**. Por parte de Babi, para facerse ver por Hugo.
- 00:49:20 **Mentiras encubridoras**. Babi cara á súa familia, por encubrir a Hugo.
Violencia física. Madre de Babi a Babi.
- 00:50:20 **Obsesión**. Continuas chamadas de Hugo a Babi.
- 00:51:40 **Enganar**. Babi escapa do colexio, enganando o seu pai, a súa nai e o centro educativo, para marchar con Hugo.
- 00:53:33 **Violencia física**. Recordo de Hugo do amante da súa nai.
- 00:56:00 **Machismo**. Xógase en moitos casos coa provocación sexual. Sempre se ensinan os corpos espídos dos actores.
- 01:00:00 **Mentiras encubridoras**.
- 01:01:15 **Integración** mediante **consumo de alcohol**.
- 01:01:53 **Violencia verbal e física**, entre rapazas por un rapaz.
- 01:04:18 **Manipulación**. Hugo incita a Babi a tatuar un H no seu corpo. (Consideración da muller como un obxecto ou animal, marcándoo coma se fose da súa propiedade.)
- 01:06:50 **Violencia verbal-física**. Hugo cara aoirmán.

- 01:08:53 **Obsesión.** Hugo rolda a casa de Babi, unha vez logra entrar nela, incítala a escapar.
- 01:09:50 **Obsesión.** Incumprimento de normas.
- 01:11:50 **Violencia con ameazas.** Ameazas á profesora para aprobar.
- 01:18:19 **Estereotipo.** Considérase que unha nena rica, boa, lista, e agradable non vai a mentir, é virxe, non vai desobedecer.
- 01:21:56 **Necesidade** de que a muller teña que **compracer** o home. Striptease de Babi a Hugo.
- 01:23:35 **Obsesión.** (Insistencia nas chamadas) Hugo a Babi.
- 01:25:08 **Obsesión.** (Insistencia nas chamadas) Hugo a Babi.
- 01:26:09 **Violencia entre rapazas.** (Triunfo, ser o máis guapo)
- 01:27:05 **Violencia. Insistencia. Obsesión.** Hugo a Babi.
- 01:27:56 **Mentiras encubertas.** Babi testifica a favor de Hugo, para que non vaia ao cárcere.
- 01:29:40 **Falsas promesas.** Hugo promete cambiar para que Babi non teña que mentir.
- 01:40:42 **Celos.** Coma se Babi fose un obxecto da propiedade de Hugo. **Violencia física.** Hugo cara ao veciño de Babi.
- 01:43:25 **Violencia física e verbal.** Hugo cara a Babi.
- 01:45:17 **Depresión.** Babi cae nunha depresión por non estar con Hugo.
- 01:49:05 **Obsesión. Vixilancia.** Insistencia nas chamadas, vixilancia das proximidades da súa casa.

Actividade 24c: Pautas de bo trato para unha parella saudable

Conceptos clave do bo trato

Respecto	É a atención ou consideración cara a outra persoa e cara a unha mesma. Frecuentemente debe ir acompañada de coñecemento e aceptación das necesidades e intereses tanto da outra persoa como dos propios.
Liberdade	Principio básico dos dereitos humanos. Capacidade que posúe o ser humano de poder obrar segundo a súa propia vontade ao longo da súa vida e de facerse responsable dos seus propios actos.
Igualdade	Máis alá das diferenzas innegables entre os seres humanos (trazos físicos, capacidade intelectual, clase social, nivel educativo, cor da pel etc.), o recoñecemento común de dereitos e deberes iguálanos como persoas.
Confianza	Opinión favorable con relación á cal unha persoa ou grupo será capaz de pensar e actuar dunha certa maneira nunha determinada situación. É un pilar fundamental para sustentar unha relación de parella equilibrada.
Comunicación	Tradicionalmente, a comunicación definiuse como «o intercambio de sentimentos, opinións ou calquera outro tipo de información mediante a fala, a escritura ou outro tipo de sinais». Establecer vías de comunicación adecuadas, mediante as que se poidan expresar os desexos, sentimentos, emocións, así como a escoita das necesidades, sentimentos e emocións da outra persoa, é un requisito fundamental en calquera relación interpersoal.
Negociación	Os conflitos forman parte natural das relacións interpersoais. Para mellorar as relacións hai que aprender a resolver os conflitos de forma positiva. A saída máis positiva ao conflito é a negociación, entendida como o proceso polo que se chega a unha solución consensuada que satisfaga nalgunha medida a todas as partes implicadas.

Bibliografía

- Calvet Mojón, M. e Cardona Gerada, M. (Proyecto Accord). (2013). *Aprendamos a compartir. Guía de Educación no sexista*. Recuperado de https://diversidad.murciaeduca.es/orientamur/gestion/documentos/guia_educacion_no_sexista.pdf
- Cantera, I., Estébanez, I. e Vázquez, N. (2009): *Violencia contra las mujeres jóvenes: la violencia psicológica en las relaciones de noviazgo*. Bilbao: Servicio de Atención a la Mujer del Módulo Psicosocial de Deusto y San Inazio.
- Cremades, M., Rodes, I., Simón, N. e outros (1987): *Materiales para coeducar. El comentario de textos: aspectos cautivos*. Madrid: Mare Nostrum.
- Díaz- Aguado, M. (2002): *Prevenir la violencia contra las mujeres construyendo la igualdad*. Madrid: Instituto de la Mujer
- Díaz- Aguado, M. J. (2009): Prevenir la violencia de género desde la escuela. En *Revista de Estudios de Juventud*, 86 (pp. 31-47).
- Estébanez, I. (2012): Del amor al control a golpe de click. La violencia de género en las redes sociales. En Estella Lizarra. *Jornada de Sensibilización sobre VG del Cabildo de Lanzarote*.
- Guerra García, M. (2006): Las relaciones entre las niñas y los niños en el ámbito escolar. Propuestas didácticas para fomentar otros modelos. En *Educación y Mujeres II. Materiales de Trabajo. Expert@ en género*, Vol. 4. Sevilla: ArCiBel Editores.
- Hernández Morales, G. (1998): *Prevenir la violencia. Una cuestión de cambio de actitud*. Serie Cuadernos de Educación No Sexista, n.º 7. Madrid: Instituto de la Mujer.
- Instituto de la Mujer e UGT-Federación de Enseñanza de Trabajadores de la Educación (2009): *Educando en igualdad. Guía para el profesorado*. Madrid: Instituto de la Mujer / UGT.
- Instituto de la Mujer (2001): El proyecto *Relaciona*, En *Relaciona: una propuesta ante la violencia*. Serie Cuadernos de Educación No Sexista, 11 (pp. 7-19).
- Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (2015): Plurales: educando en igualdad. *Propuesta metodológica sobre Coeducación*. Recuperado de http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/educacion/programas/docs/2015/PluralesPropuestaMetodologica_ES.pdf
- Lagarde, M. (2000): *Claves feministas para la autoestima de las mujeres*. Madrid: Horas y horas.
- Luzón, J. M. (2011): *Estudio Detecta Andalucía*. Sevilla: Instituto Andaluz de la Mujer.
- Mujeres en Igualdad (2011): *Manual de prevención de la violencia de género y buenas prácticas. Las jóvenes como nuevas víctimas*. Madrid: Instituto de la Mujer y Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

- Ruiz, C. (2016): *Voces tras los datos. Una mirada cualitativa a la violencia de género en adolescentes*. Sevilla: Instituto Andaluz de la Mujer.
- Simón Rodríguez, M. (2010). *La igualdad también se aprende. Cuestión de Coeducación*. Madrid: Narcea Ediciones.
- Subirats, M. e Tomé, M. (1992): *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo*. Barcelona: Institut de Ciències de l'Educació.
- Subirats, M. e Brullet, C. (1988): *La transmisión de los géneros en la Escuela mixta*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- Universidad Internacional de Andalucía. Servicio de Publicaciones. (2015): *Ciberacoso y violencia de género en las redes sociales*. Recuperado de https://dspace.unia.es/bitstream/handle/10334/3528/978-84-7993-281-7_2da.pdf?sequence=3
- Vega Membibre, A. (Concejalía de mujer. Ayuntamiento de Alcalá de Henares). *Cuaderno de Actividades para la Coeducación. Educación Infantil (3 a 6 años)*. Recuperado de http://www.educarenigualdad.org/media/pdf/uploaded/material/312_ana-y-daniel-pdf.pdf
- Walker, L. (1998): *Mujeres Maltratadas*. Nueva York: Harper and Row Publishers.

Recursos

Alboan. ONG educativa con materiais e recursos sobre coeducación.

--> <http://www.educacion.alboan.org/es/categories/1285/materials>

Asociación de Estudios Históricos sobre las Mujeres. Audem é unha asociación que potencia os estudos sobre mulleres e xénero en todos os niveis da docencia e investigación e recompila a través da súa revista anual Raudem recensións, artigos, entrevistas e literatura escrita por mulleres.

--> <http://www.audem.es/>

Asociación de Mujeres Investigadoras e Tecnólogas. AMIT conta cunha base de datos con máis de 1500 mulleres investigadoras en ámbitos da astronomía, ciencia política, ciencias agrarias, química etc.

--> <https://cientificas.amit-es.org/es/buscador>

Asociación de Profesorado de Educación Física de Primaria e Secundaria. Páxina web en que se aborda a preocupación pola educación física e polas actividades físicas non estereotipadas que faciliten as achegas de todas e todos.

--> <http://www.apefadal.es/>

CEAPA (Confederación Española de Asociaciones de Madres y Padres de Alumnos). Inclúe un apartado específico sobre coeducación con proxectos, guías, documentos e recursos varios.

--> <https://www.ceapa.es/search/node/coeducacion>

Coeducación.es. Proxecto da Federación de Mujeres Progresistas que conta con guías e recursos audiovisuais sobre coeducación.

--> <http://www.coeducacion.es/recursos/>

Duoda. Centro de Investigación de Mujeres da Universidade de Barcelona que conta con liñas de investigación sobre a muller na literatura, a muller no teatro ou a muller no cine.

--> <http://www.ub.edu/duoda/>

Edualter. Páxina do Institut de Ciències de la Educació e a Universidade Autònoma de Barcelona, con materiais, películas e publicacións para traballar a coeducación.

--> <http://www.edualter.org/index.htm>

Educar en Igualdad. Proxecto da Fundación Mujeres con recursos educativos para a Igualdade e a prevención da violencia de xénero.

--> <http://www.educarenigualdad.org/herramientas-didacticas/?nivel=&tema=coeducacion>

Educatolerancia. Web de educación, tolerancia e dereitos humanos do Movimiento contra la Intolerancia, con recursos educativos sobre coeducación, linguaxe sexista, mulleres na historia e violencia machista.

--> <http://www.educatolerancia.com/sexismo-recursos-educativos/>

Instituto Andaluz de la Mujer. Portal especializado en coeducación, con recursos, campañas, vídeos e guías didácticas sobre coeducación.

--> <http://www.juntadeandalucia.es/iamindex.php/areas-tematicas/coeducacion>

Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades. Materiais didácticos do Instituto de la Mujer con publicacións sobre coeducación dirixidas ao profesorado, familias e alumnado.

--> <http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/Materiales-Didacticos/MaterialesDidacticos.htm>

Mujeres en la Historia. Páxina web con biografías de mulleres esquecidas pola historia.

--> <https://www.mujiresenlahistoria.com/>

Orientación Andújar. Blog educativo promovido por docentes, con recursos gratuítos e un apartado especial sobre coeducación.

--> <https://www.orientacionandujar.es/?s=coeducacion&submit=Buscar>

Portal da Igualdade. Portal da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, que contén recursos e información sobre coeducación.

--> <https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

Referentes Galegas. A asociación de executivas de Galicia, en colaboración coa Xunta de Galicia, publica un directorio de mulleres referentes e emprendedoras galegas actuais.

--> <http://executivasdeg Galicia.org/referentes-gallegas/>

Secretaría Xeral de Igualdade. A Secretaría Xeral de Igualdade conta con recursos propios sobre coeducación, guías e contos publicados en galego.

--> <https://igualdade.xunta.gal/externos/publdida.htm>

Anexos

Anexo 1: Ficha de actitudes masculinas e femininas estereotipadas

Registre o número	1.ª observ.		2.ª observ.		Total		%	
	Homes Nenos	Mulleres Nenas	Homes Nenos	Mulleres Nenas	Homes Nenos	Mulleres Nenas	Homes Nenos	Mulleres Nenas
Actividade								
Pasividade								
Agresividade								
Tenrura								
Autoridade								
Submisión								
Obediencia								
Valentía								
Medo								
Competitividade								
Solidariedade								
Protección								
Timidez								
Curiosidade								

Fonte: elaboración propia a partir de *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el aula* (1992).

Anexo 2: Ficha de roles masculinos e femininos estereotipados

.....

Rexistre os roles	1.ª observ.	2.ª observ.	Total	%
Roles de homes/nenos				
Roles de mulleres/nenas	1.ª observ.	2.ª observ.	Total	%

.....

Fonte: elaboración propia a partir de Pautas de observación para el análisis del sexismo en el aula (1992).

Anexo 3: Ficha de estereotipos na aula

Registre o número	1.ª observ.		2.ª observ.		Total		%	
	Homes Nenos	Mulleres Nenas	Homes Nenos	Mulleres Nenas	Homes Nenos	Mulleres Nenas	Homes Nenos	Mulleres Nenas
Acción								
Fala								
Actitude colaborativa								
Actitude competitiva								
Uso expansivo do espazo								
Uso restrinxido do espazo								

Fonte: elaboración propia.

Anexo 4: Solucións frases machistas e feministas

- Os homes non choran. **Machista**
- As mulleres e os homes poden facer os mesmos traballos. **Feminista**
- As mulleres precisan a protección dos homes. **Machista**
- Os homes poden expresar os seus sentimentos. **Feminista**
- As mulleres e os homes deben ter os mesmos dereitos e oportunidades. **Feminista**
- As mulleres son máis malas ca os homes. **Machista**
- Os homes non saben coidar as e os bebés nin as persoas maiores. **Machista**

Anexo 5: Solucións identidade sexual, xénero e orientación sexual

Conceptos	Identidade sexual	Identidade de xénero	Orientación sexual
Bisexual			X
Sexo biolóxico	X		
Identidade masculina		X	
Homosexual			X
Intersexual	X		
Identidade andróxina		X	
Asexual			X
Cisxénero	X	X	

Anexo 6: Solucións roles de xénero

Conceptos	Muller	Home
Coidado	X	
Público		X
Produción		X
Traballo fóra do fogar		X
Privado	X	
Afectividade	X	
Recoñecemento social		X
Reprodución	X	

Anexo 7: Ficha de avaliación de actividade para o profesorado

.....

Denominación da actividade:

Obxectivo:

Contido:

Valoración do traballo previo de preparación	Nada	Pouco	Suficiente	Bastante	Moito
Grao de adecuación da actividade ao contido	Nada	Pouco	Suficiente	Bastante	Moito
Duración da actividade	Adecuada			Inadecuada	
Grao de dificultade para a posta en marcha	Moi difícil	Difícil	Normal	Fácil	Moi fácil
Na próxima realización de actividade terei en conta	Contidos: Materiais: Duración: Motivación: Participación: Outras:				

.....

Fonte: elaboración propia a partir de *Cuaderno de actividades de primaria. Guía práctica de coeducación para el profesorado* (2007).

Anexo 8: Ficha de avaliación de actividade para o alumnado

.....

Pareceume interesante a actividade	Si	Non
Reflexionei sobre aspectos nos que nunca reparara	Si	Non
Divertínme facendo esta actividade	Si	Non
Gustaríame participar máis	Si	Non
Aprendín facendo esta actividade	Si	Non

Que aprendín?

Fonte: elaboración propia a partir de *Cuaderno de actividades de primaria. Guía práctica de coeducación para el profesorado* (2007).

Anexo 9: Ficha de diseño de actividade

.....

Denominación da actividade	
Obxectivo	
Contido	
Persoas destinatarias	
Metodoloxía de traballo	
Materiais e recursos	
Lugar de desenvolvemento da actividade	
Temporalización e actuación no calendario	
Instrumentos de avaliación intermedia	

Fonte: elaboración propia a partir de *Propuestas metodológicas plurales. Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades*.

Anexo 10: Ficha de observación do contido no material didáctico

.....

Título do libro/material:

Autora ou autor:

Editorial:

Material:

Curso:

Persoa que observa:

Data de observación:

Páxinas observadas:

Rexistre o número de veces	Texto	%	Total
Personaxes			
Personaxes femininas			
Personaxes masculinos			
Homes con nome propio			
Mulleres con nome propio			
Protagonista muller			
Protagonista home			
Mulleres que inician conversa/acción			
Homes que inician conversa/acción			

Fonte: elaboración propia a partir de *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo* (1992).

Anexo 11: Ficha de observación das imaxes no material didáctico

Título do libro/material:

Autora ou autor:

Editorial:

Material:

Curso:

Persoa que observa:

Data de observación:

Páxinas observadas:

Rexistre o número de veces:	Imaxes	%	Total
Mulleres en tarefas domésticas			
Homes en tarefas domésticas			
Mulleres en actividades intelectuais			
Homes en actividades intelectuais			
Mulleres en postos de responsabilidade			
Homes en postos de responsabilidade			
Mulleres en roles pasivos			
Homes en roles pasivos			
Mulleres en actitudes laborais			
Homes en actitudes laborais			

Fonte: elaboración propia a partir de *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo* (1992).

Anexo 12: Ficha de observación da linguaxe oral na aula

Profesora ou profesor:

Lugar da observación:

Tempo de observación:

Número de nenas:

Número de nenos:

Número total de alumnado:

Métodos de observación:

Centro escolar:

Registre o número	1.ª observ.		2.ª observ.		Total	%
	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos		
Intercambios orais. Frecuencia						
Núm. de palabras dirixidas a						
Observacións						
Atención prestada						
Nivel de exixencia						
Expresións estereotipadas						
Expresións de estímulo						
Amoestacións						
Encomios						
Modelo de conduta						
Pide colaboración						
Dá consellos						
Expresións ridiculizadas						
Usa aumentativos						
Usa diminutivos						
Diferenzas temáticas						

Observacións:

Fonte: elaboración propia a partir de *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo* (1992).

Anexo 13: Ficha de observación de contos sexistas

.....

Indicadores	Si	Non
Maior número de personaxes masculinos ca femininos.		
Asignación de papeis estereotipados ás personaxes femininas e masculinas.		
Asignación diferenciada de actividades por sexo.		
As personaxes femininas son doces, dependentes e sensibles.		
Os personaxes masculinos son agres, independentes e insensibles.		
Asignación de cores estereotipadas por sexo.		
Maior número de ilustracións masculinas que femininas.		
Énfase de características físicas estereotipadas por sexo.		
Asignación de obxectos estereotipados ás personaxes femininas e masculinas.		
Uso da linguaxe sexista.		

.....

Fonte: elaboración propia a partir do estudo de Adela Turín (2006).

Anexo 14: Ficha de observación de xogos e xoguetes coeducativos

Indicadores	Si	Non
Fomentan roles sexuais.		
Zonas de xogo motriz, de acción e de coidado.		
Fomentan o coidado.		
Fomentan a acción.		
Desenvolven capacidades nas nenas e nos nenos.		
Fomentan a violencia.		
Promoven a igualdade nas relacións e o desenvolvemento de afectos.		
Fomentan a cooperación.		
Fomentan a capacidade de pensar e de resolver problemas.		
Fomentan a comunicación e as relacións entre iguais.		
Estimulan a imaxinación e a creatividade.		
Estimulan a curiosidade e o interese por investigar.		

Fonte: elaboración propia a partir da *Guía de xogos e xoguetes para a igualdade* (2009).

Anexo 15: Ficha de observación de patios coeducativos

.....

Indicadores coeducativos	Si	Non
Existen grupos de nenas e nenos que xogan por separado?		
Interveñen os nenos nos xogos das nenas?		
Interveñen as nenas nos xogos dos nenos?		
Quen organiza e dirixe os grupos de xogos?		
Prevalecen os xogos masculinos aínda que o número de alumnas e alumnos sexa proporcionado?		
Tenden as nenas a adoptar actitudes pasivas?		
Tenden os nenos a adoptar actitudes invasoras do espazo?		
O patio da escola está deseñado maioritariamente para os xogos dos nenos?		
Ocupa o fútbol a parte central do patio?		
Ocupan os nenos a parte central do patio?		
Ocupan as nenas os recantos do patio?		

.....

Fonte: elaboración propia a partir de *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo* (1992).

Anexo 16: Ficha de observación de indicadores sexistas na Educación Física

Indicadores sexistas	Si	Non
Dedicar máis reforzos aos rapaces que o demandan máis.		
Dedicar menos reforzos ás rapazas, pois solicítano menos.		
Empregar o masculino xenérico na linguaxe oral e escrita como norma.		
Empregar frases que reproducen estereotipos sobre as rapazas e rapaces: «Os rapaces son máis activos e as rapazas máis pasivas».		
Esperar que os rapaces sexan máis hábiles na Educación Física.		
Non poñer atención nas habilidades das rapazas na Educación Física.		
Empregar os rapaces para as demostracións nas clases.		
Ocupación do espazo central por parte dos rapaces.		
Ocupación das esquinas por parte das rapazas.		
O alumnado agrúpase por sexo.		
Os rapaces escollen o material en mellor estado.		
As actividades extraescolares presentan un carácter androcéntrico.		

Fonte: elaboración propia a partir de *Guía para unha Educación Física no sexista* (1990).

Anexo 17: Ficha de observación de indicadores diferenciais por sexo na orientación persoal, académica e profesional

Indicadores	Si	Non
As alumnas escollen máis as humanidades ca as ciencias.		
Os alumnos escollen máis as ciencias ca as hu- manidades.		
Os alumnos non escollen carreiras consideradas como femininas.		
As alumnas sacan mellores notas ca os alumnos.		
As alumnas son máis conscientes da necesidade de formación e de ter un título para traballar.		
Os alumnos viven con máis despreocupación a formación e acadar unha titulación pero confían máis nas súas posibilidades de éxito.		
As alumnas aceptan mellor a norma, organízanse máis e planifican mellor as tarefas ca os alumnos.		
O índice de fracaso escolar é maior nos rapaces ca nas rapazas.		
Os rapaces atribúen os seus fracasos á mala sorte e á falta de esforzo e o éxito á súa valía.		
As rapazas atribúen o seu fracaso á súa falta de capacidade e o éxito ao azar e á sorte.		
As rapazas amosan máis necesidade de aprobación e afecto ca os rapaces.		
Os rapaces amosan máis interese polo triunfo en si.		

Fonte: elaboración propia a partir de *Orientación personal académica y profesional no sexista* (2007).

Anexo 18: Solucións materiais didácticos coeducativos

O presente material didáctico omite as mulleres nesta parte da historia, polo que habería que levar a cabo unha investigación sobre as mulleres que destacaron no Humanismo e incluílas nun número proporcional ao dos homes. Poderíase incluír, por exemplo, a Dorotea Bucca (primeira muller en ocupar unha cátedra de medicina no século XV) ou a Margaret Roper (primeira tradutora fóra da realeza) para explicar que as mulleres tiñan prohibido ir ás universidades e que houbo precursoras na loita por conseguir este dereito. No tocante ás ilustracións, poderíamos engadir a fotografía dunha destas pensadoras humanistas e debería corrixirse a linguaxe sexista. Unha proposta de solución pode ser a seguinte.

Humanistas / As e os humanistas

Os ideais do Humanismo reflectíronse no pensamento **das persoas eruditas** (Giovanni Pico della Mirandola, **Isotta Nogarola**, Erasmo de Róterdam...) Tamén contribuíron a alcanzar un extraordinario desenvolvemento científico e técnico (Nicolao Copérnico, **Sofonisba Anguissola**, Leonardo Da Vinci, Miguel Servet ou **Dorotea Bucca**).

Humanistas	Achegas á cultura e a ciencia
Leonardo da Vinci (1452-1519) Pintor, inventor, botánico e escritor italiano. Arquetipo do humanista.	Desenvolveu proxectos como o helicóptero, o submarino e o automóbil, que non se chegaron a construír pero sentaron as bases da ciencia moderna.
Sofonisba Anguissola (1535-1625) Pintora italiana. Primeira muller pintora de éxito do Renacemento.	A súa obra tivo enorme influencia nas xeracións de artistas posteriores. O seu retrato da raíña Isabel de Valois cunha pel de marta cibelina foi o retrato máis copiado en España. Entre estes copistas inclúense moitos dos mellores artistas de momento, como Peter Paul Rubens.



Sofonisba Anguissola
Autorretrato (1556)

Erasmus de Rotterdam (1466-1536) Pensador, teólogo e escritor holandés.	Autor de numerosas obras (Eloxio da tolemia, Manual do cabaleiro cristián...). Reflexionou sobre cuestións como a educación e a relixión.
Luisa Sigea (1522-1560) Poetisa española.	Falaba francés, portugués, español e italiano e dominou o latín, o grego o hebreo, o árabe, e o caldeo ou siríaco, e era experta en filosofía, poesía e historia. Da súa obra destaca o pema en latín <i>Syntra</i> , escrito en 1546 e publicado en París en 1566.
Nicolás Copérnico (1473-1543) Astrónomo polaco.	Formulou a teoría heliocéntrica: o Sol está no centro do Universo e a Terra xira ao seu redor.
Isotta Nogarola (1418-1466) Intelectual, escritora e filósofa italiana.	Cultivou os catro xéneros literarios populares no universo humanista do Quattrocento: a epístola, o diálogo, o discurso e a <i>consolatio</i> . Compuxo o tratado humanista <i>Diálogos entre Adán e Eva</i> , que trata a reponsabilidade de Adán no pecado e exime de toda culpa a Eva.
Miguel Servet (1511-1553) Médico e científico español.	Demostrou a existencia da circulación pulmonar do sangue.
Dorotea Bucca (1360-1436) Médica, filósofa e catedrática italiana.	Primeira muller en ocupar unha cátedra de medicina. Exerceuna durante 40 anos na Universidade de Boloña.
André Vesalio (1514-1553) Médico e anatomista belga.	Estudou a anatomía do corpo humano a partir da disección de cadáveres.
Margaret Roper (1505-1544) Escritora e tradutora inglesa.	Primeira muller fóra da realeza que publicou unha tradución. Tradutora de Erasmo, a súa obra supón unha contribución ao debate contemporáneo entre católicos e protestantes.



Retrato de Erasmo
H. Holbein (1523)

Anexo 19: Solucións titulares sexistas en prensa

- A xustiza de Galicia, de novo en folga.
A xustiza galega, de novo en folga.
Os xuíces e as xuízas de Galicia, de novo en folga.
- A limpeza doméstica dana os pulmóns das mulleres e dos homes máis ca fumar un paquete de tabaco ao día.
A limpeza doméstica dana os pulmóns das persoas máis ca fumar un paquete de tabaco ao día.
- Amal Clooney, ameazada de morte.
A avogada Amal Clooney, ameazada de morte.
- Un premio para galegas e galegos exemplares.
Un premio para persoas galegas exemplares.
Un premio para as persoas exemplares de Galicia.
- Por que as e os xaponeses viven tanto?
Por que no Xapón se vive tantos anos?

Anexo 20: Solucións orientación coeducativa

- a. Coméntaslle que o sector da mecánica está masculinizado, que non vai ser fácil para ela estudar e que lle vai custar atopar emprego, porque é un mundo de homes. Aconséllaslle que escoite a súa nai e o seu pai e estude Enfermaría, pois sempre pode seguir fedellando nos coches do taller do seu pai como un pasatempo.

Orientación sexista.

- b. Dislle que debe confiar nas súas posibilidades, preferencias e gustos. Só así estará a gusto coa súa decisión e poderá desenvolverse a nivel persoal e profesional. Recórdaslle que os traballos non teñen xénero e que debe escoller algo que a apaixone, e dáslle o exemplo dalgunha galega que destaque neste ámbito. Recórdaslle que ten que decidir por si e non deixarse influenciar por outras persoas se non lle gusta a profesión de enfermeira. Ofréceste a falar coa súa nai e co seu pai no caso de que decida estudar mecánica e se sigan amosando hostís ante a súa decisión.

Orientación non sexista.

Anexo 21: Ficha de observación de agresións sexuais

Registre o número	1.ª observ.				Total	%
	Nenos a nenos	Nenas a nenos	Nenas a nenos	Nenos a nenos		
Número de agresores/as con tocamientos das zonas erógenas				Nenos a nenos Nenas a nenos Nenos a nenos Nenas a nenos		
Número de agresores/as con actos exhibicionistas				Nenos a nenos Nenas a nenos Nenos a nenos Nenas a nenos		
Número de agresores/as que tiran da roupa				Nenos a nenos Nenas a nenos Nenos a nenos Nenas a nenos		
Número de ameazas de tipo sexual				Nenos a nenos Nenas a nenos Nenos a nenos Nenas a nenos		
Outras agresións sexuais				Nenos a nenos Nenas a nenos Nenos a nenos Nenas a nenos		

Fonte: elaboración propia a partir de *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el aula* (1992).

Anexo 22: Ficha de observación de masculinidade tradicional

.....

Rexistre o número	1ª observ.	2ª observ.	Total de rapaces na aula	% Total dos rapaces da aula
	Número	Número		
Miden a súa virilidade pola agresividade.				
Demostran o seu poder pola forza.				
Ocultan as súas emocións.				
Carecen de ferramentas para xestionar as súas emocións.				
Posúen escasas habilidades sociais.				
Intimidan as rapazas da clase.				

.....

Fonte: elaboración propia.

Anexo 23: Ficha de observación de síntomas de baixa autoestima nas rapazas

.....

Rexistre o número	1.ª observ.	2.ª observ.	Total de rapazas na aula	% Total das rapazas da aula
	Número	Número		
Hipersensibilidade ás críticas das demais persoas.				
Perfeccionismo e esixencia excesiva con elas mesmas.				
Indecisión crónica.				
Negativismo xeneralizado.				
Sentimentos de impotencia.				
Non lles sabe dicir que non ás demais persoas.				

.....

Fonte: elaboración propia.

Anexo 24: Ficha de observación de síntomas de detección da violencia de xénero na parella

Indicadores	Si	Non
Amosa confusión ou indecisión con respecto á parella.		
Sentimentos de soidade.		
Amosa medo ante calquera situación anómala.		
Escaso ou nulo control emocional ante situacións de estrés.		
Hematomas, feridas, raspaduras ou rotura de ósos.		
Emprega roupa non acorde coa época do ano para enmascarar hematomas.		
Cambios do estado de ánimo.		
Baixa autoestima.		
Problemas de sono.		
Nerviosismo.		
Dores de cabeza periódicos.		
Problemas de concentración.		
Consumo abusivo de alcohol e drogas.		
Revisa continuamente para ver se lle escribiu a súa parella e amosa ansiedade por contestar inmediatamente.		
Íllase das amizades ou familiares.		
Non exterioriza preocupacións ou problemas.		
Baixo rendemento académico ou laboral.		
Abandono dos estudos ou traballo.		

Fonte: elaboración propia.

Anexo 25: Solucións modelos de masculinidades

- A) Tradicional
- B) Igualitario
- C) Igualitaria
- D) Tradicional
- E) Tradicional
- F) Igualitaria
- G) Tradicional

Anexo 26: Solucións autoestima baixa

Conceptos	Si	Non
Perfeccionismo	X	
Seguridade		X
Indecisión crónica	X	
Autosuficiencia		X
Irascibilidade	X	
Eficiencia		X
Desexo de compracer as persoas	X	
Pesimismo	X	

Anexo 27: Solucións violencia de xénero na parella

Que personaxes aparecen na escena (muller, home, nena, neno...)?

Unha muller e un home.

Que relación existe entre os personaxes?

Son parella. Relación matrimonial.

Onde se produce a escena?

No fogar que ambas as persoas comparten.

Prodúcese algún maltrato?

Si.

Se hai maltrato, de quen a quen se exerce?

Do home á muller.

Hai maltrato físico (golpes, arrancar a roupa...)?

Si. Arranca a roupa.

Hai maltrato psicolóxico (insultos, desprezo, humillacións...)?

Si. Humilla e descualifica o seu traballo porque ridiculiza un dos libros de arte, arráncalle as follas e tírao ao chan. A humillación continúa ao deixala espida e pechada no balcón da súa casa para que todo o mundo a poida ver.

Hai maltrato económico (gasta o diñeiro familiar, revisa o moedeiro e a carteira, descualifica a muller como administradora do fogar...)?

Non está explícito nesta escena en concreto.

Que fase do ciclo da violencia de xénero se reproduce nesta escena?

Márcao cun círculo.

- **Fase 1:** Acumulación ou tensión
- **Fase 2:** Agresión ou explosión
- **Fase 3:** Reconciliación ou lúa de mel

Explica/describe por que se produce esa fase do ciclo da violencia de xénero. Amósase violencia psicolóxica e física explícita que trata de xustificar, posto que a culpa de ser unha exhibicionista a quen lle gusta que o resto da xente a mire e a desexe a través do seu traballo.

Notas

Handwriting practice lines consisting of 20 horizontal dotted lines.

